

— LOIS TOBÍO —

DOUS EMBAIXADORES:
DIGBY E GONDOMAR

DOUS EMBAIXADORES:
DIGBY E GONDOMAR

DOUS EMBAIXADORES:
DIGBY E GONDOMAR

(IEM) Instituto de Estudos Miñoranos
Apartado 30, 36380, Gondomar
direccion@minhor.org
www.minhor.org

© do texto, herdeiros de Lois Tobío
© da tradución, María Xosé González Chamorro
© da presente edición, Instituto de Estudos Miñoranos

Edicións do Cumio, S.A.
Estrada de Vigo, km. 128 - 36140 Vilaboa

Depósito Legal: VG-1187-2005
I.S.B.N.: 84-8289-342-4
cumio@cumio.com
www.cumio.com

Limiar

O Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) leva algún tempo achegando a figura de don Diego Sarmiento de Acuña aos veciños e veciñas de Gondomar e do Val Miñor; organizando cursos, conferencias, mesas redondas e incluso algún que outro opúsculo sobre a súa figura. Nesta ocasión asumen a responsabilidade de publicar o último traballo de don Lois Tobío, insigne historiador, diplomático e investigador da vida e obra do primeiro Conde de Gondomar. E neste compromiso, conta, coma sempre, co apoio do Concello de Gondomar a través da concellería de Cultura.

O período no que se centra a publicación (primeiro tercio do século XVII) ten lugar nun contexto español e europeo plural, cunhas complexas relacións diplomáticas entre España e o resto de potencias europeas, mesmo cos países da área mediterránea. Etapa de controversias relixiosas, e difíciles equilibrios políticos, sobre todo, polas confrontacións entre calvinistas e católicos pola cuestión do palatinado entre o emperador Fernando (aliado de España) e mailo electo Federico, (xenro do rei de Inglaterra). A isto hai que engadir a situación de Holanda, o trato das autoridades inglesas aos católicos, e, como non, as disputas matrimoniais entre as coroas europeas, en particular as negociacións para lograr unha voda de conveniencia entre Carlos, o príncipe de Gales, fillo do rei Xacobe I e da infanta dona María, irmá do rei Filipe IV. É aquí, nos movementos diplomáticos do “negocio principal” onde adquire un protagonismo especial a relación entre don Diego Sarmiento, embaixador da España católica en Londres, e John Digby embaixador da Inglaterra anglicana en Madrid. E é que, tanto o Conde de Gondomar como o Conde de Bristol van xogar un papel fundamental postulándose, xa dende o principio, a favor dunha alianza anglo-hispana, vía matrimonio, en detrimento de Francia, o que, de producirse, provocaría un desequilibrio no status quo europeo e un motivo de inquietude nas chancelerías dos países veciños. Así, ambos diplomáticos, malia a defender cada un os intereses dos seus correspondentes países, sempre buscaron nos seus encontros, tertulias ou correspondencia epistolar, razóns para descubrir puntos en común mesmo no terreo persoal, e por suposto que os tiñan.

D. Diego era un dos políticos máis cultivados da España dos Austrias, pasaba por ser un destacado humanista, mecenas, bibliófilo, estudoso da historia de España e amigo de escritores como Frei Prudencio de Sandoval. Pola súa parte **John Digby** era un

bon coñecedor da corte, admirador da obra de Rubens, lector do Quixote e protector de James Mabbe, secretario da embaixada e tradutor ao inglés de *La Celestina* ou *El Pícaro Guzmán de Alfarache*, entre outros.

Malia a súa preparación e aos seus bos oficios, os políticos fracasaron no seu cometido, e esta alianza matrimonial entre as coroas de España e Inglaterra nunca chegou a pactarse. A oposición do parlamento británico unida á intransixencia do Vaticano e do Conde Duque de Olivares, frustraron o proxecto.

Este libro, que vén a clarificar aspectos da historia das relacións internacionais entre España e Inglaterra a principios do século XVII, enriquece o servizo de publicacións do IEM e marca un antes e un despois na curta, anque fructífera colaboración editorial que a mencionada institución e a Concellería de Cultura manteñen, dende hai anos, para divulgar a historia e a cultura do noso concello.

Damoslle as grazas ao IEM por este reto e a Constanza Tobío pola súa confianza. Estamos convencidos de que esta obra será moi ben recibida por estudiosos e especialistas, así como por aquelas persoas interesadas en ampliar e profundizar no coñecemento do noso máis ilustre antepasado: don Diego Sarmiento de Acuña, primeiro Conde de Gondomar.

José Luis Mosquera Veleiro
Alcalde accidental
Concelleiro de Cultura

Nota de tradución

Toda tradución é traballo complexo. *Traduttore, traditore*, di a máxima italiana, ás veces non facendo xustiza ao arduo labor de traducir dunha lingua a outra. Cervantes tamén se pronunciaba en relación ao tema, dicía que un idioma traducido é coma un tapiz do revés, vénselle os nós e a trama. Hai que andar, pois, con pés de la cando se traduce, sen que no teu ánimo estea a idea da traizón ou da falsificación, intentar desmentir o aforismo por medio do respecto, respecto e coñecemento, por suposto, dos dous idiomas, dúas virtudes que, por outra parte, definen moi ben ao autor deste ensaio que tamén era tradutor, por iso a miña consideración por esta obra aínda é maior.

Lois Tobío, sen ningunha dúbida, é un mestre indiscutible da tradución, cunha sabedoría lingüística e literaria que xa lle viña de vello. Lembremos que no ano 1949 gaña en colaboración de R. Plácido Castro e F. Delgado Gurriarán un concurso de tradución en Bos Aires sobre poesía inglesa e francesa que recentemente se acaba de recuperar. E logo están as súas traducións do alemán; el foi quen verteu para o galego o *Fausto* de Goethe, os *Sonetos a Orfeu* de Rilke e a *Nai coraxe* de Bertold Brecht. En todas elas L. Tobío desmente de sobra a máxima inicial. Tobío non é un *traditore* senón un *creatore*, un experimentado tecelán que tece os seus tapices igualmente fermosos tanto do dereito como do revés. E faino así polo respecto, pola consideración que lle merece a súa lingua, porque entende a tradución ao galego como un potencial que permitirá a Galiza ocupar un espazo de seu na literatura global. Lois Tobío, como tradutor, tamén quixo, como o conde de Gondomar, exercer de galego no mundo.

Velaí a súa atracción por D. Diego Sarmiento de Acuña a quen se entregou durante as mañás de moitos sábados da súa vida na Biblioteca Real e noutros arquivos, mediante a lectura, a interpretación e o estudo da copiosa correspondencia do conde e doutros persoeiros relacionados con el e coa política europea do XVII e que fixeron del un dos seus biógrafos con máis autoridade. Así xurdiron as publicacións, *Gondomar y su triunfo sobre Raleigh*, de 1974, *Gondomar y los católicos ingleses*, de 1987 ou diferentes artigos, tamén desta época, *O erasmismo de Gondomar*, *O nomeamento de Gondomar como embajador en Londres*, *A amizade de Bacon e Gondomar*, *Gondomar e o galego*, *Outras dúas cartas en galego a Gondomar*, estes dous últimos centrados na aparición do galego na súa correspondencia.

Producto desta empatía que sente Tobío por D. Diego Sarmiento é esta obra, *Dos embajadores: Digby y Gondomar*, un traballo inédito, en castelán, redactado nunha prosa densa, compacta, inzada de datos de grande interese histórico para os especialistas do conde e da época e cun estilo literario fiel ao resto da súa obra, cun dominio exquisito do vocabulario na súa variedade de rexistros e un uso correctísimo da lingua. Este orixinal, mecanografado, presenta mesmo anotacións manuais coa donairoza caligrafía do propio Tobío que lle dan mesmo unha fasquía de bosquexo e está centrado nas relacións persoais e profesionais de John Digby, embaixador de Inglaterra en Madrid e o conde de Gondomar, embaixador de España en Londres. Boa parte del está artellado en función das abondosas citas que o autor intercala no desenvolvemento do tema a tratar en cada un dos diferentes capítulos. A maioría non son citas orixinais, senón traducións ou paráfrases ex profeso feitas por Tobío. Esa é a razón pola que se verteu todo o texto ao galego, ademais, e dado que son moitas, e algunhas longuísmas, mantense unha unidade lingüística e non se converte nun texto bilingüe castelán galego.

Extraemos unha delas para concluír, a que lle escribe o conde de regreso da súa segunda embaixada a don Baltasar de Zúñiga, “antes de poñer pé” en Baiona, aínda canso da viaxe, pero confortado pola súa chegada a casa “o consolo que me deu sentirme nesta terra non sei como describirllo pois non hai xardíns nin florestas de Inglaterra como os carballos e castiñeiros de Gondomar”.

María Xosé González Chamorro

1. O nacemento dunha amizade.

Cando don Diego Sarmiento de Acuña, señor, e máis tarde, conde de Gondomar, foi nomeado embaixador ordinario de España en Londres, en agosto de 1612, tivo que poñerse en contacto, loxicamente, con aquel que o era de Inglaterra en Madrid, John Digby, a quen ata entón non coñecera. “A primeira ocasión de coñecer a V^a S^a”, escribíralle este máis adiante, “foi cando a V^a S^a é nomeado embaixador de Inglaterra”; e engadía: “mais de querelo non”.

Iso acontecerá con posterioridade, cando se trataron e chegaron a simpatizar por certas afeccións comúns, afinidades de carácter e mutua estima, que desembocarán nunha amizade nobre e sincera só matizada ou minguada polos distintos e ás veces contrapostos papeis que ambos desempeñaban. “Ter coñecido a V^a S^a”, seguía dicindo Digby, “por home de tanto ben e cabaleiro tan honrado, para min o título máis sobranceiro e lúcido que pode ter calquera home, foi causa de considerarme tan de veras o seu amigo”¹.

Seica Gondomar o invitou á tertulia que tiña na súa casa da rúa de Atocha onde se reunía, no *corredorcillo de la jaula*, con varios amigos distinguidos e cultos que se compracían da amenidade, a ocorrencia e o sabedoría do anfitrión. Cando estaban xuntos –escribíralle Gondomar anos despois– esquecían os oficios e parecíanlles curtas as horas, “a min polo menos”. “Todo o que deixou a V^a S^a aquí en Madrid”, dicíalle Digby cando don Diego marchou para Inglaterra, “pouco é para min comparado co que levou a V^a S^a porque máis gusto e máis contento tiven coa boa conversa da V^a S^a que con todo o demais”². Neses coloquios, tocábanse, sen ningunha dúbida, toda clase de temas, tanto políticos como culturais. Algún tempo despois, atopándose ambos en Inglaterra, Gondomar chamaralle a atención ao seu amigo sobre o Quixote, recén aparecida a segunda parte; “do gozo”, escribíalle o inglés, “que lle deu a lectura de don Quixote a V^a S^a, moito me satisface ver que é gracioso de máis o seu autor”³.

2. Digby, embaixador en Madrid.

Digby, nado en 1580, era trece anos máis novo có noso don Diego. Pertencía a unha distinguida familia e en 1605 fora enviado para comunicarlle ao seu rei a nova de que se frustrara o secuestro que intentaran contra a súa filla Isabel os da Conxuración da Pólvora. Xacobe tomoulle simpatía, nomeouno xentilhome da súa cámara e un dos seus trinchadores e fíxoo cabaleiro.

Casou logo cunha aristocrática viúva, Beatriz Walcot, e en 1611 era enviado como embaixador ordinario a Madrid⁴, pechando así a paréntese que se abriera coa retirada de Charles Cornwallis en 1609. Cómpre saber ao respecto que, de alí a pouco da gozosa celebración das paces de 1604, o rei Xacobe fora gradualmente arrefriándose na súa amizade con España ata chegar á aludida retirada. A esta actitude contribuíran varios factores pero, sen dúbida, o principal foi o desexo de non perder o prestixio no bando protestante, do que se consideraba a súa cabeza, e mostrar así que as súas relacións con España non eran moi estreitas⁵.

Resultaba, desde logo, un tanto paradoxal, dado o ambiente da época, que o protestante Xacobe tratase de manter lazos cordiais co monarca que se erguía como campión da causa católica. Aínda que non menos sorprendente era que este tamén buscase e aceptase esa amizade –que tanto censuraban algúns teólogos, como o patriarca Xoán de Ribera–⁶ quizais aínda con máis empeño. A delegación española que foi a Londres a negociar as paces de 1604 mostrara un entusiasmo non disimulado por concluílas a pé ou a cabalo. E por iso dirá Gondomar que os ingleses crían “que poden facer o que lles peta e que pola nosa parte se lles aturará todo antes de chegar a unha ruptura”⁷. Cando o rei de Inglaterra retirou ao seu embaixador en Madrid, o goberno español non procedeu a retirar, como debera, ao que tiña en Londres, don Pedro de Zúñiga, senón que o mantivo. Polo demais, Xacobe tampouco enviara a España ningunha embaixada extraordinaria nos casos nos que era obrigado, segundo o costume, e España a Londres si.

Máis adiante, cando, en 1612, volva Zúñiga, agora en embaixada extraordinaria, a dar conta á corte inglesa dos casamentos hispano-franceses, diráselle nas instrucións que “se tivédes ocasión para poder darlles a entender que de alá non corresponderon como era xusto ao non teren enviado embaixador extraordinario acá, cos motivos que houbo, tendo ido de aquí o marqués de San Xermán e que agora ides vós, farédelo, dicíndolles a franqueza con que acá se procede”⁸.

Tamén Gondomar llo botará en cara a Xacobe, xa que na entrevista que mantivo con el en outubro de 1613, “dicíndome... este rei o moito que el procurara e desexara a amizade do rei, noso señor,... díxenlle que... mostrárallo pouco, pois nin visitas, nin condolencias, nin parabéns, nin esoutras cousas coas que os reis e todos os homes se cumprimentan, el non as fixera, sendo como era o rei, meu señor, tan puntual nisto”⁹.

Nas indicacións que Salisbury lle deu a Digby cando veu como embaixador, sinalábaselle que debía vixiar os “movementos” de España cara aos outros príncipes aínda que sempre buscando as oportunidades de *mutual amitié* entre os dous monarcas¹⁰. O primeiro parecería revelar que o Gran Secretario temía un achegamento de España a Francia se é que non tiña xa algunha nova dos tratos para as vodas hispano-francesas. Digby levaba o encargo de propoñer xa formalmente negociacións para o casamento do príncipe de Gales, Henrique, coa infanta Ana. Este proxecto suscitárase en ocasión dos acordos para a paz de 1604, ao parecer por iniciativa dos ingleses. Don Alonso de Velasco, enviado en 1610 como embaixador ordinario a Inglaterra en substitución de don Pedro de Zúñiga, levaba ordes no sentido de que se lle volvían a falar desa voda –como sen dúbida lle faláron– aceptase, nun principio, sempre que o punto da relixión –que o Príncipe se fixese católico, nada

menos— quedase salvagardado. A corte inglesa, con todo, non tomou ningunha decisión de momento e só máis tarde, pasado un ano, resolveu enviar a Digby a Madrid para concretar o asunto e formular xa unha petición formal.

Digby instalouse nunha magnífica casa en Madrid, con xardín e outras comodidades. Entre os ingleses que acudían a ela de cotío, figuraba Gilles Porter¹¹, que seguía en España un preito interminable, e o embaixador, estimando que a súa experiencia nas cousas do país, podía serlle de utilidade, levouno a vivir consigo¹². Polo demais, non deixaba de ter relacións con algúns católicos ingleses residentes en España, unhas veces tensas e outras sospeitosas, como co P. Creswell e con Richard Berry, dos que logo falaremos.

Cando, nada máis chegar, se puxo Digby en contacto coa corte española e presentou o asunto da voda, atopouse con que os franceses xa se lle adiantaran. En entrevista mantida no Escorial con Filipe III, este díxolle que andaba noutras pláticas e que, ademais, había antes que saber qué faría o Príncipe en materia de relixión¹³. E ao preguntarlle logo o embaixador a Lerma con quen se levaban eses tratos, o valido contestoulle que era fácil adiviñalo aínda que non podía declaralo explicitamente.

A nova era moi desagradable, supuña un erro nos servizos de información ingleses e tamén, en certo modo, unha aldraxe. A corte inglesa sentiuse ofendida malia que, en realidade, non tiña motivo para iso, se Velasco fixera certas insinuacións ao respecto un ano antes, non reaccionara coa debida presteza. Xacobe, de todos os xeitos, estaba alporizado e Madrid temía que puidese perigar a amizade hispano-inglesa. Por esa razón, Velasco ofreculle agora como fórmula substitutiva un eventual matrimonio coa infanta María. Non obstante, o monarca inglés rexeitouna enrabechado dicindo que era aínda unha nena¹⁴.

O 30 de outubro de 1611 morría a raíña Margarida e Filipe III, ao quedar viúvo, pensou que se cadra talvez puidese resolverse o interdito suxeríndolle a Londres o seu propio casamento coa princesa Isabel, a filla de Xacobe. Non hai dúbida que Digby tivo noticia deste intento ou pensamento que circulou pola corte de Madrid e aínda fóra dela¹⁵ e que llo comunicou ao seu rei. Polo demais, Velasco faría en Londres as conseguíntes insinuacións, pero sen maior resultado.

Doutra parte, o desagrado que produciu en Londres a noticia das vodas hispano-francesas —Luís XIII con Ana de Austria, filla de Filipe III, e o príncipe Filipe con Isabel de Borbón— foi mingando desde que o secretario Cecil tivo cumprida información do tema e xulgou que non significaban maior perigo para Inglaterra. En tal sentido, deu instrucións a Digby para que lle asegurase a Madrid que o tratado hispano-inglés non ía sufrir por iso¹⁶.

O goberno español, con todo, seguía un tanto alarmado e, para ter máis garantía e despexar calquera equívoco, decidiu enviar de novo a Londres, agora como embaixador extraordinario, a don Pedro de Zúñiga, que saíu de Madrid o 2 de xuño de 1612. A súa misión era a de xustificar outra vez ante Xacobe a conduta do rei de España xa “que por ter tardado a súa embaixada e estar eu entretido noutra parte nestas lerias de casamentos, non se podía facer como alí o pedían, pero que eu tiña outras fillas que estimaba e quería moito”; que xa lles dixera Velasco “que non falaran deste particular ata a chegada deste embaixador e que non tiñan razón de queixarse de min se eu estaba enredado noutra parte”.

Zúñiga debía dar todo tipo de explicacións sobre o sentido e alcance das vodas con Francia, minimizando a súa importancia –as noivas renunciaban a todo dereito ao trono dos seus homes–; pero, ademais, trataría de reiniciar ou reavivar o proxecto de casar ao príncipe Henrique coa infanta María que antes Xacobe descartara. Doutra banda, aínda que con carácter moi reservado e verbalmente, levaba o encargo de sondar, se encontraba ocasión apropiada, as posibilidades do casamento de Filipe III coa princesa Isabel. Pero Zúñiga soubo que Xacobe esperaba que lle fixese esta proposta para ter o gusto de rexeitala fachendosamente e o embaixador, botando o pé por diante, non a presentou e esta frustración aumentou a cólera do rei¹⁷.

Á parte do tema matrimonial, Digby levaba tamén como obxectivo importante da súa misión conseguir que se resolvesen dun xeito favorable as reclamacións dos comerciantes ingleses que subministraran abastecementos ás tropas españolas de Flandres, principalmente, xa que os seus cobros demorábanse sen termo¹⁸. Así mesmo houbo de intervir nas rivalidades e pugnans que entre os comerciantes ingleses, católicos e protestantes, se suscitaban en Andalucía. Estas liortas, orixinadas coa chegada, despois das paces, de mercadores ingleses protestantes que se atoparon alí con compatriotas católicos, acadaron xustamente cara 1611 o seu punto de maior virulencia, sobre todo no tocante aos seus respectivos dereitos para ser nomeados cónsules do seu país. Digby sostivo con empeño o nomeamento de Francis Cottington –que fora axente inglés en Madrid mentres faltou o embaixador, isto é, de 1609 a 1611– para o posto de cónsul en Sevilla, pero os comerciantes ingleses católicos da cidade protestaron enerxicamente e, tras unha longa disputa, Cottington houbo de regresar a Inglaterra sen ter logrado o seu propósito¹⁹.

Outro asunto co que houbo de enfrontarse Digby daquela foi o da fundación dun colexio inglés en Madrid en virtude do legado que para iso deixara certo médico florentino da corte, Cesare Bogacio. Aínda que o legado estaba *sub judice*, o P. Creswell decidiu abrillo sen agardar máis tempo e isto suscitou unha gran tensión entre o xesuíta e Digby, que o goberno español tratou de alixeirar desautorizando a Creswell. O curioso é que este, por outra parte, mantiña, como xa dixemos, contactos secretos co embaixador, que encheron de sospeitas aos españois. Nesta polémica, que durou algúns anos, houbo de intervir tamén Gondomar censurando abertamente o proceder de Creswell.

3. Gondomar, embaixador en Londres.

A comezos de 1612 tivo Digby varias entrevistas con Lerma e delas deduciuse que o novo embaixador que se enviaría a Inglaterra –aínda non designado– *should be in no way* segundo lle escribía ao seu rei *to give Your Majestie discontent but that leaving to each king to do that wich they thought fitt in their owne dominions there should be an exact care had of performing punctually the articles of the peace*²⁰. Pero meses máis tarde, despois de ter sido Gondomar nomeado para a embaixada de Inglaterra, o 11 de setembro de 1612, Digby diciálle ao seu goberno que o novo embaixador seguiría a mesma liña que os seus antecesores en canto a *intelligence and dependency of our English papists to the king of Spaine* e

que supuña que se lle daría unha grande cantidade de diñeiro para reavivar e restablecer as canles de información dispoñibles²¹. Apréciase aquí unha actitude de desconfianza cara ao recién designado, xa coñecido por el, aínda que non nos debe estrañar dadas as circunstancias das relacións hispano-inglesas e o propio carácter que a institución do embaixador tiña²². De todos os xeitos, pode que, ao coñecelo mellor, precisara máis o seu xuízo e de aí as gabanzas que transcribimos ao principio.

Pola súa parte, Gondomar procurará esvaeecer esa sospeita ao dicirlle máis adiante, xa desde Londres, “coa franqueza e amizade que profesamos”, que se se coñecesen ben as súas intencións e desexos, “deixaríase ver claramente que teño pouco de embaixador en querer saber nin descubrir cousas que non se saiban e que poidan saberse na praza, son home de ben e o que desexo e procuro é estreitar... unha... verdadeira paz entre estas dúas coroas”. “Eu, señor”, engadía, “non veño aquí a ser espía nin o fun nunca nin feito malos oficios”. Todo isto, por suposto, había que entendela con reservas pois un embaixador non podía desatender o importante labor de información, imprescindible para as decisións do seu goberno. Aínda que lle aseguraba a Digby que tiña pouco de embaixador, non era verdade; o seu paisano e colega don Baltasar de Zúñiga diralle algunha vez que pensaba que diso tiña toneladas. E o inglés, experimentado e arteiro, non podía chamarse a engano²³.

Gondomar fora nomeado embaixador en Inglaterra en xuño de 1612 –a provisión e as instrucións foron asinadas algo máis tarde, o 21 de agosto do mesmo ano²⁴–, pero os gobernantes de Madrid mudaron logo de parecer e cara outubro dispúxose que non fose á embaixada e ocupase o cargo de asistente de Sevilla²⁵. Se cadra non lle desagradase moito o cambio. Pero a quen si parece que amolou bastante foi a Digby; tivera tempo abondo para coñecelo e xulgaba que, pola súa preparación e carácter era a persoa axeitada para levar por bo camiño as relacións hispano-inglesas en Londres. O 17 de outubro foi visitalo á súa casa de Madrid pero atopouse con que marchara a Valladolid²⁶ e escribiulle daquela unha carta. “Estou moi doído”, dicíalle nela, “de non lle ter bicado a V^a S^a as mans antes da súa partida mais o mal tempo que había non mo permitía. Onte fun á casa da V^a S^a e xa non estaba. Por isto desexei, xunto coa miña desculpa, presentarlle a V^a S^a o servizo do seu máis leal amigo e servidor que por tal me ha de ter a V^a S^a e como tal, mandarme en todo o que se lle ofrecese”. E remataba dicíndolle “que en calquera parte que don Diego Sarmiento de Acuña se atope, sexa en Sevilla, en Inglaterra ou nas Indias, sempre estarei presto para querelo e servilo”²⁷. Nestas agarimosas, extremadas manifestacións, cremos que hai algo máis que simple cortesía barroca.

Pero o de Sevilla non chegou a materializarse así que volveu sobre o tapete o de Inglaterra. Así é todo, seica lle deron a escoller entre ambos postos e que el optou polo de embaixador. Producíranse en Londres, entremetres, dous feitos de importancia que podían traer mudanzas: a morte de Robert Cecil, Salisbury, o Gran Secretario, en maio, e a do príncipe Henrique en novembro. “Engadíronse aquí novidades”, escribiulle Gondomar a Osuna, “coa morte do Príncipe e outras cousas e voltou a S. M. a considerar que eu volvese aquí”²⁸.

A fins de xaneiro de 1613 era xa cousa decidida. A nova foi moi grata para Digby que non tardou en ir visitalo. “O embaixador de Inglaterra”, escribiulle don Diego a Calde-

rón, “veume ver de segundas nupcias, di que contentísimo de que vaia a Inglaterra”²⁹. Ademais, enviou á corte de Londres cartas nas que valoraba moitísimo a Gondomar, o que logo lle facilitará dar os seus primeiros pasos nela. Desde Londres escribirallo o noso embaixador “que aquí atopei nas súas Maxestades e noutras persoas, os moitos males que don Xoán Digby dixo de don Diego Sarmiento e ben se viu na acollida e favor que estes serenísimos reis me fixeron”³⁰. A Lerma haberá de informalo de que, segundo alí se enterara, Digby escribirallo ao seu rei e a outros “que son home de ben e fidalgo de Castela”; e ao seu parente don Xoán de Acuña, marqués do Valle, presidente de Castela, diralle: “Non pode a V^a S^a crer o que escribiu a este rei e a moitos de min de que son home de ben e fidalgo en Castela”³¹.

Pola súa parte, os católicos ingleses residentes en España, e concretamente o seu preboste, o P. Creswell, dábanse présa por xestionar a inclusión no séquito de don Diego a un deles para que o “aconsellara “nos asuntos que lles concernían. Fixeron para isto certas xestións ás que o noso embaixador se opuxo tallantemente. O candidato, Richard Berry, ademais, tiña sospeitosas vinculacións co embaixador inglés, na casa de quen residiu algún tempo e con quen celebraba entrevistas, logo negadas ante Gondomar; xa que, aínda que católico, disque era tamén un bo inglés e que, nos problemas estritamente políticos, puidera inclinarse máis ben en favor dos intereses do seu rei.

Gondomar saíu de Madrid na súa viaxe a Inglaterra o 11 de maio. Desde Vilacastín escribiulle a Digby avisándoo da chegada e este pobo. O 19 o inglés enviáballe desde Madrid unha carta autógrafa na que lle dicía: “Terme escrito a V^a S^a de Inglaterra non me podía proporcionar maior agrado que de saber a nova que me manda desde Vilacastín e é que chegou alá ben”. Informáballe de que tanto el coma a súa muller, dona Beatriz, atopábanse con saúde e que estaba preocupado polos imprevistos ocasionais da longa viaxe. Tamén lle anunciaba que dentro de poucos días pasaría por Valladolid, camiño de Inglaterra, Richard Berry, quen lle levaría cartas súas para os gobernadores dos portos ingleses onde puidesen desembarcar. Lamentaba, no persoal, a súa ausencia e dicíalle que botaría moito de menos a súa boa conversa. Remataba indicando que faría xestións co seu goberno “para ir servilo a Londres e, entremetres, non faltarei de servir a V^a S^a aquí en todo o que se lle ofrecese. Garde Deus, noso Señor, a V^a S^a como desexa o seu fiel amigo e servidor... Don Xoán Digby”³².

Once días despois volvía a escribirlle, tamén desde Madrid. Dicíalle daquela que supuña que chegaría antes ca el a Inglaterra, Francis Cottington, que fora secretario da embaixada de Inglaterra en Madrid, e que, segundo as súas novas, o rei Xacobe partiría axiña de Londres para o seu “progreso” e a raíña “para o lugar dos baños onde botará a maior parte deste verán”. Que se desembarcaba en Plymouth, podería cruzarse co itinerario do rei e, aproveitando a ocasión, ter a primeira audiencia. Como se pode ver, íalle dando informacións para que puidese manexarse na corte con máis facilidade a súa chegada. E en posdata autógrafa, engadía: “O que máis padece da ausencia da V^a S^a é don Xoán Digby e que moito máis hei de padecer se non me manda moitas veces cousas do seu servizo porque con isto algo se remediaría a falta da ausencia da V^a S^a”³³.

Ao chegar Gondomar a Londres, as primeiras cartas que recibiu de España foron as que Digby lle remitiu; non era este, escribirallo logo aquel, o primeiro favor que lle

facía nin sería o último. Cando o inglés despachaba correo, avisáballes –dicía Gondomar– “aos que sabe que me queren ben para que me escriban”. Don Diego, recién chegado, referiulle as súas primeiras impresións “coa franqueza e amizade que profesamos”. Gustoulle o que vira da cidade e comarca e estaba encantado da excelente acollida que lle fixeran os reis e outros persoeiros da corte e que atribuía –como xa vimos– ás informacións que sobre a súa persoa comunicara a Londres. Pero, pola contra, estrañáballe que os membros do Consello Privado se mostrasen “moi esquivos e pouco sociables”. Dos outros embaixadores, os seus colegas, dicíalle que xa o viran con boa vontade “pero a amizade dos embaixadores é tan mesurada e de tantas cerimoniais que non chega a ser compañía e así penso que non se atoparán no mundo outros dous embaixadores como a V^a S^a e eu porque con calquera tema nos esquecemos dos oficios ao estarmos xuntos e parécennos curtas as horas, a min polo menos”.

Da súa residencia no Barbican dicíalle: “Esta casa e xardín pareceume moi boa; amañei moi ben a muralla da horta e teño bo xardineiro e os libros son o meu entretemento preferido”. Contáballe que andaba a ver algunhas casas de campo para coller unha e que lle chistaba especialmente a que vira a pouco máis dunha milla de Londres, moi boa e cun “pequeno parque moi ben coutado”, “que foi dun home moi rico que fora alcalde e deixou unha soa filla que lla levou un barón contra a súa vontade e casou con ela”³⁴.

Foi daquela –de setembro de 1613 a xaneiro de 1614– cando aconteceu a historia do suposto espía que, segundo se comentaba, revelaba á embaixada de Inglaterra en Madrid a correspondencia de Gondomar co seu goberno. Seica nesa correspondencia descubriu Digby, entre outras cousas, a lista dos persoeiros ingleses que recibían pensión de España. O drama, ao cabo, rematou en sainete pois, logo de moitas peripecias, no transcurso das cales algúns distinguidos cortesáns quixeron recibir diñeiro polos seus avisos, resultou que non había tal espía senón que, segundo lle confesara Digby anos máis tarde ao seu amigo Gondomar, todo se reducía a interceptar e copiar os despachos mentres o correo que os traía repousaba da súa última xeira antes de chegar a Madrid. Como se pode ver, a amizade dos dous embaixadores non estaba exenta deste tipo de manobras³⁵.

4. Relacións entre os dous embaixadores

Desde Londres procuraba o noso embaixador que tratasen en Madrid con todo xénero de atencións ao seu amigo e colega estimando que podía ser un bo colaborador na tarefa de asegurar a amizade dos dous países. “Ao embaixador que ten nesa corte este rei”, escribíalle a Lerma o 5 de outubro de 1613, “é de mester conservalo e que a V^a Excelencia o honre e favoreza no que poida, obrigándoo a que continúe o ben que andou estes días, que eu hei de procurar agasallalo e obrígallo con sinxeleza e amizade e dicíndolle cantos bos oficios debemos facer entrambos para a conservación da paz”³⁶.

E pouco despois insistía con don Rodrigo Calderón en que o tratasen ben, suxeríndolle que un día no que o rei ou Lerma fosen ao Pardo a cazar, lle enviasen como galano un veado ou dous coellos, dicíndolle que foran cazados da súa man “que este rei faino aquí

comigo moitas veces”. Pero non o invitaban ás cacerías do rei, como facía Xacobe con Gondomar, e diso queixaráselle algunha vez. O 28 de xaneiro de 1614 dicíalle Gondomar a Lerma: “Con don Xoán Digby... procuro ter boa correspondencia e cortesía, e certo que el a ten comigo, como a Vosa Excelencia o poderá comprobar por todas as cartas que tiven súas desde que estou aquí, que llas envío á Vosa Excelencia para isto e para que mande tamén ver se nos negocios que contén o memorial que vai nunha delas, se pode facer algunha dilixencia”. Dous meses despois reiteraba o mesmo que “con ese embaixador don Xoán Digby se teña moita conta procurando telo obrigado e ben tratado porque ten aquí gran creto e autoridade”. A súa muller, dona Beatriz, dera alí a luz unha filla e segundo dicían, pensaba volver a Madrid e dona Constanza e el procuraran agasallala³⁷.

Esa estreita amizade entre os dous embaixadores manifestábase tamén en certos servizos que se facían en asuntos de diñeiro. En ocasións, as sumas que debía recibir Gondomar en España entregábenselle a Digby que facía que se lle aboasen logo a aquel en Londres en moeda inglesa. O 6 de setembro de 1613 comunicáballe don Diego a Digby que o mordomo deste pagáralle os cinco mil ducados que lle dera en Madrid³⁸. E o 10 de novembro do mesmo ano o inglés propúxolle a Pedro García Dovalle, criado e xestor de don Diego en Madrid, que lle dese os cartos que tivese para remitirle ao seu amo e que el faría que lle entregasen o seu equivalente a Gondomar en Londres. Dovalle contestoulle que non tiña para remitir e que quizais o tivera en Galiza, pero estaba lonxe. Dovalle cría –e así llo escribiu a don Diego– que non se debía facer esa operación pois “vai moita diferenza en dicir o dalos aquí en reais españois que recibilos aí en moeda dese reino por ser de menos valor”³⁹, afirmación que ten un sentido, que por certo, se nos escapa. De todos os xeitos, o 20 de marzo de 1614 remitíalle a Gondomar por ese medio mil ducados⁴⁰. Sen dúbida don Diego aclaroulle o problema do cambio de divisas.

Cando Digby preparaba a súa volta a Inglaterra, a comezos de 1614, díxolle a Gondomar que tiña pouco diñeiro e “aínda que eu teño menos” –segundo lle escribía este a Lerma– envioulle carta para Carlos Trata a fin de que lle dera, a conta do seu soldo, dous mil escudos⁴¹. Meses máis tarde, despois da volta a España do inglés, en decembro do mesmo ano, o noso embaixador indicáballe a Dovalle, ao darlle instrucións sobre os dez mil ducados que se lle deran como axuda de costa, que os dous mil sobrantes llos entregase a Digby, “tomando del letras para que o seu mordomo mos dea aquí, que me dixo que lle farei nisto boa obra, e os outros dous mil ducados que lle deu Carlos Trata pola miña conta pagoumos moi puntualmente”⁴². Máis adiante, o 13 de abril de 1615, o diplomático inglés escribíralle ao seu colega español quiexándose de que un banqueiro de Londres avisáralle que non quería collerlle o diñeiro que ordenara pagarlle sen saber se os seus correspondentes en Madrid lle entregaran a suma en cuestión. Dicíalle que non reparase en miudezas con el e que esperaríase o que fose necesario para recibir os diñeiros que Gondomar tivese para cobrar en Madrid. Tres meses despois comunicáballe ter realizado outras operacións semellantes a través de Nicolao Balbi, coñecido banqueiro italiano establecido en Madrid⁴³. O 4 de xullo de 1617, Digby, que se atopaba xa en Inglaterra, pedíalle a Gondomar que escribise a Ciriza para que lle entregase ao seu mordomo o importe das letras que lle asinara. Por conseguinte, don Diego escribiulle a Ciriza que “Don Xoán Digby díxome

que poderá ser que antes de que el chegue se cumpra o primeiro prazo e paga dos corenta mil reais que eu lle librei aí e pídeme que rogue a Vm. para facer que se dean a don Xoán Estan [Stone], o seu mordomo, que os ha mester para compoñer a súa casa, que é o mesmo que se se desen na man do señor embaixador e que así dará a carta de pago deles ao chegar. Prego a Vm. ordene que isto se faga así⁴⁴. O 24 de xaneiro de 1618, Digby, de volta en Madrid, escribíalle a Gondomar, aínda en Londres, que ata entón non recibira do diñeiro deste máis que corenta mil reais pero que lle dicían que darían orde para o demais. De todos os xeitos, escribíalle ao seu banqueiro en Londres que lle pagase todo como mellor puidese e, se fose mester, se dirixise ao Gran Tesoureiro para quen “envío mesmo un papel para que pague a V. S. I. mil cincocentas libras esterlingas”⁴⁵.

Por outra parte, Dovalle utilizaba os correos da embaixada inglesa para envíos de cartas de ou para Gondomar. Xa vimos que así se fixera ao partir este para Inglaterra, favor, por certo, moi estimado, que lle seguiu prestando. O 24 de febreiro de 1614, por exemplo, o axente de don Diego recibiu por esa vía dous pregos grandes e outro pequeno con cartas de Gondomar do 28 de xaneiro que contiñan outros dous pregos para o rei⁴⁶. Este favor, con todo, puidera ter as súas fendas pois non sería de estrañar que o inglés tratara de enterarse do contido levantando coidadosamente os selos; quen sabe se unha parte das filtracións a que antes nos referimos e que deron pé á historia do suposto espía non terían sido obtidas por este método.

Nos primeiros tempos da embaixada de Gondomar, Digby houbo de intervir con ocasión do incidente da misioneira dona Luísa de Carvajal, no que Gondomar adoptou unha postura de gran firmeza cando detiveron á súa compatriota. O goberno inglés encargoulle daquela ao seu embaixador en Madrid xestionar na corte española que se lle ordenase a Gondomar a moderación das súas esixencias. O noso diplomático estimaba que había que proceder con enerxía para darlles a entender aos ingleses que estaban equivocados na súa crenza de que España apandaría con todo con tal de manter a paz. Pero Digby conseguiu que os gobernantes españois freasen a don Diego e, así, obrigárono a retirar a súa ameaza de marchar con dona Luísa se esta era expulsada. A oportuna morte da dama veu dar unha inesperada solución ao problema, sen dúbida desagradable⁴⁷.

Outra cuestión na que houbo tamén de intervir Digby pouco despois foi a de Scioppius, libelista alemán que escribiu contra Xacobe e o embaixador de Inglaterra solicitaba a súa expulsión de España. Curándose en saúde, Digby fixo que un grupo de ingleses, entre os que figuraba un sobriño seu, lle desen unha tunda soberana. O goberno español fixo coma quen non ve, cousa que Xacobe sempre llo agradecerá encarecidamente a Gondomar quen lle vendeu con grandes extremos o favor. Pero, de todos os xeitos, non se expulsou a pesar de que o presidente de Castela prometéalle a Digby, antes da súa partida, que o botarían do país. Cando o diplomático inglés estaba xa na súa terra dicíalle a Gondomar que “se nesa resolución sucedese novidade pesaría-me na alma polo desgusto que daría por acá”. Ese malestar expresariallo así mesmo Xacobe a Gondomar en ocasión dunha cacería na que estivo invitado e que tivo lugar o 5 de xullo de 1614. “Tamén me dixo”, escribíalle Gondomar a Lerma, “que Baltasar Escopio está aínda en Madrid, moi abraiado de que a Súa Maxestade non o mande saír da súa corte, e di que non está contento co que escribiu

del, porque tamén escribiu a Francia unha carta chamando a Vosa Excelencia, Seyano, que foi un privado do emperador Tiberio. Disto díxome moito e dos que o favorecían, ao que eu lle respondín o que me pareceu que era xusto”⁴⁸.

Con isto, segundo se ve, quería o teimudo Estuardo predispoñer a Lerma contra Scioppius, e o noso don Diego, pola súa parte, cala cautamente cal foi a súa resposta.

5. Digby volve a Inglaterra.

O 1 de xaneiro de 1614 Digby escribiulle ao seu rei –segundo lle referiu a Gondomar o 27 do mesmo mes– dicíndolle que, como Filipe III se ausentaba de Madrid no verán, e porque quería darlle conta dalgunhas cousas e arranxar algúns asuntos persoais, desexaba ir a Inglaterra para o cal lle pedía licenza por corenta días. Iría pola posta con só dous criados, deixando en Madrid ao secretario e toda a súa casa, e aseguráballe que non llo pedía pola arela de saír de España e, unha vez chegado a Londres, amolalo para quedarse, porque –escribía Gondomar– “non só se atopa ben en España e... fólga-se de servilo nela... pero que tamén o teñen engaiolado os aires e as augas de Madrid e que a súa muller veu aquí contra a súa vontade porque para o fillo que tiñan non atopaban ama que o quixese criar por ser de diferente relixión e pasaron na súa crianza grandísimos traballos e que, véndose agora a súa muller preñada, por librarse doutro tanto, quixo vir parir a Inglaterra”⁴⁹.

Así e todo, Xacobe creu saber que aquel verán a corte española non faría esa xornada e ordenoulle que non emprendese a viaxe. Pero Digby puido confirmar a través de Lerma e outros ministros que si se faría e que o rei Filipe non voltaría a Madrid ata novembro. Por esta razón, decidiu partir o 27 de marzo. De todo isto tivo noticia Gondomar ao ler as cartas que Digby lle escribiu ao seu rei o 19 e o 22 de marzo, que coñeceu por un confidente que tiña na corte inglesa⁵⁰. O 22 de marzo de 1614 o embaixador inglés díciulle ao noso que, “tras moita barafunda de andar á tira e molla sobre a miña partida para Inglaterra, ao cabo preparo a miña xeira... para saír desta corte en vinteseite días do mes presente”. Engadía que nada o aledaba máis “que de poder ver ao meu señor don Diego Sarmiento en Inglaterra porque alá servireino mellor que por acá”⁵¹. Facía así unha paréntese na súa misión diplomática ao regresar por unha tempada ao seu país. Ía alá por asuntos propios e tamén “por algúns negocios de moita e grande importancia”⁵²: as reclamacións dos comerciantes ingleses, os problemas dos piratas e o famoso listado de pensionistas de España que el descubrira. “Pero non ha de faltar quen diga que vou tamén tratar de casamentos”, escribíalle don Diego ao conde Añover, mordomo dos Arquiducos de Flandres, e no mesmo sentido a Hernando Girón, do Consello de Guerra de España. Desbotaba, pois, este tema como unha murmuración sen fundamento e así dicía que era aínda mellor, isto é, máis grande a trola, “o que a min me escriben de Madrid é que o embaixador viña fuxindo porque a min me tiñan aquí cercado e baténdome a casa”⁵³. O que dera noticia desta bóla que corría por España era o seu axente Dovalle desde Madrid. “Disque” escribíalle, “o embaixador dese reino vai fuxindo e que a V^a S^a

o teñen alá cercado; mire a Vª Sª que verdadeiras novas”. E noutra carta, vinte días despois, contáballe que sacara a algúns en Valladolid “de erros que dicían que a Vª Sª fuxira a Flandres e o embaixador dese reino marchara tamén fuxindo desta corte; en Toro, dicíase o mesmo; compracinme declarando a verdade e non é de estrañar que alá se dixese pois aquí non se trataba doutra cousa”⁵⁴.

Aínda que Gondomar declaráballes aos seus amigos nun ton escéptico e desdenoso que “non faltará quen diga que vén a casamentos”, o certo é que Digby tivo tamén que ver con vodas nesta ocasión, tanto para impedir a francesa, que daquela estaba moi viva, como para propiciar a española. Diciálle Gondomar ao seu rei que vira a Digby tan axiña como chegou, que falaba “moi ben e con moito respecto da persoa da V. M. e mostroume gran desexo para que se obstaculice o casamento de Francia e se encamiñe a España”. Cría que, para isto, faría “todos os bos oficios que poida”. Para o noso diplomático, o asunto era de moita importancia pois estimaba que a unión matrimonial de Inglaterra e Francia tería para España grandes atrancos e opinaba, por iso, que había que botar man de todos os medios posibles para desviala. Neste sentido, suxería que se negociase o casamento do infante Carlos coa irmá segunda do rei de Francia e darlle os estados de Flandres, e, para que Xacobe “non desalentase deste tratado e causase isto algúns novos desacougos, poderíase ter con el moi viva a cantarela de casar a este Príncipe coa Señora Infanta María”⁵⁵. Frustrado o obxectivo da voda co príncipe Henrique debido á súa morte o 6 de novembro de 1612, que era un dos que trouxera Digby a España, podía substituílo pola do seu irmán Carlos.

Se neste asunto Digby facía bos oficios, non sucedía o mesmo respecto a outros; “sei que os fixo moi malos noutras cousas”, dicía Gondomar⁵⁶. Esas outras cousas eran, sobre todo, o concerniente ás actividades dos piratas ingleses. O 12 de febreiro de 1614 daba conta don Diego a Madrid de que chegara a Londres unha nave inglesa, “A Perla”, procedente da India Oriental, principalmente con especias que dicían terlle quitado a mouros e indios e en ningún modo a vasalos de España nin outros cristiáns. Gondomar non se conformou con esta alegación e sostivo “que nesta nave viña pementa, a cal non podía deixar de ser da V. M. porque da India non a podía traer outro; que a demais facenda tamén entendía eu que era de vasalos da V. M.”. Sobre isto houbo longas discusións nas que participaron diversos persoeiros da corte e, entre eles, tras a súa chegada, Digby: “aínda que noutras cousas fai bos oficios”, aseguraba Gondomar, “non os fixo nisto, dicindo que, por qué por só dicir eu que entendía que a pementa era da Vosa Maxestade, habíanma de entregar sen máis proba nin averiguación, pois, cando fose da Vosa Maxestade, onde se tomou tiña moitas estacións e mares que navegar antes de chegar a España, e que, a el, embargo nin secuestro nunca llo admitiron en España, nin aínda ás mesmas cartas do seu rei se lle daban alá creto, e que eu era aquí oído e admitido sen información nin poderes das partes”⁵⁷. Con todo, o 6 de maio de 1614, aos dez días de chegar, Digby escribíalle xa a Gondomar unha misiva na que lle dicía que agardaba que recibiría unha resposta do seu agrado no da nave “Perla”, pedíndolle que retrasase a saída do seu correo un ou dous días ata coñecer esta resposta⁵⁸. E ao día seguinte volvía a escribirlle para indicarlle que no asunto da “Perla” debía ter un pouco de paciencia pois ía un tanto a modo. O rei, con quen falara aquel mesmo

día, estaba ben predisposto e esperaba que a resolución fose do seu gusto pois vía a Suffolk e Somerset con desexo de servilo. Insistía en que aprazase a saída do correo ata que se coñecese a resolución “que con este achaque podo eu apretar”. “O pouco que podo”, engadía, “ben sabe a V^a S^a será empregado no seu servizo”⁵⁹. Todo isto parece contradicir a impresión de Gondomar sobre a súa actitude no asunto: exceso de desconfianza por parte do noso embaixador ou dobre xogo do inglés; a parte que, como noutros casos, a posición de don Diego non era xuridicamente moi sólida porque, para el, por riba dos argumentos xurídicos, estaba o político e o diplomático.

A cuestión resolveuse, ao cabo, favorablemente por decisión do rei quen ordenou que se lle entregase a pementa a Gondomar aínda que co compromiso de devolvela se se demostraba que era doutro. Don Diego aclara que fixo todo isto “porque moito cómpre desenganar a esta xente que o desexo de conservar a súa amizade non nos ha de facer sufrir ningún desatino”: que era o mesmo motivo que determinou a súa conduta noutros episodios como o das bandeiras e o de dona Luísa de Carvajal⁶⁰.

Outro tema no que Digby se mostraba disconforme co que facían os españois era no das reclamacións dos comerciantes ingleses a quen o goberno español non pagaba ou retrasaba de modo considerable o pago do que lles debía por subministros. Este fora un dos obxectivos declarados da súa misión, como sabemos. “As queixas que hai aquí contra España e o que os mercadores din e o que os axuda Digby nesta materia, aínda que noutras fala ben”, escribíalle Gondomar a un secretario de Estado, “no ten outra cura se non é o que eu fago que é saír cada día polas rúas para que vexan que non me dá coitado, e certo, señor, que hai algunhas cousas nas que lles sobra razón”⁶¹.

6. Contactos entre Digby e Gondomar en Inglaterra.

Desde a súa chegada, Digby mantivo un trato constante con Gondomar, e estaba sempre disposto a atendelo e servilo no persoal, segundo xa llo expresara con anterioridade, aínda que, loxicamente, coa súa comenencia nas cousas do estado. Ás veces entrevistábanse e reanudaban as conversas que tan gratas lles resultaban e outras comunicábanse por cartas nas que trataban de cousas oficiais ou particulares, sempre nun ton de amizade. Certa vez, en xullo de 1614, Xacobe invitou a Gondomar a unha cacería, á que tamén asistiu Digby, e este díxolle ao noso embaixador que non se facía aquilo con el en España⁶². Na carta do 6 de maio á que antes nos referimos, Digby aludía, ademais do da “Perla”, á promesa que lle fixera o presidente de Castela de desterrar de España a Scioppius. Noutra do 30 do mesmo mes dicíalle ter sabido o que Gondomar lle dixo a Cottington sobre o asunto de Davis, e que o aprobaba, “como todo o que fai don Diego Sarmiento; gardareino en segredo como a V^a S^a mo manda”⁶³.

Este Davis, John Davis, era, segundo Gondomar, un “mercador desta cidade, grandísimo corsario e dirixente dunha gavela”. Os seus barcos fixeran tres presas españolas para desquitarse de certas aldraxes e danos que dicía teren recibido algúns axentes seus dun xuíz de Motril. Por outra parte, alegaba que eses botíns fixéranse máis alá da “liña”,

onde isto estaba autorizado e que así procedían os franceses. Unha desas preas efectúárase antes de Gondomar “e non tivo poder para facerlla restituír”; pero as outras dúas, realizadas no tempo do noso diplomático, haberán de ser restituídas. Davis aducía que o capitán dun dos seus navíos chamado o “Arcanxo”, ao apoderarse nas Indias de Castela dun barco español que levaba coiros, procedera por conta propia e sen a súa orde e consentimento, “pesándolle e sentíndoo moito que se fixera”. As autoridades inglesas mandaron entregarlle ao embaixador a nave apresada co seu cargamento e o barco pirata confiscouno o almirante, que era Nottingham. “E a Xoán Davis”, escribíalle Gondomar a Filipe III, “que estaba preso, díxome o rei que se eu quería que o aforcasen, mandaría aforcar, a pesar de todos os seus amigos e valedores, que tiña abondo, e no mesmo Consello díxenlle ao rei que o puxesemos ao pé da forza e que véndose naquel estado, suplicaríalle entón que o perdoase por esta vez, e así se fixo”⁶⁴. Davis asinou o 10 de xuño de 1614 e enviou a don Diego un escrito nun ton moi submisivo polo que, á vez que lle rogaba o seu favor e piedade, faciíalle entrega da presa para que llela devolvese aos seus donos, comprometéndose a non tomar no sucesivo prisioneiros a vasallos do rei de España, directa nin indirectamente, en ningunha parte do mundo e declarándose desde xa culpado e merecedor de morte como pirata se outra cousa fixese. Por certo que Cottington é un dos que asinan este papel como testemuñas⁶⁵.

Na carta antes citada do 30 de maio, referíase Digby tamén ás famosas querelas dos comerciantes ingleses en España. Gondomar propuxéralle que se crease un tribunal ou xunta especial para resolver estes preitos e Digby diciíalle que oxalá se levase a efecto pois “eu enténdoo moi necesario ao servizo de ambos reis”; e remataba dicíndolle: “A V^a S^a me mande como a quen o quere e estima sen cumprimentos que son todos vinagre”⁶⁶. Finalmente, Gondomar chegará a convencerse de que Digby axudaba polo xeral a que se dese satisfacción ás súas demandas e así chegará a dicir que “en todo o substancial fixo e fai bos oficios”⁶⁷. Tamén o fixo no asunto das criadas de dona Luísa de Carvajal; en carta a Calderón na que lle falaba diso, reiteraba que “nisto e noutras cousas de moita importancia fixo e fai bos oficios”⁶⁸.

Sobre a cuestión da voda hispano-inglesa, Digby fíxolle referencia nunha carta a Gondomar ao tratado sobre isto en Madrid e ao estado da cuestión. Esa carta é do 27 de xuño e sorprende un pouco que demorase tanto para informalo, nada menos que dous meses desde a súa chegada. É posible que xa tratara con el o tema anteriormente de palabra pero sen querer entrar a fondo ata tratalo co seu soberano e coñecer o seu punto de vista. Ao parecer, Digby, persoalmente, estimaba preferible que a futura raíña de Inglaterra fose unha protestante, e non agochou a súa opinión. Pero Xacobe xa tomara a decisión de xogar a carta española, tras descartar a francesa, e Digby, sabendo que as opinións persoais do diplomático non deben contar na súa función, entregouse con total lealdade a conseguir o obxectivo que se lle sinalara. Polo demais era inimigo do puritanismo, partidario da igrexa oficial e non moi oposto ao catolicismo, un “ben intencionado”, diría Gondomar, ata tal punto que mesmo parece que o noso embaixador puido algunha vez pensar que se inclinaba por el. En carta a un secretario de Estado de España contáballe que o primeiro que dixo “ao velo aquí, foi que cando quixese ir á misa, eu meteríao por onde non o vise

ninguén”⁶⁹. Buckingham dirá máis adiante que Gondomar manifestáralle que, en certa ocasión, Digby confesoulle que era, no corazón católico; aínda que como isto o dixo o favorito co motivo da pugna que o enfrontou con el e para prexudicalo, hai que poñelo en corentena⁷⁰. Fose como fose, Digby non cría que as diferenzas de relixión tivesen que dividir a Europa en dous campos rivais –segundo a vella idea erasmista– e abrigaba a esperanza de que unha boa intelixencia entre Inglaterra e as potencias católicas do continente podía constituír unha base para manter a paz. E tamén cría que, de facer o Príncipe un matrimonio católico, era preferible con España en vez de Francia⁷¹.

Nesa carta do 27 de xuño, dáballe conta Digby ao seu colega español das entrevistas que tivera con Lerma e do mutuo desexo de conservar a amizade entre as dúas coroas para o cal estimaron como medio máis seguro o casamento do príncipe Carlos coa infanta María. Lerma díxolle que o rei de España estaba para iso moi ben disposto, en xeral, “no caso acomodariase en materia de relixión”. E Digby manifestoulle que faría todo canto puidese para que se resolvesen as dificultades que houbese para aumentar a inclinación do rei Xacobe e os seus ministros ao proxecto. Pero estas conversacións –segúa dicindo o inglés– quedaron interrompidas ao terse en España noticia do acordo no casamento do Príncipe en Francia, “ao cal, se ben daquela non podía en todo contradicilo, aínda dubidaba, e díxenllo ao Duque”, quen lle encargou, ao volver Digby á súa patria, que dese conta de todo a Gondomar, “como o fago”; indicáballe a este, “tendo por mellor encamiñalo a V^a S^a”. Pedíalle a don Diego que informase a Lerma de que os tratos con Francia batían con moitos atrancos e estaban lonxe de chegar a feliz conclusión, polo que non había que desesperar “do negocio que nós pretendemos, se non é polas dificultades e as condicións que se deixen desafiuzado, porque se por parte de España se miran as cousas como se propuxeron no trato para o Príncipe que haxa gloria, máis valera non renovar o negocio”. Pois este fracaso minguaría a amizade que había entre ambos monarcas. “Se o Duque e a V^a S^a desde alá prolongasen as cousas o que se poida, eu e os amigos por acá iremos estirando tamén o que poidamos”. Remataba recomendándolle que ata que o asunto tivese máis probabilidades de éxito se mantivese en reserva entre eles os dous⁷².

7. Digby enviado por segunda vez a España.

O 28 de xullo de 1614 Gondomar comunicáballe a Lerma que estaba xa resolto que Digby “volva a asistir a esa embaixada aínda que me dixo que será por pouco tempo porque ten aquí grandes esperanzas e con fundamento xa que sen dúbida este rei estímalo e cre que o conde de Somerset e o de Suffolk son grandes amigos, e así non leva a súa muller nin ás súas fillas”⁷³, o que, á fin, non será verdade. Xacobe, abofé, ordenou a Digby que saíse de novo para Madrid co mesmo carácter de embaixador ordinario e co encargo formal de xestionar a voda. “Don Xoán Digby”, escribíalle Gondomar a Lerma o 16 de agosto, “partirá dentro de corenta días”⁷⁴. O 26 de novembro de 1614 escribíalle o inglés a don Diego desde Lisboa contándolle que saíran de Plymouth el e dona Beatriz, a súa muller, o 30 de outubro para “Santander en Biscaia” e que aos tres días de

levar no mar amainou o vento e a causa dun temporal que houbo a noite anterior perdéuselles o navío máis pequeno con criados e cabalos e aínda non sabían nada del. O navío real no que ía non puido chegar a Santander por ter o vento contrario e dirixíronse a Lisboa onde arribaron despois de trece días de navegación con moita calma, grandes treboadas e non sen perigo. En Lisboa foron moi ben acollidos polo vicerrei que lles fixo algúns galanos. E remataba dicíndolle que aquel mesmo día, sábado 6 de decembro, saían el e dona Beatriz para Madrid⁷⁵.

O 13 de xaneiro de 1615 escribíalle xa desde Madrid. O rei dispuxera que lles preparasen aloxamento en distintos lugares do camiño onde, ademais, lles fixeron grandes agasallos. Cortesmente atribúe todas estas atencións a Gondomar. “Despois de chegar aquí”, segue dicindo, “veu visitarme á miña casa e estivo nela un bo anaco o señor duque de Lerma”. Como era o tempo da Páscoa, non se entrara aínda a tratar de negocios, pero, en canto remate –aseguraba– “comezarei a darlles tento”. Con Lerma xa falara moito do asunto principal e puido comprobar que mostraba grandes desexos de que todo saíse ben. “Nós”, dicíalle a don Diego, “que pasará polas nosas mans, temos que estar animosos e non rendernos con dificultades, que non faltarán abondo tanto dunha parte coma doutra”⁷⁶.

Non obstante, as negociacións para a voda non debían ir moi a présa aos tres meses da súa chegada, pois o 8 de marzo de 1615 escribíalle Digby ao seu amigo cunha desalentadora ironía: “No negocio principal imos acá estes días pasados moi fríos pero pode ser que coas calores que entrarán, avivarase o tema”. E engadía: “Dunha cousa me aseguro, que nin de parte da V^a S^a nin da miña faltará cousa que conveña a cabaleiros honrados e ben intencionados. O demais deixémosllo a Deus que encamiñará todo como máis conveña para a súa gloria”⁷⁷. Un mes máis tarde anunciáballe que, na súa opinión, o asunto maior tomara agora moito alento e que nunca estivo en tan bo estado e pedíalle que se animase e esforzase para achandar as dificultades que poñía a corte inglesa. “A min fixéronme acá estes días pasados catedrático entre padres e teólogos”; pero cría que se podían vencer as dificultades. Sabía que en Inglaterra habería moitas, e moitos mal intencionados; recomendáballe por tanto a Gondomar que lle dixese a Xacobe e o convencesese de que o rei de España era moi bo amigo e “se en condicións temporais non reparara o rei de España, é xusto que el, Xacobe, se estenda no demais”. “Señor don Diego, eu dou por seguro que neste negocio Deus ha de axudarnos, que verdadeiramente é seu e, para quen o entende, o máis grande que hoxe se trata no mundo. O señor duque de Lerma é... o máis asisado e ben intencionado cabaleiro que coñecín na miña vida e o maior ministro e mellor criado que ten o rei no mundo... é totalmente noso neste negocio e nisto, se non se conseguise aínda máis, xa demos un bo paso. Todo hase de atribuír, despois de Deus, a V^a S^a que, co seu tino, proseguirá cos oficios como ata agora, cos cales agardo que todo rematará moi ben”. E en posdata engadía: “É mester que a V^a S^a escriba acá que todo non se pode facer nun día e que hase de camiñar de vagar, coas esperanzas postas no futuro e obter baixo segredo do rei todas as prendas e promesas posibles, pero que as capitulacións públicas vaian moi temperadas e postas en razón que o tempo presente e o estado das cousas require que sexa así. Con isto, prométtolle á V^a S^a que se acadará todo canto se desexa”⁷⁸.

8. Novo regreso de Digby á súa patria.

O último papel que Gondomar recibiu de Digby desde España antes de que este volvera outra vez a Inglaterra, seica foi un documento datado o 26 de xaneiro de 1616 polo que certificaba térselle entregado a persoa de Xoán Clerque, John Clerk, piloto inglés preso no cárcere real de Madrid, libre na casa do embaixador e á súa orde, como proba para que fosen postos en liberdade Diego de Molina e outros que foran capturados polos ingleses en Virxinia e estaban encarcerados en Inglaterra⁷⁹. Digby abofé que fora chamado polo seu rei, pero antes de marchar, nun simpático xesto, invitou a comer ao axente que Gondomar tiña en Madrid, Pedro García Dovalle e a Simón de Ariza, capelán da embaixada de España en Londres. O 24 de febreiro de 1616 escribíalle o primeiro ao seu amo: “Un domingo preto do Entroido, Ariza e mais eu fomos convidados do señor embaixador don Xoán... houbo un brinde pola saúde da V^a S^a e a miña señora, e tamén pola da miña señora dona Beatriz, a súa muller, que tamén comeu connosco. Finalmente, señor, son moi boa xente e amigos da V^a S^a. Está de camiño para aí; estivo estes días malo dunha infección de moas”⁸⁰. Nos “Avisos” do 19 de marzo de 1616 líase: “Aos catro foise o embaixador da Gran Bretaña chamado polo seu rei. Quedou aquí a súa muller, que din partirá por San Xoán e no seu lugar asistirá aquí un secretario de dito rei que representará a súa persoa”⁸¹. E na “Gaceta” do 16 do mesmo mes: “O día 4 partiu o embaixador da Gran Bretaña, chamado do seu rei, e logo despachouse correo de orde da S. M. que lle levou unha cadea de diamantes de valor de oito mil ducados; alcanzárono e entregáronlla; mándoulle dar en albizaras a dito correo dezaseis dobróns e dous aquí a señora embaixadora”⁸².

Nesta ocasión, o principal obxectivo da viaxe era informar sobre o que soubese respecto ás vinculacións con España do favorito Somerset, agora caído en desgracia. Somerset fora acusado, xunta a súa muller, do asasinato dun antigo amigo seu, Overbury, que estaba preso na Torre, e na pescuda do delito o xuíz creu atopar indicios de que Somerset non era culpable de ningunha relación con España que puidese cualificarse de traizón⁸³. Foi, pola contra, atopado culpable, coa súa muller, do asasinato de Overbury.

O 3 de abril Digby fora nomeado vicechambelán e polos mesmos días tomou posesión do cargo de membro do Consello Privado. Quizais foi cando lle expuxo entón ao seu rei con toda claridade as grandes dificultades coas que se atopaba para concertar a voda española xa que o rei Filipe non quería dar a man da súa filla sen que o Papa o consentise⁸⁴. Neste mesmo ano de 1616, Xacobe fixolle tamén mercede da mansión rural de Sherborne, propiedade de Somerset e que perdera, revertendo na Coroa, co gallo do seu proceso. O rei ofrecérala primeiro ao novo favorito Villiers, máis tarde ao duque de Buckingham, pero este non a aceptou, se cadra porque parecía traer mala sorte aos seus donos. Sherborne pertencera ao bispado de Salisbury e a raíña Isabel arranxouno de tal maneira para conseguir que pasara, baixo a ficción dun arrendamento, a poder do seu protexido Walter Raleigh. A propiedade, aínda que non era moi estensa, era fermosa e tranquila e Raleigh mellorouna, plantando nela moitas árbores. Foi para el sitio de retiro, estudo e reflexión, aínda que algunha vez, botando de menos a corte da que se vía

alonzado, chamarao “lugar desolado”. Co rei Xacobe perdeuna tras varias incidencias, pasando logo a poder do favorito Carr, futuro conde de Somersert⁸⁵. Poucos días antes de partir por terceira vez para España, en 1617, Digby enviou a dicirlle a Somerset –segundo lle refería Gondomar ao seu rei– que “lle entregase os títulos e escrituras que tiña da casa e estado de Sherborne que o rei deu a don Xoán. O conde de Somerset díxolle así a todo que queimara os papeis pois gardalos de facenda que non posuía non servía máis que para deixarlles memoria aos seus sucesores da súa mala fortuna e de non ter sabido merecer e conservar a graza do seu rei; pero que non podía deixar de abraiarse de que Don Xoán Digby tivese pretendido e aceptado facenda de home vivo. Don Xoán respondeulle que non estivese tan enteiro porque aínda tiña na súa man papeis e materiais con que acabalo de arruinar; ao que Somerset lle replicou que se lle quedaba algo que facer contra el máis do que xa lle tiña feito ata aquí, que o fixese, que el puido facerlle moito mal e sempre lle fixera moito ben; que o mesmo don Xoán fose xuíz se fora ben ou mal empregado”⁸⁶. De todo isto parece desprenderse que Digby ocultou probas sobre as relacións de Somerset co goberno español, acaso para corresponder aos favores que del recibira e que o ex favorito lle lembra amargado.

Quedara a cargo da embaixada de Inglaterra en Madrid, durante a ausencia de Digby, Francis Cottington, que non estaba, en xeral, mal predisposto cara a España e ao catolicismo aínda que nalgúns casos tivera un proceder un tanto equívoco, como no asunto do falso espía. O 14 de agosto de 1616 Dovalle, o factótum de Gondomar na capital de España, escribiolle ao seu patrón: “Aquí hai moitas queixas de don Francisco Continton de que ampara moitos malféitores, que pasan de máis de vinte e catro homes; ningunha xustiza ousa ir prendelos porque os tratan moi mal e hai moitas insolencias, que como quedou nas casas do señor don Xoán Gibi e son grandes, hai espazo para todo. Dou conta a V^a S^a para que se houbese algo sobre isto, se saiba que esta é a verdade, que tamén os dous oidores que foron ao Escorial trataron do tema”⁸⁷. Con todo, Gondomar non debeu facer moito caso desta denuncia ou murmuración pois o 1 de novembro do mesmo ano dicía del que “estes días fai bos oficios e aínda que ten boas artes e é moi sutil, pódese atribuír moito do que non fixese ben á malicia do tempo e ao desexo de permanecer aquí; pero... entendo que é máis español que francés ou holandés, e que por isto procureino eu obrigar e conservar e continúaoo facendo”⁸⁸.

No documento no que formulaba estes xuízos expresaba, sobre o asunto da voda, que el estimaba que había que levalo a termo sempre que se fixese con condicións favorables á relixión e con seguridade do seu cumprimento; e en tal sentido, posto que convida “que esta lería, que está xa tan sobada, se conserve viva e con corda longa sen soltala, paréceme necesario que á carta que agora escribe don Xoán Digby ao señor duque de Lerma lle responda a Súa Excelencia gratamente e con mostras e seguridade de boa vontade no punto xeral”. Engadía que así como procuraba “obrigar e conservar” a Cottington, o propio facía “con don Xoán Digby, porque verdadeiramente desexa o casamento e a unión e amizade deste rei con España e fai para iso moi bos oficios e é declaradamente oposto a Francia e a Holanda e ten hoxe gran creto con este rei e con don Xorxe Viliers, que é o que hoxe ten enteiramente a súa graza”⁸⁹.

O 4 de xuño de 1616 Digby pedíalle a Gondomar desde Greenwich que interviñese a favor dun tal Gifart polo que se interesaba o conde de Pembroke, dicíndolle que o portador exporíalle o caso. E unha semana despois, á vez que lle reiteraba o anterior, díciolle que o rei ía de caza a Theobalds e que non volvería ata dentro duns días. Nesta carta aludía tamén a algunha ofensa ou maltrato que debeu sufrir o axente dos Arquiduques, indicándolle que a cousa tratárase no Consello, que o rei quería que se lles dese plena satisfacción e que os sarxentos –sen dúbida os causantes da falcatrúa– estaban xa presos. É tamén nesta carta onde figura a referencia ao Quixote que antes referimos. E en posdata engadía: “Certo que saíu moi bo o viño de Gundamar e ten agora gran fama por acá”; o que revela que don Diego obsequiaba con viño do seu pazo de Gondomar aos señores da corte inglesa. En certa ocasión, Gondomar fíxolle saber a Digby polo seu secretario que quería velo en Whitehall aquel mesmo día pero o inglés respondeulle que non era posible recibilo e que o excusase por aquela vez e que, en todo caso lle enviase ao seu secretario Sánchez de Ulloa coa súa encomenda, que o agardaría nos seus aposentos ao mediodía.

Noutra ocasión o noso embaixador pediulle a Digby que interviñese co rei para que non executasen a un crego católico que cometera un delito que levaba anexa a pena de morte, quebrantamento de desterro ou de prisión. Digby faloulle sobre iso a Xacobe pero este respondeulle que non podía contradicir con feitos o que declarara de forma pública recentemente de que os sacerdotes que realizaban eses actos debían sufrir tal castigo. Engadía Digby que lamentaba non ter podido facer máis. “O rei, meu señor”, escribíalle desde Theobalds o 24 de xullo de 1616, “mandoume dicirle a V^a S^a que despois de mañá sábado folgarase que a V^a S^a corra un cervo con el e terei aparellados cabalos para a V^a S^a e comerá a V^a S^a co rei como cazador. Cómpre que a V^a S^a se sirva de madrugar sábado, que entre as sete e as oito da mañá sairá a Súa Maxestade”. Máis adiante, en setembro, Gondomar solicitou audiencia do rei a través de Digby pero este contestoulle desde Havering “que o rei non se erguerá hoxe da cama, tivo mala noite e non o poderá ver”; pero que estivese previsto na súa casa para cando lle avisase porque el desexaba velo e non se perdería unha hora máis do forzoso. Abofé, unha semana despois comunicáballe desde o mesmo lugar que o rei lle dera aviso que ao día seguinte saía para Theobalds e que ao outro día, despois de xantar, esperaríao alá se tiña saúde⁹⁰. Son estes algúns exemplos de como se desenvolvían por aquel entón as relacións entre os nosos dous embaixadores.

9. Digby en España outra vez.

En abril de 1617 –o mesmo mes no que o rei de España facía conde ao que ata entón só era señor de Gondomar– Xacobe decidiu enviar de novo a Digby a España, agora como embaixador extraordinario, principalmente para tratar máis en concreto e polo miúdo o asunto da voda⁹¹. O 23 de xullo escribíalle Gondomar ao arquiduque Alberte que o “embaixador deste rei que vai a España hai días que partiu de aquí e dentro de oito dinme que embarcará en Plemus [Plymouth]; leva moi ampla comisión para tratar e concluír o casamento deste Príncipe coa señora Infanta María”⁹². Algúns días despois,

o 3 de agosto, dicíalle a Filipe III que xa partiran todos os do séquito do embaixador, uns por terra e outros embarcáranse con el en Plymouth. Sinalaba que Digby ía “dispositísimo a coñecer todo o que se pode agardar da fin deste negocio, collendo as palabras e accións duns e doutros, e que se ve algunha fasquía de dúbida na cuestión será o primeiro que se anticipe en escribir aquí o máis contrariamente que poida para asegurar a súa persoa e partido e acreditarse de fiel co seu amo e entorpecer a calumnia que lle poden poñer os que teñen diferentes propósitos e desexos, que comezaron xa a publicar que a señora infanta María casa co fillo do señor arquiduque Ferdinando; e don Xoán díxome a min antes de partir que así o dixeran algúns, e se se entendese que isto é certo fará que aquí tomen axiña outro partido en todo”. “Vosa Maxestade”, engadía don Diego, “mandará ver e acordar o máis conveniente... e tamén me parece que estaría ben... facer elección dalgunha persoa de moito xuízo e confianza por medio da cal se poida ir entendendo e profundando no estado no que don Xoán Digby se atopa e como sente as cousas, que o que eu procurei é que de aquí vaia disposto, como entendo que o vai”⁹³. E a Lerma, con máis comedimento, escribíalle dez días despois sobre o modo como debía procederse con Digby, mirar e obrar conforme ás comenencias, aproveitando o tempo e adiantándose aos acontecementos. Dicíalle que Digby era “hábil e atento, e así como cómpre que, no xeral, lle mostren todos boa vontade e acollida, teño por importantísimo que se tome con el gran coidado nos particulares do tratado porque, como estivo en España tantos anos, ningún camiño deixará de intentar para recoñecer o que poida, e a súa principal comisión é pescudar no fondo do negocio, e teño por certo que se entende que non se fará, volverá marchar logo”⁹⁴.

Cando Digby estaba a bordo do galeón “Dreadnought” no porto de Plymouth, escribíalle ao seu amigo o 1 de setembro de 1617⁹⁵ que ían saír con bo tempo e esperaba chegar a Santander en sete ou oito días. Que alí non se falaba doutra cousa máis que de piraterías, de turcos e, ao respecto, sinalaba que “moi veciños se lle puxeron a V^a S^a nas illas de Baiona e seica algo deben ter intentado sobre Vigo”; xa era hora –comentaba– que os príncipes cristiáns se xuntasen para opoñerse a esa calamidade. Facía habilmente esa alusión aos ataques ás costas galegas para interesar a Gondomar porque nas súas instrucións figuraba a de tratar de formar liga con España para efectuar unha acción conxunta contra os piratas de Arxel⁹⁶.

Sobre o negocio da voda volvía a aludir aos cen rumores que corrían, e en especial ao máis insistente de que se trataba de casar á infanta María co príncipe de Bohemia. Esta murmuración chegou tamén aos oídos do rei Xacobe quen, en entrevista con Gondomar o 22 do mesmo mes, fíxolle referencia a isto ao preguntarlle, ríndose e apertándoo, que fundamento tiña a voz pública de que a infanta María estaba comprometida co fillo do rei de Bohemia, que el non o tiña por certo e que o rei Filipe permitise que se apartase de Francia para embarcarse “nestoutra pretensión para desbotalo sen oílo e que, cando non se faga, quede, non por falta de vontade, senón por imposibilidade do mesmo negocio”. Gondomar responderalle que así o entendía el tamén e Xacobe rematou dicíndolle que agardaba ver “como era recibida a proposición de don Xoán Digby e o que escribía; e de don Xoán e da súa intención”, sinalaba Gondomar, “díxome moitas

gabanzas”. Eses ruxerruxes, que tamén recolleu Francisco de Xesús⁹⁷, non carecían, a dicir verdade, de fundamento pois algúns meses antes, Oñate, embaixador de España no Imperio, procedendo un pouco por conta propia, propuxéralle ao flamante rei de Bohemia –o futuro emperador Fernando II– o matrimonio do seu fillo –máis adiante emperador Fernando III– coa infanta María, aínda sabendo que Lerma e Gondomar querían casala co Príncipe de Gales⁹⁸; proxecto aquel que, por certo, haberá de realizarse, tras moitas peripecias, ao cabo dos anos. Digby, coa mosca na orela, escribíalle a Gondomar na carta á que antes nos referimos: “Eu de moi boa gana me perderei sobre a palabra do señor duque de Lerma e do meu señor o conde de Gondomar”. E estimaba conveniente que este tivese noticia deses rumores e falase ao rei Xacobe con toda claridade.

Por carta do 17 de outubro de 1617, o diplomático inglés daba conta a Gondomar da súa chegada. De Santander pasara a Burgos o 22 de setembro e alí detívose por orde do rei de España ata o 10 de outubro en que o chamaron a Lerma, onde saudou ao rei e aos infantes; como estaba de paso, non falou de negocios, polo que Lerma lle dixo que viu “ratificado e confirmado aquí todo canto dixo alá a V^a S^a e así llo escribo ao rei... e o moito que me aseguran da real e sincera intención da S. M. e que resolto está de facer este casamento se as diferenzas de relixión se puidesen amañar”. Pero Digby sentíase descontento da maneira como o recibiran e diso queixábaselle ao seu amigo “pois coa V^a S^a Ilma, non se pode calar nada”. Estivera quince días en Santander e, aínda que avisou de seguida a Lerma e a Ciriza, non recibiu carta nin recado para poñerse en camiño “antes grandísima incomodidade, considerando a xente que traio”. En Burgos recibiu carta de Lerma con outra para o correxidor, dicíndolle que o rei o vería en Lerma e que se detivese en Burgos ata que o chamara. Na carta ao correxidor ordenáballe a este que o apou-sentase. Estivo en Burgos dezaioito días esperando a que o chamaran sen recibir de nin-guén “o menor recado, cortesía ou memoria”. “Ao cabo de dito tempo avisoume o secre-tario do Duque que me achegase a un lugar pequeno que lle chaman Vilalmanso, a media legua de Lerma, dicindo que alí me apou-sentaría e agardaría un apou-sentador; pero cando cheguei ao dito lugar e ao tempo sinalado, atopei que tiveran tan pouco coidado ou memoria de min que nin había apou-sentador nin casa nin aínda portal onde baixar-me, e menos onde durmir, e despois de tres horas alí esperando e enviando emisarios a Lerma, subido xa no meu coche, aínda que xa era tarde de máis para dar a volta a Bur-gos, veu un apou-sentador e levoume a unha casa onde despois me atopou Ribas –o correo español entre Madrid e Londres– e el poderá dicirlle a V^a S^a cal era. A maior parte dos que me acompañaron e serviron durmiron aquela noite sen camas, e se daquela me sen-tín moi afectado daquel tratamento ben sei que non se espantará diso a V^a S^a Ilma. O xoves seguinte veu o conde de Salazar para levarme á presenza da S. M. e o vernes regre-sei a Burgos. Velaquí a V^a S^a Ilma. o recibimento que ata agora me fixeron”. Pero aínda que entón se sentía moi amolado e enfadado, por levar ademais no seu cortexo cabalei-ros da calidade que Gondomar sabía, “que estaban espantados e indignados de ver o que pasou, non lle escribo nada disto ao rei... nin a ninguén, antes digo nas miñas cartas que me agasallaron e honraron moitísimo e en todo escribo... como quen desexa acer-tar no que máis importa ao servizo de entrambas Maxestades, que os ministros pruden-

tes e ben intencionados por máis ocasión que teñan de desgusto nas súas persoas, non por iso han de botar a perder os negocios importantes que traen entre mans”. Co cal viña a dar unha alta lección de diplomacia nunha época na que non era común tal proceder⁹⁹.

Digby nada dixo, abofé, ao seu goberno do desventurado recibimento que tivo, cumprindo a promesa que lle fixera a Gondomar, segundo este puido comprobar ao coñecer os seus despachos a través de confidentes. Nos que enviou o 17 e 18 setembro desde Santander dicía ter chegado a este porto o día 9 e que se detivera por agardar a un dos navíos estragados. Que enterado de que o rei Filipe viña a Lerma e a Burgos, enviou a un secretario para pedirlle audiencia e que, como soubera que nas costas de España había moitos corsarios turcos, quería tratar con el “o que facer para expulsalos” xa que se lle ordenara tratar sobre xuntar navíos de Inglaterra e de España. E despois de ter audiencia co rei de España enviaría ao seu secretario a Inglaterra para que dese conta do tratado nela e do negocio principal. O 31 de novembro reuniu Xacobe ao seu Consello Privado e nel leuse a carta de Digby ao seu rei na que lle dicía “que foi moi honrado, moi ben tratado e moi ben recibido”, que a audiencia co rei fora moi grata, que se falou do dos piratas, que Filipe remitiuno ao duque de Lerma para que o tratase con el, que de alí foi xantar co conde de Saldaña “que lle fixo moito agasallo e moi espléndido banquete, ... que viu despois de comer as festas de touros e canas, que o duque de Lerma veuno buscar despois con moito agarimo, dicíndolle que esperaba que a súa chegada había de ser para gran ben da Cristiandade e de ambas coroas”, e que o rei Filipe “estaba moi constante” en deseñar a unión co rei de Inglaterra e casar a súa filla co Príncipe. Xacobe, naturalmente, expresou a Gondomar a súa compracencia por todo aquilo. O 15 de novembro don Diego escribíalle ao secretario Ciriza: “Todo o que don Xoán Digby escribiu acá foi encarecendo moito as honras e mercedes que alá recibiu sen dicir nada do desgusto; só a min me di o que a V. M. verá pola súa carta que neste despacho”. Enviou, pois, Gondomar ao seu goberno, como era natural, o memorial de queixas do embaixador inglés¹⁰⁰.

Un asunto que estaba entón moi candente era o da expedición de Walter Raleigh a terras de América. A actitude de Digby foi nisto de franca condena. “Aquí protestou”, escribía o noso embaixador a Madrid o 22 de outubro de 1617, “en moitas ocasións os danos que virían a Inglaterra en permitir a viaxe a Waltero Rale”. E ao recomendar que se tomaran represalias embargando barcos ingleses en Sevilla, aseguraba que “a don Xoán Digby será a quen mellor parecerá esta acción malia que el teña algunhas insolentes e sexa fachendoso de máis o inglés”¹⁰¹.

Na correspondencia de Digby ao seu rei –cartas do 13 e 30 de novembro de 1617– que Gondomar seguía coñecendo polos seus confidentes na corte, dicía aquel, sobre o asunto do casamento, que “se en demostracións e palabras se podía confiar, había ao seu parecer en España xeralmente moi boa vontade... a pesar de que o nuncio da S. S. e o embaixador de Francia o procuraban importunar”¹⁰². De todos os xeitos, non parece que fose este o verdadeiro ambiente que se respiraba na embaixada pois un dos seus colaboradores, Thomas Carey –que, Gondomar, por certo, recomendara calorosamente a Lerma– escribíalle a súa nai que lle parecía que non se había de ter esperanza no casamento. E, pola súa parte, o propio Digby –segundo Gondomar– “escribe aquí a un confidente de seu”, isto é, en pri-

vado, “que ve o negocio camiñar con máis espazo do que pensou”. Non obstante, en Londres, como vimos antes, a través dos informes oficiais de Digby, tiñase a impresión de que a corte española estaba decidida en favor da voda, aínda que na reunión do Consello do 31 de outubro houbera voces disidentes; o conde de Pembroke asegurou que o casamento non se faría porque sabía que o rei de España só o aceptaba co ánimo de que Inglaterra se fixese católica e que así llo dixeran o propio Digby. Pero a maioría non foi desa opinión¹⁰³.

Lerma non quixo levar el directamente a negociación senón que lle empacou o asunto ao confesor do rei, Frei Luís de Aliaga. O 17 de xullo de 1617 Digby empezou con este a negociación. O inglés puña moito empeño en obter un dote elevado porque o seu rei andaba un pouco escaso debido á súa prodigalidade e á avaricia dos seus vasallos; pretendía que ascendera nada menos que a dous millóns de escudos de a doce reais, dos cales medio millón entregaríanse por adiantado en canto ambos monarcas estivesen de acordo no punto da relixión. Pero velaquí é onde se atopaba xustamente o atranco, no da liberdade de conciencia para os católicos ingleses. Digby dicía que isto non estaba incluído na comisión que traía e que nin sequera o estaba o de conceder a suspensión das leis contra os católicos. O Consello de Estado analizou as propostas de Digby e o rei Filipe declarou que, acomodados no da relixión, “non nos desconcertaremos polo dote”; co cal –segundo Francisco de Xesús– “trataba de vencer con interese o que se dificultaba con aparencia de imposibilidade, instando... na liberdade de conciencia ata poñerse a comprala con tan grande suma de diñero”. De todos os xeitos, Filipe expresou que o adianto só se daría cando se tivese o asentimento do Papa mentres que Digby insistía en que iso se fixese xa cando ambos reis estivesen de acordo. Declaraba que o da liberdade de conciencia non se atrevía a propoñerlle ao rei porque “tiña receos de que insistirle tanto a S. M. o rei de España nesta materia era por ter recoñecidos e dependentes de si a todos os vasallos daquel rei que puidesen gozar dela”. Polo cal non podía capitular sobre este punto, era cousa que debían tratar ambos reis en segredo, e cría que Xacobe daría a súa palabra de ir dispoñendo as cousas para que se chegase gradualmente a lograr a liberdade de conciencia sen declaralo publicamente. Pero o rei Filipe manifestou tallantemente, a través de Aliaga, que, sen liberdade de conciencia, non se efectuaría o casamento¹⁰⁴. O 16 de decembro de 1617 avisáballe Digby a Gondomar que “xa camiñamos no negocio e... ata agora non vai mal. No trato... máis que co pai confesor da S. M. que é tan prudente e tan ben intencionado que me dá grandes esperanzas de bos sucesos. No lle poden encarecer o moito que estima a V^a S^a”. E o 24 de xaneiro de 1618 dicíalle que aínda que debía estar ao tanto da marcha da negociación porque en Madrid dicíanlle que o informaban de todo, “ata agora non atopei senón unha enteira intención da S. M. de efectualo”, esperando que remataría ben a pesar das dificultades que se vencerían “como as pasadas”.

Todo se levara co máximo segredo pois só o rei, Lerma e Aliaga sabían os pasos andados aínda que a maior parte da plática foi entre o P. Confesor do que dicía que “é das máis grandes e máis entendidas persoas que coñecín”. Anunciáballe, tamén, que agardaba estar en Inglaterra para abril¹⁰⁵. Pola súa parte, Gondomar trataba de axudar desde Londres á boa marcha dos tratos e así o 12 de xaneiro de 1618 pedíalle a Ciriza que lle agradece a Digby

os bos oficios que facía, aconsellando “que todos o vexan e traten con confianza e amor pois aquí se fai así comigo”, e no mesmo sentido escribíalle a Aliaga¹⁰⁶; e Cottington, o secretario do embaixador, díciolle a Gondomar desde Madrid o 3 de febreiro de 1618 que o seu xefe levaba as cousas moi ben e que para marzo pensaba estar en Inglaterra¹⁰⁷.

Digby díxerlles aos españois que, despois de ter presentado e discutido con eles o que traía, voltaría a Inglaterra a agardar alí pola persoa que enviase o rei de España para que, xunto a Gondomar, tratase do tema co rei. Pero as autoridades españolas, que tiveran ao noso embaixador ao corrente das negociacións con Digby, decidiron que non se enviaría a ninguén e que só Gondomar negociase en Londres sobre o caso. Digby pedíralle o 24 de xaneiro de 1618 ao seu rei licenza para ir a Inglaterra a darlle conta personalmente da marcha das negociacións. O 16 de febreiro Gondomar díciolle a Aliaga e máis tarde a Ciriza que o rei Xacobe concederlles xa permiso e que lle enviaría uns navíos para que fixese a viaxe por mar embarcándose en Santander pois non quería que o fixese por Francia xa que daquela non eran moi cordiais as relacións con este país¹⁰⁸.

10. Gondomar pon fin á súa primeira embaixada.

Gondomar viña queixádoselle a Madrid da súa falta de saúde e da necesidade de volver a España para repoñerse e deixar os negocios, polo menos durante algún tempo, sendo falso –diciá– que fixese dilixencias para outros oficios pois ben claro dixeran “que inútil me atopaba para a ocupación de aquí nin para outra ningunha”¹⁰⁹. Ata entón non lle fixeran ningún caso á súa demanda, pero agora intensificou as súas xestións en tal sentido, intervindo nelas o propio Digby: “O Pai Confesor” escribíalle este o 24 de xaneiro de 1618, “é testemuña do que eu axudei no alcance da licenza que pide a V^a S^a Ilma. Será axiña”. Pero o que veu non foi unha licenza para repousar en España senón o traslado á embaixada en París. Así llo comunicaba Ciriza o 9 de febreiro de 1618. E don Diego, estrañamente, aceptou; o que se cadra indica que non estaba tan enfermo como dicía¹¹⁰. O 23 de marzo Digby anunciáballes a concesión da licenza, que Ribas, o correo, levaríalla axiña e que se daba présa en avisalo para ir dispoñendo as cousas de vagar. Pero nada lle dicía –seguramente porque non o sabía– do da embaixada de París, que para el sería motivo de desgusto¹¹¹. O 2 de abril de 1618 Madrid envioulle a Gondomar a licenza para regresar a España xunto cunha relación da última conferencia que se tivera alí con Digby que foi, por certo, segundo Francisco de Xesús, o que levou o prego que contiña tales documentos¹¹².

Ese día Digby escribíalle a Gondomar unha carta moi breve na que lle dicía que agardaba partir dentro de poucas horas, despois de Ribas. Alentábo e animábo para que volvese a España con saúde onde sería recibido e estimado “máis que ningún cabaieiro que eu coñeza hoxe en día no mundo”. E anunciáballes que partiría de Madrid para Santander ao día seguinte¹¹³. En canto chegou a Inglaterra escribiulle desde a súa mansión de Sherborne o 15 de abril de 1618 notificándolle o seu regreso. Preocupáballes que o seu amigo fixese a viaxe a España por terra, co longo e penosos que era o camiño, “can-

do por mar en seis días coa súa comodidade estaría en Gondomar”. Engadía ademais que o secretario que lle daría esta carta exporíalle polo miúdo o seu parecer ao respecto, “cando non sexa resolto o contrario”¹¹⁴. Pero xa estaba decidido.

Digby chegou a Londres o 17 de maio, xoves, pola noite. Ao día seguinte viu ao rei e logo este mandoulle que fose ver a Gondomar para darlle conta de todo e así o fixo; “e díxome”, contáballe Gondomar ao seu rei, “o ben que fora admitida alá a plática no negocio principal”. O luns 21 de maio, pola mañá, don Diego foi recibido por Xacobe quen se desfixo en eloxios do rei Filipe e dixo que xa vira o que Digby traía e que “lle parecía que o negocio estaba en moi boa disposición e que el non o trataría como mercador nin regateira, senón facendo todo o que puidese”. Gondomar repuxo que se aledaba de oílo pero non deixou de aludir á persecución que sufrían os católicos no seu reino. Deste xeito, foi entrando pouco a pouco e con habelencia no fráxil e difícil tema da liberdade de conciencia. Púxolle de manifesto a necesidade de que tivese unha solución satisfactoria para que o Papa puidese aprobar o matrimonio. Nesta entrevista estivo presente Buckingham, e Gondomar quixo que se chamase a Digby. Xacobe, segundo o seu costume, quitouse de coidados como puido e prometeu que dentro de poucos días volverían a reunirse e “agardaba que me daría materia coa que” o rei Filipe “se satisfíxese”¹¹⁵.

O 26 de maio Digby escribíalle a Gondomar desde o palacio de Whitehall: “O rei, meu señor, mandoume dicir a V^a S^a Ilma. que se folgará de ver a V^a S^a Ilma., mañá domingo ás tres da tarde”¹¹⁶. Gondomar acudiu á cita pero antes viuse con Digby quen lle dixo que lle parecera axeitado “ir convencendo paseniño a este rei e aos comisarios ata que chegasen á fin que se desexaba, e que así procurara que na miña presenza o rei e os comisarios aprobasen todo o que el dixera e feito en España”. E don Diego comenta arteiramente que isto o fixo tamén “pola súa seguridade, como quen coñece ben as mudanzas das cousas de aquí”. Xacobe e o español estiveron un gran anaco falando a soas sobre o asunto da voda e logo chamouse a Digby para que lese os vinte puntos tratados en España e os cinco que se engadiran e que aínda non estaban axustados, cousa que fixo, por certo, de xeonllos. Xacobe mostrouse conforme cos vinte primeiros e en canto aos outros cinco expresou que faría canto puidese para dar tamén neles satisfacción ao rei de España. Conversaron logo sobre outros puntos do problema e da conveniencia de que Gondomar coñecera os pareceres dos membros da comisión nomeada para esta fin que o viñeron buscar e o levaron, desde os aposentos do rei ata os do Consello, e por boca do chanceler, Bacon, expresaron a súa compracencia pola boa marcha do negocio, aprobando os vinte e cinco capítulos que Digby leu outra vez. Gondomar, agradeceulles a súa actitude, animándoos a que axudasen ao seu soberano a vencer as dificultades que puidesen xurdir.

O 30 do mesmo mes Xacobe volveu a recibir ao noso embaixador. A entrevista durou case toda a tarde e nela Gondomar houbo de despreparar todo o seu talento para ir conseguindo os seus obxectivos, pero de vagar, “porque teño por certo”, escribía a Madrid, “que se o que eu entendo que cómpre para o efecto, se lle dixese a este rei hoxe e dunha vez, se lle quitaría a respiración e desesperaría”. Deste parecer era tamén Digby, que foi logo a velo en varias ocasións para tratar da materia e concertar as tácticas. Unha vez díxolle que o rei quería convidalo a comer a Greenwich e, aínda que ao principio Gon-

domar tratou de escusarse pola súa falta de saúde, Digby indicoulle que lle prepararía un xantar para doentes con tan só dous pratos. Don Diego aceptou e o xantar celebrouse o 4 de xuño. A el asistiron tamén o propio Digby, Buckingham e outros cortesáns cos que Gondomar conversou moi afablemente, sobre todo co favorito. A seguir tivo unha longa conversa co rei a quen ía levando pouco a pouco, ou así lle parecía, aos seus puntos de vista. Foi entón cando logrou del que, co gallo da súa próxima partida, dera orde de poñer en liberdade a todos os cregos católicos encarcerados. Once días despois volveu don Diego a ver ao rei para despedirse¹¹⁷.

O 13 de maio Digby escribíralle ao seu colega español: “Señor, moito rin e moito me pesou de ver a *proclamation* que anda moi indiscreta. Certo que tan bo inglés son que pesa na miña alma que a V^a S^a Ilma. vexa isto e mil outras cousas que aí non pasan, pero agardo tanto da súa bondade que en España non se dará por ententido delas”. Trátase da *Declaration of Sports* que Xacobe ditara para regular a práctica de deportes, incluído o baile, en domingo, que os puritanos querían prohibir. Digby, polo que se ve, pensaba que a un español deberíalle parecer chocante o documento e os seus motivos, e sentíase, ao parecer, un tanto avergoñado ante o seu amigo. Este conservou entre os seus papeis un exemplar impreso da *Declaration* con notas súas á marxe¹¹⁸.

Por aqueles días, a amizade e a confianza entre ambos embaixadores, tanto no persoal como no profesional, eran grandes. Algúns días antes da partida do español, Digby invitouno a facer “penitencia comigo”¹¹⁹, isto é, a xantar. E Gondomar, pola súa parte, escribíalle a Filipe III o 15 de xullo: “Don Xoán Digby volveu esta vez tan ben disposto de España e tan recoñecido das mercedes que a V. M. se serviu de facerlle, que teño por certo que non ten a V. M. en Inglaterra máis fiel servidor e teño del enteira satisfacción para poder dicir isto, e vexo que ama e axuda cordialísimamente en canto pode o servizo de Deus e da V. M. Téñame por moi ditoso de concorrer con tal embaixador no meu tempo”¹²⁰.

Gondomar partiu para España o 25 de xullo. O 2 de agosto Digby enviáballe unha carta¹²¹ na que lle dicía ter sabido polo secretario Sánchez de Ulloa que chegara con felicidade a Dunquerque. “Antes que saíse o rei... a correr acordeille todos os negocios que a V^a S^a Ilma. me deixara encomendados. A S. M., rindo, preguntoume se pensaba eu que os tiña esquecidos e así sacou da faltriqueira un papel onde os tiña postos todos da súa propia letra e logo deu orde para a execución de todos”.

O primeiro era o dos *pursuivants*. Digby faloulle ao chanceler Bacon por orde do rei para que se reprimira a actividade destes axentes contra os católicos. Bacon respondeu que así o faría, pois, ademais de ser xusto e necesario, folgábase de servir ao seu amigo Gondomar, e que lle escribiría sobre isto. Digby enviaba adxunta unha carta do referido dignatario na que cría que trataría do tema, como así era en verdade¹²². Diciálle tamén Digby que o rei ordenáralle ao arcebispo de Canterbury que cumprise co prometido a Gondomar sobre madame Temperley, católica que tiña “moita virtude para curar fistulas” e que aliviou a súa a don Diego; o prometido era que nin ela nin a súa familia fosen molestadas por motivo de relixión¹²³. Polo demais, o arcebispo, George Abbot, terrible protestante, contáralle ao rei a mercede que Gondomar lle fixo visitándoo na súa casa cando ía embarcarse, co cal parece que o abrandou pois Digby dicía que “agora fai

profesión de gran servidor da Vª Sª Ilma”¹²⁴. Tamén lle falaba en dita carta do asunto de Walter Raleigh, asegurándolle que o rei habería de cumprir o prometido de proceder contra el; e do dos aprendices, cos que se faría exemplar castigo polas súas insolencias¹²⁵. E remataba dicindo que, pois as cousas “por acá van dispostas da boa forma e da maneira na que a Vª Sª as ve ao chegárenlle alá, axudándose da boa intención e da prudencia da Vª Sª Ilma., encamiñaranse e chegarán ben presto ao punto e boa fin que se desexa”.

Desde Sherborne volvía a escribirlle un mes despois para dicirlle que soubera polo axente inglés en Bruxelas que chegara a esta cidade. O rei Xacobe ía dispoñendo as cousas e el estaba convencido de que, pola súa parte, o negocio non se detería, polo cal pedíalle a Gondomar que procedese en Madrid segundo a maneira que conviña para acadar o éxito que os dous desexaban “e en que a Vª Sª Ilma. traballou tanto”. Suxeríalle que informase ao rei Filipe, ao Duque-cardeal e ao Pai Confesor do estado “dos negocios de acá e así se contenten co posible polo presente, que canto pode fai o rei, meu señor, pero moito se ha de remitir ao tempo”.

Aludía tamén nesa carta ao episodio de Raleigh, que se atopaba xa na Torre, e aseguráballe que “o rei, meu señor, cumprirá punto por punto o que lle prometeu a Vª Sª Ilma. e en todo o demais”. Remataba contándolle que estaba daquela repousando e cazando na súa finca de Sherborne por un mes e que viña da corte agradecidísimo do rei e de Buckingham porque, sen que o pedira, déuselle unha boa axuda de costa e o título de barón, autorizándolle o rei para que llo escribise a Gondomar “porque pensaba que non tiña eu mellor amigo que máis se folgase de calquera ben que me sucedese que a Vª Sª Ilma. e tamén o marqués de Buckingham, e certo é que estes días pasados o rei, meu señor, fíxome grandísima mercede en todo e o marqués portouse comigo con moito amor e cortesía”. Pouco despois, certamente, Digby sería elevado á dignidade de Par como Lord Digby. Frei Diego de la Fuente, o confesor de Gondomar, a quen se lle dera orde de regresar a Londres, foi felicitalo á súa casa nesta cidade pero non o atopou porque seguía en Sherborne¹²⁶.

Naquel tempo andaba Tobie Mathew, un personaxe católico amigo de Gondomar e protexido de Bacon, moi preocupado porque se lle ordenara saír de Inglaterra desterrado. O interesado trataba de evitar por todos os medios que se cumprira a orde e un dos que utilizou foi o da intervención de Digby, que daquela tiña prestixio na corte inglesa, como acabamos de ver. Digby interveu e logrou aprazar o seu desterro. Mathew escribíalle logo a Gondomar desde a casa de Bacon que, aínda que o feito de facerse ese milagre non era moito, “que se faga... por un protestante tan grandioso é moitísimo”. Digby fixera a xestión a petición de Gondomar nunha ocasión que ambos estaban na casa do conde de Arundel, razón pola cal Mathew pediulle a Gondomar que llo agradecese¹²⁷.

Gondomar detérase uns días en Bruxelas de onde pasara a París e o 30 de setembro entraba en España por Irún. Cando se atopaba aquí produciuse a caída do valido Lerma. Logo, en Saldañuela, estivo cinco días na casa da súa filla Constanza, viúva de don Pedro Ossorio de Velasco e recibía a triste nova do falecemento do seu primoxénito, Lope. A mediados de outubro visitaba en Lerma ao favorito caído, desterrado na súa vila, e asistía á profesión da súa filla María. E finalmente, Madrid¹²⁸.

11. Gondomar en Madrid.

Ao chegar a Madrid, o 3 de novembro de 1618, Gondomar escribiulle a Uceda unha breve carta na que lle dicía que mellorara moito desde a súa saída de Inglaterra. É posible que, a pesar das penalidades da viaxe por terra, o cambio de aires e os días que estivera en Bruxelas, París e Saldañuela supuxeran para el un excelente repouso. Pero tamén puido suceder que –como antes apuntamos– non estivese tan doente como dicía e que a noticia da embaixada de París esvaease os seus lamentos; en fin, unha enfermidade diplomática. Na mesma carta, pedíalle tamén ao valido que lle dixese cando podería ser recibido polo rei e por el mesmo. E outra semellante enviou a Ciriza¹²⁹. Unha semana despois aínda non recibira resposta a súa solicitude de audiencia.

Nunha segunda carta a Ciriza do 9 de novembro, xa non se refire á audiencia do rei senón só a que nin o propio Ciriza o recibira aínda. Gondomar quizais se rebaixa demasiado aquí ante o secretario de estado con quen, por outra banda, viña mantendo unha estreita relación. “Ben se ve”, dicíalle, “que mal se amañan todas as miñas cousas pois non biquei aínda as mans da V. M.; prégonlle a vm. que me diga cando poderei darlle unha aberta que o desexo infinito... Señor, dou berros por bicar as mans do meu bo señor Xoán de Ciriza”. Finalmente, a don Diego acabóuselle a paciencia e estoupou. Uceda esquecíase del por completo; e, por riba de non recibilo, tomou algunha decisión que significaba unha auténtica omisión da súa persoa. O 28 de decembro de 1618 Gondomar escribiulle unha carta queixándose duramente e a Ciriza outra, con copia da anterior, na que lle dicía que desexaba retirarse “a retellar a miña casiña” e non quería “servir aldraxado nin andar polas rúas de Madrid desta maneira”. Non sabemos cando viu a Ciriza pero Uceda non o recibiu ata o 20 de marzo de 1619, isto é, case aos seis meses de chegar¹³⁰.

A verdade é que a corte andaba tan absorbida cos preparatorios para a viaxe do rei a Portugal que non prestaba atención a ningunha outra cousa, os asuntos dos que quería falarlles Gondomar podían esperar. “Esta xente, señor”, escribíalle a don Diego un amigo, “anda tan entretida coa súa ceifa que non hai que fiarlle ao seu coidado cousa que importe”. Pero se non o recibían e o excluían, non deixaba de enviarlle cartas ao rei, a Uceda e a Ciriza sobre distintos puntos, xa de política xeral ou xa concretos, algunha tan importante como a do 28 de marzo de 1619, que era Xoves Santo, na que enxuizaba con rigor, acerto e sen inhibicións a funesta condución da monarquía española naqueles momentos¹³¹.

Non deixaban, así e todo, de meterlle présa para que volvese a Francia, “máis do que permite a miña saúde e o estado das nosas cousas, que volvín para curarme e a respirar aire de España”, segundo lle escribía a Lerma o 30 de decembro de 1618. Nesta carta, reiteraba a imprudencia de que se publicase e executase demasiado axiña o seu traslado a París polo mal que isto había de sentar en Inglaterra¹³². Pero era un lamento inútil porque Lerma xa non decidía. Cando, na súa viaxe, se detivo na capital de Francia uns días, indicóuselle que podería xa quedar alí a súa muller ao servizo da raíña Ana mentres el seguía en España para logo regresar e encargarse da misión. Pero xa daquela dixera que, se quedaba alí dona Constanza, os ingleses terían por seguros os rumores que circulaban de que ía deixar a embaixada de Inglaterra, con grave prexuízo para os

tratos en curso sobre a voda. Se aceptaba o de París era por terlle dito ao rei que conviña “ao seu servizo a asistencia da condessa e a miña” alí, pero, á vez, rogáballe que lle dese “una cédula sinalando o tempo breve que eu había de estar en París e que, pasado este, puidese volver sen agardar outra orde”¹³³.

Durante a estadia de Gondomar en España mantivo frecuente correspondencia co seu amigo Digby. Xa o 12 de decembro de 1618 escribíalle este ter sabido que chegara felizmente a Madrid e a grata audiencia que tivera da S. M. e a boa acollida que lle fixeran “todos eses señores”. Pero, en realidade, non recibira aínda tal audiencia e os señores, Uceda e a compañía, non lle fixeran ningunha acollida. Sen dúbida daba iso por feito e adiantábase a dicilo sen ter noticias concretas. Díciulle tamén que en Inglaterra todo ía ben salvo “esta volta dos sacerdotes que fixeron moito estrondo, pero, para reparalo, faremos todo o posible”. Referíase ao regreso dos cregos que foran liberados ao marchar Gondomar e que, nada máis poñeren o pé no continente, decidiron volver ao seu país. Remataba pedíndolle que interviñese para que se arranxase axiña e favorablemente o asunto de William Calley que viña reclamando desde había tempo o pago duns submisntros a Flandres e ao que o goberno español daba delongas¹³⁴.

Digby, o 13 de decembro de 1618, queixábaselle delicadamente, ao seu amigo non ter recibido aínda ningunha carta súa desde Madrid e referíalle as cousas de máis importancia que, entrementes, se ofrecían en Inglaterra. Sobre o negocio do casamento reiteráballe que, a pesar de toda a oposición que se lle facía, dentro e fóra do país, o rei e Buckingham estaban resoltos a seguir adiante con el e que, se en España correspondían como conviña, “habemos de vencer e superar todo tipo de dificultades”. Comunicáballe, ademais, que estaban alí embaixadores de Holanda para resolver algunhas diferenzas sobre pesca, navegación e comercio, e outro do Palatino para darlle conta de que a súa esposa, filla de Xacobe, dera a luz unha filla. Así mesmo, díciulle que o novo embaixador de Venecia queixáraselle ao rei de que Osuna fustrigaba á súa república, consumíndoa –como dicía– *au petit four*, a pesar do que el, Xacobe, intercedera a ese respecto co rei de España; polo cal pedíalle a Gondomar, de parte do seu monarca, que llo fixese saber a Filipe III para que “mande aos seus ministros que a paz que tantas veces se prometeu se poña realmente en efecto”, pois, segundo Xacobe, Gondomar dixéralle que “para acomodar as diferenzas con Venecia, tería máis man que ningún”. Aludía logo á noticia que recibira de que Gondomar volvía a Inglaterra, “nova moi grata para min e créoa e deséxoa; en verdade, señor... fainos moita falta, que sen a V^a S^a Ilma., facendo canto podemos, non facemos nada; e así, por amor de Deus, apresure a V^a S^a Ilma. a partida” que “nesta corte ten máis amigos e máis autoridade que en España”. E retomando o asunto de Calley “pois é cosa de tanta xustiza e conciencia, despácheo a V^a S^a Ilma. ao cabo de dous anos para a súa casa”; a muller e os amigos daquel importunábano a cotío para que se conseguise¹³⁵.

O 30 de decembro de 1618 Gondomar escribiulle ao seu colega avisándoo da súa chegada a Madrid e referíndolle os traballos e pesadumes da longa viaxe aínda que agora xa se sentía máis repostos. Tamén lle daba conta das noticias importantes de España. Sobre o negocio principal nada novo podía comunicarlle e máis ben daba a entender que as cousas ían con certa lentitude, aínda que non deixaba de indicar algúns motivos ou pretextos que

a explicaban. Digby contestoulle o 28 de xaneiro de 1619 doéndose de que a viaxe fose tan penosa e aludándose da súa presente melloría. Tamén se doía de que o asunto do casamento se demorase pero agardaba que en breve de España “teñamos boas novas e con isto hase de vencer todo”. Era tal a confianza que tiña en Gondomar para a feliz conclusión do negocio principal que lle dirá: “Déixenos ver presto por acá a V^a S^a Ilma., que gran falta nos fai a súa asistencia e se non quere a V^a S^a Ilma. que se perda o negocio, no deixe de volver a esta corte”; aínda non sabía que fora nomeado embaixador de Francia. Referíase tamén á proposta que fixera anteriormente en nome do seu rei para unha acción conxunta contra piratas nos seguintes termos: “Ben sabe a V^a S^a Ilma. como, tendo os mercadores ingleses referíndolle ao rei, meu señor, os moitos danos que cada día recibían dos roubos dos piratas do mar, e desexando a V. S. poñer remedio aos seus abusos... mandoume facer a proposición que lle presentei a S. M. Católica sobre o punto de armar contra eles e así tratei este particular coa S. M. e serviuse de responderme que mandarían xuntar comisarios a tratar comigo a este efecto; mais durante todo o tempo que estiveren nesa corte non se procedeu nin vin tomada ningunha resolución no negocio; só á despedida me dixeron que me remitise a V^a S^a Ilma. a tratalo aquí cos ministros da S. M. pero, polo que puider entender, non tivo a V^a S^a Ilma. orde para iso”. Os mercadores ingleses insistiran co seu rei, que decidiu entón preparar unha armada contra os piratas, cousa que tamén farían os holandeses. Digby, para transmitir a queixa do seu rei de que esperara dous anos para recibir resposta sobre o tema, “mándame escribir a V^a S^a Ilma... para que... dea conta diso a S. M. Católica e o convenza, que nas cousas desta calidade... folgaría moito que... se responda e tome resolución”; e que, “entrementes, faranse acá as prevencións para non perder máis tempo, ... iremos alongando a resolución durante todo o mes que vén para ver o que ordenará a S. M. Católica facer da súa parte”. O 19 de marzo Gondomar dirixíase a Ciriza e, facendo referencia ao que Digby lle dicía nesta carta, sinalaba que lle parecía “convenientísimo” responder de seguido a este punto dicindo que o rei de España “folgará desa xunta de armadas para tan xusto e bo fin... e que así, a S. M. nomeará aquí a persoa que, con don Francisco Cottington, axuste e acorde os puntos necesarios para a súa boa conformidade e efecto”. Pero non parece que se procedese como Gondomar propuña.

Nesa carta contáballe tamén Digby a don Diego a historia do sonado incendio que houbera no palacio de Whitehall “que puxo en perigo queimarse toda a casa real, pero foi Deus servido que logo se apagou... e só se queimou o salón grande das festas e varios aposentos cercanos”. Este que Digby chamaba “salón grande das festas” era a *Banqueting House* que Xacobe mandara construír a Inigo Jones en 1609 en substitución da escanstrada que había antes, a semellanza, segundo Gondomar, do salón do Palacio do rei de España “pola boa descrición que fixo del” Nottingham cando estivo para o das paces.

Digby faláballe así mesmo de Richard Berry, aquel católico ao que antes nos referimos, amigo seu e respecto ao cal Gondomar tiña certas reservas, pedíndolle “facédelle alá mercede en cualquera ocasión que se lle ofrecese”; e unha vez máis insistía no “pobre William Calley, despois de tan longo desterro”, cuestión na que non sabemos que é o que causa máis abraio, se a pertinaz xordeira da administración española ou a teimuda insistencia do inglés que, para saldar a súa conta, deixara por moitos anos terra e familia.

Ao remate desta misiva presentaba o diplomático inglés un tema delicado. Xacobe enterárase de que España facía aprestos por mar e terra, e algúns dos seus aliados, sobre todo os venecianos, dicíanlle que contra el. O seu rei non o cría, pero el estimaba que como “proba de amor e boa correspondencia”, conviría que o rei de España ordenase que se lle “dese noticia de cousas de tanta importancia, algo no que non faltará o rei, meu señor, de facer sempre reciprocamente”.

As dúas cartas de Digby antes referidas, a do 31 de decembro de 1618 e a do 28 de xaneiro de 1619, foron enviadas o 16 de febreiro polo seu destinatario ao valido Uceda. Con anterioridade, o 1 de febreiro, remitíralle a Ciriza outra que lle dera Cottington. Nela referíase aos rumores de tratos para unha liga de varios países europeos contra España e o Imperio e expresaba o desgusto de Xacobe polo feito de que non se tomase en conta o seu ofrecemento para a solución do conflito de Bohemia¹³⁶. O 25 de maio de 1618 a nobreza bohemía defenestrara aos dous gobernadores que en Praga deixara o arquiduque Fernando, rei electo. Como nesta crise andaba mesturado o elector palatino, xenro de Xacobe, este quixo contribuír a arranxar a situación pero, polo momento, non se aceptou a súa oferta.

Pouco despois, o 10 de marzo de 1619, Digby volvíalle a escribir para dicirlle que alí agardaban cada día resposta de España sobre o negocio principal que, de vir coa boa conformidade que se esperaba, atoparían ao rei e ao Príncipe moi ben dispostos a celebrar o casamento, e que Buckingham estaba tamén no tema e “é todo noso”. Pregáballo a Gondomar que mirase alá o que pola súa conta corría e estaban certos que o rei de España amosaría igual correspondencia e boa intención que o da Gran Bretaña “por grandes que se lle fagan os puritanos de España, como a V^a S^a Ilma. os chama”. Para el non había cousa de maior importancia, “se se fai, nin de maior inconveniente se non se fai”. Aludía de novo á noticia da armada que dicían preparaba España, que alí fixera iso moito ruído, ata o extremo de que o secretario Winwood, un ultraprotestante, “díxolle ao rei que ela estaba na Manga”. E reiteraba o desagrado do seu rei porque España non lle tivese informado ao respecto. Sobre o de Bohemia, manifestáballo que Xacobe designara como embaixador extraordinario ante o emperador a Lord Hay, vizconde de Doncaster, a quen viu varias veces desde que Gondomar marchou “e por momentos latricamos da V^a S^a Ilma.”. Cando soubo que o rei de Inglaterra resolvera enviar un embaixador a Alemaña, Gondomar, decatándose da importancia de que designase a quen estivese ben disposto cara a España, escribiulle a Ciriza: “conviría que o embaixador que ha de enviar aquel rei para o acomodamento das cousas de Bohemia sexa persoa de intención, partes e cualidades que conveñan para este efecto e que teña comigo a boa intelixencia e correspondencia que eu terei con el”, pois xa se lle encomendara a don Diego unha misión en Alemaña. Dícialle que había que pedirlle a Xacobe designase a Digby ou, se non puidese ser este, a Arundel ou a Thomas Lake ou a outro ben intencionado á relixión católica e á paz¹³⁷. Pero non se nomeou a ningún destes, senón a Lord Hay, vizconde de Doncaster que, segundo Digby, estaba ben disposto cara a España. Con todo, o seu proceder foi un tanto errado, cousa, polo demais, previsible dada a incómoda situación do seu rei. Formulábase tamén daquela a elección de emperador, pola morte de Matías, e Gondomar aconselláballo a Filipe III que lle dixese ás claras a Xacobe que o seu candidato era o arquiduque Fernando para “deixalo sen saída”.

Aínda que Doncaster non levaba instrucións sobre o particular, seica se inclinou polos puntos de vista de España pois o 10 de setembro de 1619 Gondomar comunicáballe ao seu rei que, segundo lle informaban, Doncaster fixera moi bos oficios na referida elección –que tivo lugar o 28 de agosto de 1619, dous días despois da deposición do arquiduque Fernando como rei de Bohemia e a designación de Federico como o seu substituto, e na que, por certo, foi nomeado emperador o mesmo Fernando, o candidato de España, mesmo cos votos dos electores protestantes– e aseguraba “que el procedería de maneira que a V. M. e os seus criados fiásemos de aquí en adiante máis das obras do seu amo e as súas”¹³⁸. Pola contra, no asunto do Palatino a súa conduta foi ben distinta. Máis adiante, Gondomar queixaráselle diso a Xacobe. Cando chegue para comezar a súa segunda embaixada en Londres, en 1620, criticará o proceder de Doncaster en Alemaña, favorecendo a Federico, e o rei, polo menos en aparencia, fará estar amolado, dándolle a entender que ía castigalo botándoo da corte. Pero, máis adiante, os dous embaixadores, quizais por mutua comenencia, fixeron as paces e amigáronse, mesmo ata se fixeron agasallos grazas á mediación de Xacobe. De todos os xeitos, Gondomar non se fiará moito del e dirá que, a pesar de todo, “se pode entorpecer a amizade de España e estreitar a de Francia, farao”¹³⁹.

Na mesma carta do 10 de marzo Digby insistía en que Gondomar facía alí moita falta para o negocio principal e todo o concernente ao servizo do rei de España “e así lle escribo ao P. Confesor que cómpre a volta da V^a S^a Ilma. e isto o máis presto que se poida”¹⁴⁰. Gondomar enviou esta carta tamén a Uceda e, ao facelo, chamaba a súa atención sobre o asunto da armada que se dicía que preparaba España. “Ao que don Xoán Digby me escribe sobre o da nosa armada, paréceme que estaría ben responderlle a verdade, co tino e a prudencia que convén, porque... eles ben saben o que pasou por mil camiños e dicirilles que... era contra piratas é cousa sen fundamento e desacreditanos e fainos sospeitosos sen ningunha utilidade nin froito”¹⁴¹.

Por aqueles días o secretario Lake caera en desgracia. Era amigo de Gondomar e de España polo cal esa noticia non lles resultaba grata. En tal situación, Digby tratou de axudarlle no que puido, sen dúbida por amor a Gondomar. Un criado de Lake escribíalle a este que “o barón Digby mostrouse como amigo sentido”¹⁴². Non obstante, estas e outras axudas non lle serían de gran proveito porque había outros intereses no medio que buscaban a súa desgraza á que o propio Lake e a súa familia non deixaron de contribuír. De todos os xeitos, a influencia de Digby no rei era, naquel momento, importante. O 11 de abril de 1619 referíalle o P. La Fuente a Filipe III que, vindo Xacobe de Newmarket a pasar a Páscoa en Londres, apretoulle o mal de pedra en Royston de forma tan aguda que se teme polo súa vida e, naquel transo, chamou ao Príncipe e relatoulle unha longa arenga sobre o que debía facer para o bo goberno do reino, encomendándolle que se valesse, como axuda, en primeiro termo do duque de Lennox, por ser parente, en segundo lugar de Buckingham, pola súa fidelidade, amor e atención que lle mostrara, e en terceiro lugar de Digby do que lle dixo que era moito o que fixera en servizo deles os dous, tanto en España como en Inglaterra, especialmente no referente ao casamento, xestión á cal dedicara gran empeño e traballo e que, por iso, padecera e padecía o ataque dos malintencionados, polo cal debía honralo, agasallalo e defendelo; e que soubese que todo o que Digby fixera foi por orde súa e que

sempre lle dera gusto en todo¹⁴³. Nunha carta de La Fuente a Gondomar da mesma data, ao informalo sobre os intentos de mediación do representante de Savoia para eliminar certas rozaduras entre Inglaterra e Francia, e tamén sobre as relacións entre Inglaterra e Holanda, dicíalle que Digby amosábase “amigo de España nisto como en todo”. E pouco despois escribíalle “que é o máis verdadeiro e máis cordial amigo que a V^a S^a ten hoxe no mundo”¹⁴⁴.

12. Segunda embaixada de Gondomar a Inglaterra.

A comezos de marzo de 1619 a embaixada de Gondomar a Francia quedou finalmente anulada e dispúxose que volvese a Inglaterra.¹⁴⁵ Non hai dúbida que dende alí se fixeron xestións e presións con tal obxecto, sendo La Fuente e Digby as súas canles principais. Na correspondencia de Digby son habituais as frases que expresan o afervorado desexo da súa volta como persoa imprescindible para levar a bo fin o que se traía entre mans. Pero a Gondomar a cousa non lle chistaba moito: “Despois falóuseme de Inglaterra, dicíndome que para o servizo da S. M. conviña máis o meu regreso alí para o estado das cousas presentes, e andando nestes tratados e lerias, que só pensar nelas confésolle a V. M. que abafaba...”¹⁴⁶. Mais non foi iso só senón que se lle engadiu tamén unha embaixada extraordinaria a Alemaña á vez que, para contentalo, nomeábase mordomo do Príncipe. O dobre nomeamento do diplomático era, segundo Gondomar, “cousa tan honrada e conveniente... ao servizo da S. M. que me fixo aceptalo e estimalo, pechando os ollos a todos os contratempos e perigos da vida e conformidades da miña quietude e benestar”. Non deixou, con todo, de sinalar que todo iso era custoso e que el andaba escaso de recursos; e respondéuselle que tiña moita razón e que se faría con el o que correspondía. Pero a verdade é que non se fixo nada especial. Pola contra, ao marqués de Mirabel, que ía ocupar no seu lugar o posto de París, aumentóuselle o soldo en dous mil ducados e outros tres para un fillo, máis outras gratificacións e promesas e o nomeamento de conselleiro de Guerra, “mercedes moi ben empregadas”, dicía Gondomar, “e moi necesarias para os gastos e lucimentos da súa persoa naquel posto”. Emporiso –engadíase– “pois Londres non estaba máis preto de Madrid que de París e... a embaixada de Inglaterra era... sen comparanza máis custosa cá de Francia... parecía xusto que isto... se igualase... co que se facía co marqués de Mirabel”. E non era só a Mirabel a quen puña como exemplo para que lle retribuísen debidamente os seus servizos senón tamén ao seu amigo Digby: “para que Xoán Digby volvese coa embaixada extraordinaria por segunda vez a España o seu rei deulle o estado de Sherborne, que vale trescentos mil ducados, e fíxoo barón e par do reino, sendo un pobre xentilhome, o seu conselleiro de estado e primeiro xentilhome da súa cámara, vicecamareiro maior”¹⁴⁷.

O 19 de marzo de 1619 don Diego escribíalle a Ciriza que era urxente avisar a Inglaterra que ía volver alí e que antes deteríase en Alemaña. En cartas do 25 de maio e 1 de xuño Ciriza preguntáballe a Gondomar, na primeira delas, cando podería partir pois o rei quixera que fose coa maior brevidade. Na segunda, dicíalle, ademais, que o rei decidira que cesase da súa embaixada en Alemaña. Don Diego quedou de pedra. “Causoume isto un gran desconcerto”, escribíalle ao secretario, “e aínda algunha pexa no meu creto”, se ben

cría que non podía perdelo tratándose de obedecer ao seu rei. Engadía que non quería replicar nin falar sobre o tema; pero, ao cabo, fíxoo ao queixarse de que se suspendese a súa embaixada a Alemaña despois de terse “publicado no mundo a miña chegada alí, non só con despachos para o emperador que morreu senón tamén para os electores, duque de Baviera e outras moitas persoas que hoxe están vivas e máis necesaria que nunca a negociación, e ter ido o embaixador de Inglaterra a Alemaña con esperanza e desexo de atoparme alí, e así mo escribe que só faría o que eu lle ordenase”¹⁴⁸.

A contrapelo, aceptaba o que se lle mandara. O 7 de xuño dicíalle a Ciriza que “partirei logo”, e o mesmo lle comunicaba a Uceda aínda que agardaba que lle desen as compensacións pertinentes e un trato non inferior ao que recibiu o marqués de Mirabel para ir a Francia¹⁴⁹. O 30 de xuño de 1619 pediulle a Ciriza que lle mandasen instrucións para a súa nova misión. “Eu partirei logo a Inglaterra... A V. M. envíeme as ordes que hei de cumprir, mandando a V. M. que poña na Instrución... o que hei de tratar co rei de Inglaterra para o tratamento das cousas de Alemaña e que, feito isto e exposto tamén prontamente todo ao que podería chegarse e alongarse en materias de relixión para o casamento, poida eu volver a España sen agardar outra orde”. Tamén quería que se lle dixese o que había de responder á cuestión dos cincocentos mil ducados que Digby tratara en Madrid con Aliaga que se anticiparían do dote porque “ao chegar alá han de facerme gran solicitude pola resposta disto”¹⁵⁰. O mesmo lle dicía a Uceda en carta da mesma data pero, ademais, insistía en que se lle igualase co que ía a Francia e cos seus antecesores na embaixada de Inglaterra que, se non lle facían vantaxe nin no tempo nin no desexo de acertar, si lla facían en ter moi boas encomendas e rendas “e a min nin se me deu para ir nin despois de ter volto o un nin o outro”¹⁵¹.

Entrementres formulárase o problema de protocolo que supuña a morte da raíña de Inglaterra. Era mester determinar o que se debía facer. O acostumado era que se enviase un embaixador extraordinario. Ciriza pediulle a Gondomar que pescudase por Cottington que fixera o rei de Inglaterra con Filipe III cando morreu a raíña Margarida, a súa muller. Cottington díxolle que el estaba daquela en Inglaterra e Digby en Madrid como embaixador ordinario e que o rei de Inglaterra enviara carta de pésame para o de España e disposto que Digby a entregase e fíxese nisto oficio de embaixador expreso e extraordinario e que así llo dixese a Filipe, cousa que así fixo Digby. Pero a don Diego debía causarlle estrañeza que a corte de España –ben por esquecemento ou descoido, ao cabo, mala organización– non soubese o que daquela se fixera, e por iso dicía que “do que disto houbo, dirano mellor as mans dos ministros polas que correron logo aquí estas cousas, que eu non estaba aínda en Inglaterra”; e con loable pragmatismo, sinalaba que “a distinción e coñecemento dos tempos para escoller e obrar conforme a eles é o de que a prudencia e o valor deben usar máis que dos exemplos”¹⁵².

O 18 de agosto de 1619 acusáballe recibo ao seu rei das instrucións e cartas que lle mandara de Lisboa o 7 e o 9 do mesmo mes para a embaixada de Inglaterra e dicíalle que, en canto o conde de Salazar, presidente de Facenda, cumprise co que el lle mandou –darlle diñeiro–, partiría, “sentindo só que a miña saúde estea xa en estado que eu mesmo debo dubidar moito da falta que me fará para cumprir coa importancia de tales negocios, e isto

mesmo me obriga a representar á V. M. e as dificultades que xurdirán ao encargarme deles; pero se morrese no camiño, non me terá faltado o ousar morrer nin a vontade de obedecer e cumprir a da V. M.". Engadía que faría a viaxe por terra, a través de Francia, por estimalo máis conveniente, se non se dispuña outra cousa. O mesmo lle dicía a Ciriza. Insistía, pesimista, en que "non hei de poder facer o que sei que non hei de poder, e así o dixen e digo"¹⁵³. Ese pesimismo reflectíase tamén nunha carta posterior a Uceda, e era provocado non só polos seus achaques senón tamén polas penurias económicas pois "o presidente de Facenda me di que non ten un real nin de onde sacalo para despacharme"; e reiteraba que "eu estou tal que non son de máis proveito que para rezar o rosario preto da sepultura dos meus pais"¹⁵⁴. Aínda o 8 de setembro reiteraba a Ciriza que "moi malo ando señor, porque estes días magoáronme os meus achaques fortemente"; aínda que nunha arroutada de carraxe declaraba: "pero o corazón manda as carnes e este estará axiña ao servizo do noso amo". "Verdade é", engadía, "que aos que me ven desta maneira e o estado no que se atopan as miñas cousas, parécelles que estou tolo en querer ir convalecer a Inglaterra"¹⁵⁵. Para animalo e facelo superar ese estado depresivo a que, polo demais, era propenso, a súa muller diralle que "pois xa que tivestes resolto facer esta xeira de tantas dificultades na saúde e no tempo e incomodidades da viaxe e na negociación del, facédeo contentamente porque máis valedes e para maiores cousas nacestes que para ser escravo de vós mesmo"¹⁵⁶.

Por aqueles días Gondomar houbo de opoñerse ao desexo do seu amigo Digby de que se aceptase como cónsul de Inglaterra en Portugal a un recomendado seu, que fora antes o seu mordomo. A pesar de que traía cartas do P. La Fuente e do secretario Sánchez de Ulloa, ademais da de Digby, "nas que aseguran moito a súa bondade e intención", Gondomar, consultado ao respecto, respondeu que o seu parecer era "que non se lle dea o título de cónsul... nin se lle confirme o que trae senón que se admita ao uso e exercicio do oficio... sen facer sobre isto auto nin declaración xurídica nin darlle papel diso". Baseaba a súa opinión en que o tiña por "herexe aínda que reportado" e "calquera cousa de relixión ou de estado de que... lle pareza que poida congratularse co seu rei contaralla, e farao polo seu acrecentamento e pola súa mesma natureza". De todos os xeitos, estimaba que "non ten a cousa substancia nin dano para aventurar por ela os sentimentos que, de non admitilos, causaríanse no rei de Inglaterra e no de don Xoán Digby", e así, de "chegar o caso a ser forzoso confirmarlle o título,... pareceráame a min que llo confirmara" aínda que sen autorizalo para que puidese renunciar o oficio noutro¹⁵⁷.

O 15 de setembro felicitábase en carta ao seu rei de que a elección do emperador tivese recaído en Fernando e que había que felicitalo por ter sido el "o brazo deste efecto". E dado que iso estaba xa liquidado, que era un dos obxectivos da súa embaixada a Inglaterra, e do casamento "non corre présa nin convén dala", "podería eu agora sen ardoes ir onde está o emperador e darlle a S. M. Cesárea o parabén no nome da V. M. pois, téndose publicado xuntas estas dúas embaixadas en min e sabídose así en Inglaterra e en todas partes, non é dar ningunha novidade senón poñer en efecto o acordado e a nova sería non facelo desta maneira". Indicaba que, no caso que conviñese ir primeiro a Inglaterra, podería facelo e pasar de alí a Alemaña e volver logo a Inglaterra. No mesmo sentido escribíalle a Uceda e a Ciriza. Vese que lle doía que se suprimise a súa embaixada a

Alemaña o que, segundo el, fería a súa reputación. Pero non o conseguiu. Polo demais, o importante asunto de provelo de fondos xa se resolvera. O 29 de setembro dicíalle a Ciri-za que o conde de Salazar, presidente de Facenda, “deume xa a orde para que se pague a axuda de costa e se dean as letras para Flandres”¹⁵⁸.

A mediados de outubro chegara pola posta o secretario de Digby para darlle conta ao rei de España de parte do de Inglaterra do que sucedera no da elección do seu xenro como rei de Bohemia. Este enviáralle un embaixador para pedirlle o seu consello sobre si aceptaría ou non esa coroa, e, cando ía contestarlle que non conviña que a aceptase, chegou o aviso de que xa o fixera sen agardar a súa resposta nin parecer; “e mostra disto o rei de Inglaterra moito sentimento do Palatino, desexando que o crea a V. M. así”, dicíalle Gondomar ao seu rei.

O 13 de outubro de 1619 en proba da súa afirmación, o secretario, entre outros papeis, presentou copia da carta de Xacobe ao Palatino na que censuraba duramente o seu proceder. Digby en carta a Gondomar do 29 de setembro que lle trouxo tamén o seu secretario, ao tempo que lle dicía que quizais non o atopara xa en Madrid por acharse en camiño de Inglaterra, informáballe ao seu amigo que a elección que fixeran os bohemios en favor do Palatino “alporizounos moito e o rei, meu señor, está apesarádísimo e anoxadísi- mo”. Alentábao a apresurar a súa chegada a Inglaterra para falar co seu rei “que é o maior home de ben e o maior amigo de España que hai en Inglaterra”. Pero don Diego non se deixaba convencer. Pouco despois escribíalle a Uceda: “Mal, moi mal anda o de Alemaña e o rei de Inglaterra anda emperrenchado para que acá creamos que el non lle axuda ao seu xenro, senón que lle pesa o que fai, que son coplas e peor trobadas cás de don Luís de Góngora”. Gondomar opinaba que Xacobe quería que, do sucedido, Filipe quedase “moi agradecido e o seu xenro, rei de Bohemia; e nunha segunda xogada dirá que, aínda que o fixo sen a súa orde, posto xa no tema, non pode deixar de asistilo; que o importante vén a ser moita cortesía e satisfacción nas palabras e con isto ir facendo mellor o seu negocio porque pensan nas súas cousas a modo e o que resolven executano a présa e por man dos máis experimentados e que mellor entenden o que han de obrar”¹⁵⁹.

Digby que tanto arelaba a volta de don Diego, pensaba, como vimos, que podería estar xa camiño de Inglaterra cando escribiu a súa carta do 29 de setembro. Pero non era así. O 15 de outubro anunciáballo Gondomar o seu regreso ao rei Xacobe, xustificando o seu retraso a problemas familiares que non argumentou, por certo, ante as autoridades españolas –a morte do seu fillo Lope e o preito coa súa nora por causa do neto– e prometéndolle emprender logo a viaxe “se o rigor do tempo non me detén algún días”¹⁶⁰. Pero o humor de don Diego foise escurecendo e retrasaba a partida. Pensou logo en tratar de ver ao rei que, ao seu regreso de Portugal en outubro, detérase en Casarrubios do Monte aqueixado de súbita doenza. E a Casarrubios marchou a finais de novembro para falarlle das cuestións que levaba na súa misión e que eran, segundo el, de tanta importancia e dificultade que non se podían dar a entender ben por escrito. Ademais quería que o relevasen do cargo. Pero o rei non o recibiu e ordenóuselle que marchase de seguida. Ciri-za comunicoulle que a S. M. mandáballe que partise logo e el respondeu o 1 de decembro que non sabía “conforme á mudanza das cousas e ao estado que hoxe teñen, o que hei de facer”. Iría, pois, sen reparar

na saúde, o tempo nin os problemas persoais, por obediencia, cos ollos pechados “pero moi confuso en saber se cumpro coa fidelidade pois vou errar e a perder, e así a mellor cousa que para min pode haber é rematar a vida antes de chegar a Inglaterra”¹⁶¹.

O 4 de xaneiro de 1620 Ciriza volveu a escribirlle urxíndolle a que continuase a viaxe, nun ton certamente áspero. Díciálle que, despois de ter saído de Madrid con prontitude, cousa que o rei llo agradecera, soubo este con estrañeza que se detersa en Valladolid, polo que agora ordenáballe que proseguise, pois, do contrario, a necesidade de embaixador en Inglaterra podería obrigar a S. M. a tomar outra resolución. Gondomar contestou catro días despois, desde Valladolid, que non o detiveran alí folganzas nin recreacións nin as inclemencias do tempo e os camiños senón outros traballos e necesidades maiores e que coa súa carta convertía en cinza a vaidade da que se gababa por non ter sido nunca reprendido. Insistía en que moitas veces dixera que non tiña saúde para servir na embaixada e que sería para el singular mercede que o rei se servise en nomear a outra persoa para o posto. O mesmo día escribíalle a Uceda unha carta na que formulaba con claridade e dureza as súas queixas por como tiña sido tratado. Doíase de que, despois de tantos servizos como prestara, “o remate fora mandarme saír da corte mediante unha carta tan desfavorecida como a que me escribiu Xoán de Ciriza”, e que lle ordenasen saír de Madrid dous días antes de que chegase o rei “facéndome vir sen que eu lle bicase a man, nin a V^a Ex^a quixo permitir que eu o fixese en Casarrubios aínda que llo roguei”¹⁶².

En carta a parte formuláballe a Ciriza o problema de se facer a viaxe por mar ou por terra. Por terra sería máis lento pois –díciálle– no seu regreso, e era verán, tardou noventa e catro días; razón pola cal propuña que lle mandasen uns navíos, como a primeira vez, para embarcarse desde Baiona ou A Coruña. Os seus paisanos os Nodales, sonados navegantes, ofrecéronse para levalo por mar e, Digby, como vimos, tamén lle aconsellaba esta vía. Pero el deixouno á decisión da corte que resolveu que fixese a viaxe por terra. O 15 de xaneiro de 1620 anunciáballe a Ciriza que procuraría saír de Valladolid o martes 21 de xaneiro, indo por Burgos, Irún e París, e logo dereito a Calais. E cumpriu a súa promesa. Dona Constanza, a súa muller, –que esta vez non o acompañaría a Londres– escribiulle desde Madrid para darlle algúns consellos referentes ao seu labor en Inglaterra e consolalo do mal trato recibido. Faláralle a Ciriza quen lle dixo que, como secretario de Estado, non podía quitar nin poñer palabra do que se lle ordenaba, e que a présa que se lle dera era pola falta que facía alá. Pero cando se soubo que reanudara a viaxe, Ciriza escribiulle para expresarlle a súa compracencia e foi ver a Uceda a quen lle dixo: “Señor, esta prontitude... merece que, cando chegue a Londres, atope alí a mercede dunha encomenda para o seu fillo”¹⁶³.

Saíu, abofé, o 21 de xaneiro de Valladolid. En Lerma volveu a ver á súa “monxiña” María e en Saldañuela á súa outra filla Constanza. A comezos de febreiro atopábase en San Xoán de Luz. E a pesar das molestias da viaxe e aos seus achaques, dos que a cotío se queixaba, non deixaba de escribirlles aos seus amigos e aos da corte, aínda que non lle respondían¹⁶⁴. Chegou a París o 28 de febreiro. Viu á raíña pero non ao rei, que estaba ausente, e, ao regresar ao camiño, saíulle ao encontro para saudalo, un embaixador do rei Xacobe¹⁶⁵. En Amiens entrevistouse co rei de Francia a quen lle falou da axuda ao emperador na cues-

tión de Bohemia. Luís XIII fixolle algunhas promesas pero don Diego cría que se podía dudar abondo de que puidese vir nada novo de París que beneficiase á Cristiandade¹⁶⁶. O paso da canle foi arriscado pois houbo temporal e tivo que meterse nun batel, que ía mediado de auga, para chegar a porto en Dover. Alí fixéronlle os saúdos e honores de rigor e recibíuno Lewis Lewkenor, que xa o fixera a primeira vez, con outros cabaleiros con numerosos coches que o acompañaron ata Gravesend. Neste lugar tomaron barcas do rei e o príncipe río arriba para chegar a Londres o 18 de marzo de 1620¹⁶⁷. Nas xestións para encontrarlle casa interviu Digby e á fin apousentárono nunha que o rei prevera e compoñera, grande e boa, e con ben disposta capela, aínda que escura, polo cal Gondomar dicía que ía buscar outra¹⁶⁸.

13. Entrevistas con Xacobe I.

A mesma noite da súa chegada Digby foi avisalo de que o rei estaba en Theobalds e que o enviaba a saudalo e a dicirlle que desexaba velo axiña. E ao día seguinte foi Buckingham, tamén de parte do rei, para concertar a audiencia que se sinalou no palacio de Whitehall para o domingo 22 de marzo. Foi buscar ao noso embaixador o conde de Arundel, Thomas Howard, quen o acompañou á presenza do soberano; pero, cando ían entrar na sala, produciuse o coñecido incidente do afundimento do chan que, aínda que non lle causou a Gondomar maior dano, si que llelo produciu a outras persoas e foi atribuído por algúns aos puritanos. Xacobe e o seu fillo acolleron a Gondomar co maior afecto. O embaixador entregoulle a aquel a carta de pésame do seu rei pola morte da raíña Ana aínda que lembrándolle que Filipe III xa ordenara anteriormente ao P. la Fuente e ao secretario Sánchez de Ulloa “que lle representasen o seu sentimento mentres eu non chegaba a facelo máis formalmente”¹⁶⁹. Isto fai pensar que, na súa segunda embaixada, Gondomar viña como embaixador extraordinario. “Extraordinario” ponlle o embaixador de España en París, marqués de Mirabel, no sobrescrito dunha carta que lle enviará máis adiante; e Frei Diego de la Fuente, na súa correspondencia con Gondomar, alude varias veces a que ía con tal carácter, aínda que o interesado pedíralle que non o dixese en Londres, quizais para que non pensasen os ingleses que ía volver axiña¹⁷⁰. Non obstante, algúns cren que o noso don Diego conservou o seu título de embaixador ordinario durante a súa ausencia de Londres e o certo é que o rei de Francia, no pasaporte que lle dará para o seu regreso en maio de 1622, chámalle *ambassadeur ordinaire d’Espagne*¹⁷¹. Tal vez, ademais da súa condición de ordinario, nunca por entón perdida, engadiuselle a de extraordinario que soía recibir maior agasallo e consideración.

Un día despois, tivo co rei outra entrevista, esta xa de carácter privado. Ía disposto a falar con dureza sobre o proceder do goberno inglés en diversos puntos da política internacional, sobre todo os asuntos de Alemaña e as relacións con Holanda, e os ingleses deberon presentilo. Por esa razón varios cortesáns, sen dúbida a suxerencia do monarca, faláronlle previamente en privado para pedirlle que procedera con brandura pois o rei víase aboucado por todas as partes. Nesa tarefa de amolecemento participou Digby quen, atopándose con Gondomar na antesala da audiencia, “afastouse comigo a unha ventá con mostras de

moita confianza, dicíndome os erros de aquí e afirmándose en que era boísima a intención do rei para con todas as cousas de España porque estaba tan só e tan coutado polos puritanos e de inimigos nosos que non atopaba medio nin maneiras para encamiñar o ben, e que eu mesmo debíalle ter moita mágoa porque estaba aflixidísimo e entendía que estas cousas habían de acabalo e que... eu falase con el máis de solucións que de entristecelo e amargalo”.

Aseguroulle que el mesmo padecera moito por España e que o rei e el estaban sós e que os principais persoeiros da corte censuraban a Xacobe porque non socorría á familia da súa filla. Que el mesmo cría que España tiña a culpa de todo “pois poñendo este rei, como puxo, á súa disposición a súa persoa, o seu estado e o seu fillo e relixión, en España non lle fixeramos ningún caso”; que España menosprezou a oferta que el mesmo propuxera de aliarse ingleses e portugueses contra os holandeses, e a de unir armadas contra os piratas ata que, tras longa espera, houberon de unirse para iso cos holandeses. E rematou dicíndolle que “el observara que en España perdiamos o tempo por anos e que nos parecía despois que se podía reparar cun correo a toda dilixencia que gañase dous ou tres días e que faciamos burla dos remedios ata que os males eran irremediables; e que el falábame con franqueza o que entendía do proceder de acá e de alá e tanto como criado” do rei Filipe “como do seu amo, porque o era de corazón, e o meu amigo”.

Gondomar respondeu falando claro e atacando. Queixouse do mal que estaban as cousas e do distintas que eran do que el asegurara en España, polo que tamén a el debía de terlle mágoa “e que me agradecese que non me puxese a dar berros pois era só ao que viña e a deixarme facer anacos na defensa da verdade e a razón, da fe e a palabra que o rei me dera e que para o que aquí se fixera non había ningunha excusa”. “E non puiden dicirle máis porque me dixo que o rei me estaba agardando”. Na entrevista, Xacobe comezou tamén a doerse da situación na que se atopaba e pedíndolle que non o magoase senón que se compadecese do estado no que se vía de afliximento e traballo, acosado por todos os lados. Aseguroulle que de verdade non quería outra amizade que non fose a de España e casar ao seu fillo coa infanta. Propúxolle que falasen os dous a cotío para clarear e arranxar todos os problemas pendentes, designando a persoas de confianza que puidesen servir de intermediarios, para o cal suxeriu a Digby; “e eu”, escribíalle Gondomar ao seu rei, “dixenlle que estaba ben porque, sen dúbida, é hoxe o menos malo de aquí”. Pero indicou que debía tamén intervir no tema Buckingham “parecéndome que sen el... nada se podía encamiñar ben”. E así quedaron en que lle enviaría aos dous para que tratase con eles todos os asuntos en curso¹⁷².

14. Aston, embaixador ordinario en Madrid.

Entrementres fora designado embaixador ordinario en Madrid, Walter Aston. Este era, ou debía ser, amigo de España pois desde había xa bastantes anos viña recibindo pensión da nosa embaixada, concedida polo condestable Velasco cando o das paces, e que ascendía a catro mil ducados ao ano¹⁷³. A súa chegada, en abril de 1620, non deixou de ocasionar problemas pois as autoridades de Madrid, non sabemos por qué, ordenaran que, ao che-

gar a porto a súa equipaxe, se selara e enviara á capital para ser revisado; quizais para comprobar se traía papeis heréticos. Por outra parte, aínda non había casa destinada para o embaixador porque o Consello de Estado, que a sufragaba, non estaba disposto a dar máis de 800 ducados ao ano, cantidade insuficiente para conseguir unha decente. Mesmo propuxeran que ocupara a de Gondomar na rúa de Atocha, do que a propia dona Constanza se persignaba cando llo dixo. De ambas cousas queixóuselle Cottington a Gondomar quen escribiu a Filipe III adxuntándolle a súa carta, para sinalar que en Inglaterra castigarían a calquera funcionario que intentase abrir un baúl ou caixa dirixidos ao embaixador; e en canto ao da casa, dicía que se laiabán alí en Londres de que se lle quitase ao embaixador de Inglaterra a que tivo sempre “e que isto foise encamiñando cada vez peor cando aquí, vendo este rei que non se atopaba casa para min, el mesmo foi quen ma fixo buscar e compoñer”. Concluía Gondomar recomendando que se tivese particular coidado “nestas cousas de agasallo e demostracións de vontade” e castigar ao que non o tivese¹⁷⁴.

Don Diego respondeu a Cottington que lle agradecía non ter transmitido a Londres as súas queixas sobre o da casa do embaixador e a súa equipaxe, “que estas advertencias”, dicíalle, “fanos os ministros inferiores sen noticia da S. M. nin dos señores do seu Consello de Estado”. Aseguráballe que non descoidaría en facer todas as xestións pertinentes para corresponder ás atencións que alí en Londres tiñan con el pois déranlle unha casa moi boa e luxosamente decorada e feito outros mil favores e tamén polo especial afecto que sentía polo embaixador Aston¹⁷⁵. Un home da confianza de Gondomar, Troncoso de Ulloa, que lle proporcionaba información e lle facía dilixencias en Madrid, escribiulle o 13 de abril de 1620 que o embaixador de Inglaterra ía residir na casa dos Pereiras, pouco acomodada, segundo el, porque os seus cuartos eran estreitos; pero dous días despois, ao confirmarlle que o apouentaban na casa onde estivo Domingo Pereira e os seus parentes, indicaba que lle daban tamén outra casa estremeira, de xeito que Cottington xa se atopaba satisfeito¹⁷⁶. Mentres se lle preparaba a vivenda –cousa que, por certo, facíase moi ben, enfeitándoa coas cousas que el traía– Aston permanecía en Baraxas, a onde dona Constanza enviou recado para visitalo, devolvéndolle el logo a visita por Cottington. Troncoso foi despois de parte da muller de Gondomar para ofrecérselle por se había mester dalgunha cousa¹⁷⁷.

Cottington escribiulle a Gondomar que Aston, servíndolle el de intérprete, fixera xa todas as súas carreiras, isto é, as visitas, mesmo ao rei e ás altezas, sendo moi ben recibido e que agardaba que faría bos servizos ás dúas coroas por ser un bo cabaleiro e estar animado dos mellores desexos¹⁷⁸. Aston tamén lle enviou unha carta de saúdo e cumpridos o mesmo día e, pouco despois, outra na que lle agradecía “a honra que lle fai a miña muller” a condesa de Gondomar: “ambas son moi boas mulleres”, dicíalle, “só se diferencian en que a miña sabe recibir as mercedes e a da Vª Sª Ilma. facelas”¹⁷⁹.

15. Empeoramento das relacións anglo-españolas.

O 2 de abril de 1620 escribiulle Gondomar ao seu rei unha longa carta na que facía unha clara e franca análise do estado das relacións entre os dous países. Os seus resulta-

dos non eran nada optimistas porque España esixía a liberdade de conciencia para os católicos como condición previa ao matrimonio e Xacobe “non pode nin quere concedela” aínda que lle dicía que “faría todo canto puidese en favor dos católicos” sen que chegase a precisar máis tal oferta. Desexaban saber os ingleses “con que a V. M. se contentará”, sen o que non se declararían máis. Nas instrucións dadas a don Diego, dicíase que, se os ingleses non accedían a concederlles a liberdade de conciencia aos católicos, o casamento non se habería de facer, aínda que non por iso se debía crebar a negociación “senón que o entreteña e conserve con vida”. A situación, como se ve, era difícil. Gondomar cría que esa dilación era prexudicial para España e que o tempo traballaba contra ela: “co tempo que nos parece que gañamos con alongar e entreter as pláticas e os tratados, dámoslles vantaxe aos nosos inimigos e por parte da V. M. pérdese”. Por esa razón, aconsellaba a Madrid tomar as medidas necesarias para unha eventual acción bélica: “teño por conveniente e necesario que a V. M. dispoña as súas armas e facendas de maneira que se atope apercibido porque isto mesmo causará aquí respecto”. Sinalaba que tanto o pobo inglés como moitos dos nobres desexaban a guerra contra España, da que se prometían grandes beneficios; que o trato do casamento era o único que o detiña, e que, aínda que o rei amaba a paz e temía a guerra, se se desenganaba da voda, non podería impedila nin acharía quen o secundase “e don Xoán Digby será o primeiro e máis declarado inimigo que teñamos”, afirmación, certamente, desalentadora¹⁸⁰.

Cottington escribíalle a Gondomar o 16 de marzo desde Madrid que non lle avisaran nada de Inglaterra sobre o seu regreso polo cal pensaba que quedaría alí ata saber se Digby “ha de vir por acá ou non”. Pero quince días máis tarde Gondomar anunciáballe ao seu rei que “como a V. M. sabe, está nomeado por embaixador extraordinario para este negocio” e que lle dixera “que partirá decontado a España porque o rei díxolle hoxe que se preveña”. E o 20 de maio comunicáballe ao mesmo que “o barón Digby vaise preparando para a viaxe a España e díxome que pensa partir de aquí para mediados de agosto e outros dinme tamén que anda a facer as previsións para este tempo. Este rei nomeouno superintendente da casa do Príncipe, que é gran cousa, con retención de vicecamareiro maior e os demais cargos que ten na casa do rei”¹⁸¹. Ía ir como embaixador extraordinario para concluír dunha boa vez o asunto da voda. Pero o goberno español estimaba, como vimos, que aínda estaba moi verde a cousa e así llo comunicará a Gondomar, que procurase que Digby suspendese a súa viaxe “pois aquí non será mester a súa persoa ata saber o que se negocia en Roma pero... por ningún caso sospeite que acá se desexa atrancar”¹⁸².

16. O plan de partición de Holanda.

En xuño, Digby acompañou a Buckingham nunha visita ao noso embaixador para propoñerlle un ousado e singular proxecto de partición de Holanda entre Inglaterra e España. Xacobe nunca sentiu moita simpatía polos holandeses que eran, ao cabo, para el, tan receoso dos privilexios dos reis, súbditos rebeldes¹⁸³. A isto engadíanse os antagonismos comerciais e marítimos entre ambos países que xa daquela comezaban a agudizarse. En

maio de 1620 chegaron a Inglaterra novas de que os holandeses maltrataran a mercadores ingleses nas illas das Especies. Xacobe alporizouse e non lle agochou a Gondomar o seu estado de ánimo e que tiña aos holandeses por inimigos. Buckingham, na visita aludida, presentoulle a Gondomar un plan de ataque a Holanda ao que o rei dera a súa aprobación¹⁸⁴. Don Diego transmitiulle a Madrid a proposta por carta do sete de xullo e primeiro de agosto de 1620, contestadas o 20 de outubro. Na súa resposta Filipe III dicíalle que “entendía as pláticas que tiveron con vostede ese rei e algúns dos seus ministros con motivo de estar desgustados cos holandeses, declarándose que, se se lles desen as provincias de Holanda e Zelanda, axudarían a que eu cobre as demais que están fóra da miña obediencia; e sendo a materia tan grande, non se pode tomar resolución logo; pero quedo reflexionando niso e axiña se vos avisará a que tomarei”¹⁸⁵.

Filipe dirixiuse entón ao arquiduque Alberte e ao seu embaixador en Flandres, Bedmar, tamén o 20 de outubro, enviándolles as cartas de Gondomar para que desen o seu parecer. Eles contestaron por separado o 28 e 27 de decembro respectivamente con opinións que coincidían no fundamental. Aínda que recoñecían que a cousa era importante, preguntábanse de onde sacaría Xacobe as forzas necesarias para a empresa. Cos ingleses que en Holanda había, uns oito mil, non se podía contar porque pagábanlles os holandeses e levaban moito tempo no país polo que cabía pensar que gran parte deles resistiríanse a apoiar o plan. Doutra parte, había que preguntarse “que confianza podíamos ter de que se cumprise o acordo polo dito rei”. Desde logo que o separar a Inglaterra dos holandeses sería, xa de por si, un triunfo; pero non había que esquecer “que os herexes concértanse moi presto”¹⁸⁶. O monarca español transmitiulle ao seu embaixador en Londres copias destas cartas o 4 de febreiro de 1621 mandándolle que “téndovos informado segundo o que apuntan en Flandres, avisádeme do que soubesedes e estaría ben que digades a quen vos fixo a proposición o que acá se desexa saber e que hai inclinación á plática” pero que, “para poder tomar nela final resolución, cómpre ter luz do que queda referido e, no caso de que vaia adiante esta negociación, está ben que teñades entendido o que convirá encamiñar soamente de quedar eu con Zelanda”. Bedmar, abofé que advertira que “era de moita consideración que no reparto quixera Xacobe que-darse con Holanda e Zelanda” “por estar tan preto de Inglaterra e tan a propósito para incomodar ao resto destes estados sometidos a España”¹⁸⁷.

Non vimos a contestación de Gondomar a esta carta. Pero do plan seguirá falándose aínda que xa dun xeito máis feble e intermitente. Xacobe sacoulle algunha vez o tema a Gondomar dicíndolle que con Holanda estaba disposto a secundar o que España quixese, guerra, paz ou tregua; e cando, en marzo de 1622, enviou outra vez a Digby a España como embaixador extraordinario, o punto de facer liga ofensiva e defensiva con España “para a redución das provincias rebeldes de Holanda” figuraba tamén nas instrucións aínda que despois afastouse delas temendo que os holandeses puidesen chegar a velo asinado da man do rei “e así deulle a orde de palabra ao barón Digby, encargándolle que procurase acordalo coa V. M. que, se o estiver, ratificarao con todas as forzas necesarias”. Os ingleses esixíanlles aos holandeses que desen satisfacción á compañía de mercadores do seu país que foran maltratados por eles e sufrían grandes prexuízos. Xacobe estaba resolto a pelexar con-

tra os holandeses pero sempre que o compromiso de España fose seguro e firme¹⁸⁸. A proposta quedou, ao final, en auga de bacallao como era de esperar pero aínda así non deixará de formularse máis adiante outra parecida¹⁸⁹.

17. Os problemas do Palatino.

Entrementres as cousas en Alemaña seguían enleándose. O 30 de abril de 1620 o emperador Fernando ordenaba a Federico V que antes do primeiro de xuño debía deixar libre a Bohemia pois, do contrario, a partir desa data atacaría como usurpador. Nese mesmo mes, Xacobe avisáballes aos soberanos de Europa que desaprobaba o proceder do seu xenro. O 23 de xuño dásele a orde a Spínola de que avance desde Flandres sobre o Palatino renano. Isto alporizou ao monarca inglés porque se trataba dos estados hereditarios de Federico. Nunha audiencia que lle concedeu a Gondomar en Hampton Court o 24 de setembro, estoupou nunha arroutada de furia, se cadra simulada e histriónica, como facía ás veces, e botoulle en cara a berros ao noso embaixador que o enganase, asegurándolle que nunca máis crería a un representante de España; que non podía permitir que percesen os seus fillos nin a súa relixión e que iría en persoa a defender o Palatinado. Gondomar respondeulle serenamente que nunca lle prometera que non se invadiría o Palatinado e Xacobe, recoñecendo que era certo, botou a chorar.

Francia quixo aproveitar esta ocasión en que as relacións hispano-inglesas pasaban por un momento de tensión para encirralas e enviará a Londres a un embaixador extraordinario, o mariscal Cadenet, co propósito, entre outros, de desfacer os tratos de voda do Príncipe e a Infanta proponendo, no seu lugar, a de aquel coa irmá do seu rei. Madrid sempre temera unha alianza matrimonial franco-inglesa; xa doutra vez, como sabemos, enfrontara unha ameaza deste tipo que Gondomar soubo estragar. Outro dos obxectivos de Cadenet será ofrecerlle a Inglaterra axuda para garantir a Federico V a posesión dos seus estados hereditarios a cambio do apoio de Xacobe na disputa que Francia tiña con España na cuestión da Valtelina¹⁹⁰.

A Xacobe, de certo, facíasele moi duro que o seu xenro perdera as súas terras do Palatinado e quería salvarllas. O 7 de novembro de 1620, tras a derrota da Montaña Branca, Federico tivo que fuxir de Praga coa súa familia refuxiándose no Brandemburgo. Desde alí envioulle cartas ao seu sogro dándolle conta do sucedido e anunciándolle que a súa muller acababa de ter un fillo. Isabel tamén lle escribiu ao seu pai doéndose do miserento estado no que se atopaban e pedíndolle axuda. Como algúns cortesáns ingleses recibiran tamén cartas deles no mesmo sentido, produciuse na corte certo rebumbio. Para calmalo, o rei decidiu reunir consello de guerra para que nel os partidarios do Palatino puidesen demostrar que era factible recobrar o Palatinado polas armas e sinalar os medios que para iso se necesitarían. Elaboraron entón un plan grandioso segundo o cal enviaríanse para a campaña vinte e cinco mil infantes e cinco mil cabalos. Iso supuña un gasto tan considerable que Xacobe e Buckingham ríanse del, polo menos, dicía Gondomar “cando estaban diante de min”. A verdade é

que o rei inglés, polo desexo de paz ou por falta de recursos, ou por ambas cousas, decidiu ensaiar primeiro a negociación¹⁹¹.

A derrota do bando de Federico débérase en boa parte á axuda que o duque de Baviera, Maximiliano, lle dera aos imperiais. Esa axuda non a prestara, por certo, *gratis et amore*, senón pensando nalgo de moita enxulla: a posesión do Alto Palatinado, estremeiro ás súas terras, e a transferencia da condición de Elector do Imperio do Palatino a el. Xacobe, para axudar ao seu xenro, fixo varias xestións diplomáticas con uns e outros e acolleirá con interese a embaixada de Cadenet aínda que, por outra parte, non quería poñerse a mal con España, o Imperio e os Príncipes católicos de Alemaña. Pero o seu dezezo por chegar a un acordo que permitise a Federico conservar os seus dominios hereditarios batía cos compromisos que o Emperador contraera con Maximiliano en pago da súa axuda.

Buscou entón Xacobe un camiño un tanto indirecto, o do Arquiduque de Flandres. O 5 de xaneiro de 1621 Digby entrevistábase co seu representante en Londres, Van Male, para dicirlle que o seu amo desexaba que o arquiduque tratase de conseguir un acordo polo que se lle restituísen as súas terras ao Palatino e que isto era para el cousa moi seria e de grande importancia¹⁹². Polos mesmos días chegaba a Inglaterra a embaixada de Cadenet que non conseguiría, ao cabo, o seu propósito, sobre todo no tocante á voda ofrecida. Xacobe non quixo iniciar conversacións ao respecto e todos os esforzos de Cadenet encamiñábanse agora a convencer a Gondomar de que non lle fixera tal proposta ao rei de Inglaterra e que o seu amo desexaba que chegase a feliz desenlace o casamento hispano-inglés. Isto deu lugar a escenas un tanto cómicas e aínda ridículas nas que Gondomar, cun superlativo dominio da arte diplomática, manexou a Cadenet e aos seus acólitos, sen humillalos na forma pero deixándoos certamente desconsolados¹⁹³.

A mesma noite da entrevista na que Cadenet lle dixo estas cousas a Gondomar e este deixouno en evidencia, Digby viuse co seu colega español a quen, de parte do seu rei, fixolle un relato de todo o acontecido co francés, cousa da que, polo demais, xa Gondomar tiña noticia por outras fontes seguras. Tamén lle dixo que Xacobe lle escribiría ao rei de España para manifestarlle que el e o seu reino estaban á súa disposición de modo tan certo e seguro como o arquiduque Alberte e os seus estados e que lles escribiría aos seus embaixadores en Madrid e Bruxelas para confirmalo nos mesmos termos usados por Digby. A declaración era, abofé, insólita e, como amolecemento previo para tratar o asunto do Palatino, parece un pouco excesiva.

18. Xestións de Digby en Bruxelas e Viena.

Dixemos xa que Xacobe quería enviar outra vez a Digby a España para proseguir o da voda, e sen dúbida tamén para tratar estoutro asunto do Palatino que se enleara con aquel, complicándoo, pero Madrid non o estimaba conveniente e ordenara a Gondomar que procurara quedarse. Agora, para continuar e intensificar a xestión iniciada coa indicación feita a Van Male, resolveu mandalo a Flandres para tratar exclusivamente do problema do Palatino.

Gondomar avisoulle a Alberte da visita de Digby e o 18 de febreiro de 1621 o Arquiduque, á vez que lle agradecía o aviso, pedíalle que o informase de cando se poría en camiño e de todo o que soubese sobre as intencións e propósitos da embaixada¹⁹⁴. Gondomar respondeulle debidamente e o 17 de marzo chegaba Digby a Bruxelas. “Onte chegou aquí o barón Digby”, escribíalle Alberte e don Diego o dezaioito de marzo, “e para esta tarde sinalei a primeira audiencia, e conforme o que propuxese e tratase, responderáselle o que conveña”¹⁹⁵. O que pediu o arquiduque de parte do seu amo foi que procurase conseguir un alto o fogo no Palatinado como paso previo ás negociacións de paz que logo se levarían en Viena. Alberte mostrouse, ao parecer, disposto a acceder ao que se lle pedía e Digby regresou a Inglaterra. Pero o 8 de marzo Filipe III avisáballe a Gondomar que, segundo lle informaba Oñate, o seu embaixador en Viena, o emperador ía publicar dentro de poucos días o “bando” contra o Palatino, e dando por seguro que iso ía producir en Londres gran estrondo, avisábao para que, se lle daban por iso queixas, dixese que o rei de España sempre desexara que non se chegase a ese extremo, para o cal o Elector debía pedirlle perdón ao Emperador e que, ao non facelo, nada puidera facer; e que dixese isto como xustificación “e alongarédesvos coas boas palabras que saberedes”.

Algún tempo despois, o 23 de maio, Digby recibiu as instrucións correspondentes para a súa misión perante o emperador Fernando II e trasladouse a Viena a onde chegou o 4 de xullo de 1621¹⁹⁶. O Emperador ditara contra Federico o *Bann* do Imperio polo que quedaba privado dos seus títulos e estados, e pensaba xa en pasarlle ao duque de Baviera o Alto Palatinado e a dignidade de Elector. Federico, entre tanto, marchara de Brandemburgo a Dinamarca e logo a Holanda onde foi recibido o 9 de abril con todos os honores cando estaba a piques de perecer a tregua con España. Holanda ofreceulle axuda para recobrar o Baixo Palatinado.

O plan que Digby ía propor en Viena era o de que se lle levantase a Federico o *Bann* e se concertase unha paz baseada en que aquel abandonase as súas pretensións na Bohemia e o Emperador renunciase a castigalo, devolvéndolle os seus estados hereditarios e conservándolle a súa dignidade de Elector. Este plan fora ideado por Olivares e Isabel Clara Euxenia, agora viúva e única soberana de Flandres, xuntamente co rei Xacobe. A España convíñalle aparecer como protectora de Federico. Pero nin este nin o emperador Fernando desexaban un amaño: o segundo porque estaba xa moi comprometido co duque de Baviera e Federico porque cría que agora, coa axuda de Holanda, podía vencer.

Digby fixo en Viena todo canto puido por arranxar a cuestión do Palatino. Tamén se preocupou pola da voda, agora unida á de Federico porque Xacobe dicía que non quería acadar a felicidade do seu fillo por conta da desgraza da súa filla. Digby escribiu daquela a George Gage, un católico inglés amigo seu que estaba en Roma para xestionar a dispensa do Papa, pedíndolle que acelerase a tramitación. Pero no asunto principal que o levara non conseguiu máis que boas palabras, unha feble promesa de suspensión de hostilidades. O plan anglo-español, finalmente, fracasou.

As tropas que apoiaban a Federico reiniciaran a ofensiva e os inimigos reaccionaron en consecuencia. Antes de que rematara setembro o de Baviera apoderábase do Palatinado superior. E no Palatinado renano a situación era tamén difícil para Federico. A súa capital,

Heidelberg, atopábase nunha situación tan apurada que Digby pediu diñeiro a préstamo e aínda decidiu fundir a súa prata para atender as necesidades máis urxentes das forzas que a defendían. E a toda présa regresou ao seu país, onde estaba xa o 31 de outubro, para apoiar a Xacobe na petición de diñeiro que ía facer ao Parlamento para soste a causa do seu xenro¹⁹⁷.

Gondomar escribíalle ao duque de Alburquerque, embaixador de España en Roma, que Digby volvera da súa embaixada a Alemaña sen conseguir que o Emperador deixase sen efecto o bando contra o Palatino nin a suspensión de armas e que iso causara axitación en Inglaterra obrigando ao seu rei a xuntar Parlamento o 30 de novembro. “E todo o que trataron foi convencer ao rei a que rompa a paz con España, que case ao Príncipe con muller da súa relixión e persiga aos católicos”¹⁹⁸. Digby expuxéralle ao Parlamento os seus puntos de vista sobre o problema do Palatino, expresando que había que enviar diñeiro para pagar ás tropas que tiña no Palatinado inferior durante o inverno e, ademais, enviar alí un exército na primavera. Pero o Parlamento inglés, aínda que simpatizaba coa causa de Federico, non chegou a tratar este punto porque provocou agres discusións co rei, e a súa rápida disolución, o 29 de decembro, puxo remate ás esperanzas de dar axuda ao Palatino. Dez días antes da disolución do Parlamento, Gondomar recibiu unha carta de Buckingham, con acotacións da man do rei, na que lle dicía que Xacobe estaba resolto a manter con ánimo a amizade con España; e don Diego comentáballe a Isabel Clara Euxenia que o cumprira pois romperá o Parlamento sen obter del un real de subsidio xa que lle esixían que confirmara as leis contra os católicos e declarara a guerra a España, ao que el se negou. Os “ben intencionados” dicían que esta ruptura era o mellor que puido ter acontecido. O máis rechamante é a actitude de Digby quen –quizais a causa do abatemento e irritación que lle causou o seu fracaso en Viena– apoiou nun ton moi afervoado a causa do Palatino. Gondomar atribúea ao feito de que pensaba que Xacobe non iría tomar “tan farruca resolución”. Digby –indica– non acompañaba ao rei cando este mandou ao Príncipe que executase a orde de disolver o Parlamento. E aínda que logo foi ver a Gondomar e deulle a noraboa, “afirmanme que o sentiu na alma” e que lles dixo en privado a algúns amigos, que xa que o rei quixera magoar ao seu pobo, tería que obedecer agora a lei que o rei de España lle dese “e non admirarse de que el negocie tan mal en Madrid como en Viena pois non leva máis armas ca reverencias e suplicacións”. Pero –sinalaba o noso embaixador– “no público, despois desta resolución, amósase enteiramente por España e polo acomodamento aquí da relixión católica ao punto de chegar a dicirlle ao rei que, se ata o de agora o aconsellara conservar, coa amizade de España, a de Holanda e demais opostos a ela”, agora dicíalle que, se non “seguía o partido e gusto de España, perderíao todo”¹⁹⁹. O que non deixa de ser un curioso exemplo de diplomática flexibilidade.

O rei de España, fracasado o plan de Olivares, trataba de zafarse do problema afirmando que non dependía del senón do Imperio. Pero non por iso deixou de formularlle a este os seus reproches porque trataba de comprometelo no enredo con grave perigo para as relacións hispano-inglesas e, en especial, para o asunto da voda pendente. O 28 de decembro de 1621 escribíalle ao Emperador unha carta bastante dura e amargada. Nela dicíalle que a resposta que este dera inicialmente a Digby era favorable para a negociación ao concederlle a suspensión de armas que o rei de Inglaterra pedía; pero “como, despois

disto, fíxose mudanza co aviso de que a V. M. enviou a miña tía para que non concedese a dita suspensión no Palatinado inferior, houbo de ser ela no meu nome instrumento para quitarlle ao rei de Inglaterra o que se lle concedera ao seu embaixador e semellantes episodios toldan notablemente as correspondencias entre os príncipes que teñen, coma min e o rei de Inglaterra, tanta correspondencia e intereses recíprocos”. Engadía que Xacobe queixáraselle e, por esa razón, era forzoso que se cumprira o que lle prometera a Digby. Que non podía inimigarse co rei de Inglaterra sen moito prexuízo para si e para a Cristianidade. E que o rei de Inglaterra, entre outras cousas, reprendíao por terlle asegurado “que a entrada das miñas armas no Palatinado non tiñan outro fin que para reducir ao elector Palatino á obediencia da V. M. coa restitución do que tiña usurpado”²⁰⁰.

O mesmo día escribíalle Filipe IV ao rei Xacobe, contestando unha carta deste do 21 de novembro, que renovaba a súa intercesión no preito, como el desexaba, especialmente para que se concedese a tregua solicitada a fin de que con ela se acomodasen mellor os negocios. E tamén se dirixiu coa mesma data a Isabel Clara Euxenia para darlle conta do que lle escribira a Xacobe e ao Emperador. Este quería encomendar a negociación da tregua no Palatinado inferior á soberana dos Países Baixos pero ela resistíase temendo que se, ao cabo, non se puidesen concertar as cousas, “sería posible”, escribíalle a Gondomar, “que se persuadise ese rei que tiñamos a culpa, o cal sería contra razón”²⁰¹.

19. Gondomar quere regresar a España.

O 21 de outubro de 1621 Troncoso de Ulloa escribíalle desde Madrid a don Diego que por alí se comentaba que Digby volvía a España e que iso podía ser un argumento excelente para obter a licenza de regreso que Gondomar tanto desexaba, pois el, Aston e Digby formarían unha magnífica comisión para tratar os problemas pendentes entre ambos países e que, “pois aquí ha de ser o batedoiro, ... a V^aS^a non ten que facer en Inglaterra”. Pensaba Troncoso que os ingleses “non han de desexar que a V^aS^a se atope aquí a vistas e oídas das súas queixas e acusacións... Fundarán tan ben os seus negocios que, aínda que non teñan razón, han de dar a entender que a teñen e que lles sobra e tratarán de tantas materias, que han de ter ao Consello confuso; e se a V^a S^a está aquí non poden eles fundar as súas queixas e materias de negocios con tanto fundamento como se a V^a S^a estivese ausente porque non hai quen lles atalle e responda con máis fortes razóns cás súas”²⁰².

En realidade, Gondomar viña pedindo licenza para regresar desde facía varios meses atrás. O 11 de decembro de 1620 Uceda escribíalle que procuraba se lle dese pero que “non se puido conseguir por agora pola falta que facía a V^a S^a nese reino onde a súa moita prudencia e experiencia obra tanto”²⁰³. Frei Diego de la Fuente, daquela en Madrid, insistía nos círculos oficiais para que se lle concedese, falando mesmo co rei. Pero Troncoso de Ulloa recoñecía, ao cabo, que estaba dura de conseguir porque o necesitaban en Londres. De todos os xeitos, indicáballe a que persoeiros debía dirixirse. Algúns movíanse xa neste sentido e tamén dona Constanza. O propio correo Ribas díxolles a varios señores que “habédesvos de ver aquí con tres embaixadores de Inglaterra moi apretados,

que o que vén trae orde do seu rei para amañar aquí todo sen darlle conta, e sen o conde de Gondomar non lle habedes de saber responder, e se non o sacades axiña, está tan malo que morrerá alí este inverno”. O 26 de novembro Troncoso volvíalle a escribir a don Diego “Bendito sexa Deus que xa Ribas leva a licenza da V^a S^a”. Pero non era certo. A intervención de dona Constanza será, ao parecer, decisiva, pois houbera un malentendido. “En verdade, señor”, dicíalle Troncoso ao seu amo, “que foi gran mester que miña señora a solicitase e moi de raíz porque, como a V^a S^a non lle escribiu ao rei nin ao Consello senón a cada un en particular, dicían que a V^a S^a non quería vir”. Dona Constanza foi ver a todos os conselleiros, un por un, aclarándolles a situación. O duque do Infantado expresáralle a unha amiga de dona Constanza que “¿como demo lle han de dar licenza ao conde de Gondomar se non a pide?, que nin lle escribe ao rei nin ao Consello, nin trata de licenza no que lle escribe ao rei; mais de que a todos estes señores escribelles a cada un en particular; non entendo ao conde nin hai quen o entenda”. “Certo, señor”, reprocháballe Troncoso, “que a V^a S^a puxo o negocio en moita dificultade e apreto e como a V^a S^a di que como este inverno se quede aí, corre risco a súa vida, e que así o din os médicos, paréceme que máis claro o debera de poñer a V^a S^a e que non atopasen en que reparar”²⁰⁴.

Polo demais, Troncoso cría que a Gondomar conviñalle saír de Inglaterra tamén por motivos de prestixio porque os éxitos ultimamente conseguidos coa promesa de Xacobe de mellorar a condición dos católicos ingleses en relación cos tratos do matrimonio e a solución da cuestión do Palatino, con ser tan alentadores, eran “coma un vidro, que sempre é perigoso, e así a V^a S^a dease gran présa por todas as vías de saír de aí antes de que se escache nas mans”. “Ben está o feito ata aquí”, engadía, “e a V^a S^a saia con esta vitoria do estado no que hoxe están as cousas sen agardar que melloren ou empeoren, que será o máis certo que despois que a V^a S^a falte de Inglaterra botarase en falta o que a V^a S^a fai agora”. E insistía en que, se aínda non tiña orde de saír de seguida, despachase a Ribas con cartas para o rei e o Consello pedindo a licenza para logo²⁰⁵.

Gondomar debeu recibir por algún conduto particular a finais de 1621 a nova de que se lle concedera a licenza e tamén que iría a Londres para reemprazalo, como embaixador extraordinario, don Carlos Coloma. O 1 de xaneiro de 1622 escribíalle ao seu rei agradecéndollo. Dicíalle que en Inglaterra caera moi ben o nomeamento de Coloma, que coñecían polos comunicados de Aston e Cottington, e que el, pola súa parte, manifestara na corte de Londres “que, mellorando a miña saúde, voverei en breve e con moito gusto, e así será se conviñese ao servizo da V. M., e importa que o embaixador de Inglaterra e Cottington o entendan e escriban aquí”. Sinalaba que alí todo estaba tranquilo e seguro e que era en Madrid onde había de resolverse todo; que partiría axiña e que, para o que houbese que tratar con Digby, podería aínda ser útil. Segundo el, cumpría que Coloma se puxese en camiño sen demora para informarlle el de todo²⁰⁶.

Ao día seguinte, escribíalle a Ciriza compracido de que lle tivesen dado a licenza e designado a Coloma para substituílo. Quería saber se estaban xa feitos os despachos para que Coloma fose “a mudarlle a posta”. E que non marcharía ata que partira Digby²⁰⁷. Pero a verdade é que a licenza aínda non saíra. Se Gondomar tivo a nova por vía particular, era

prematura. E se foi por vía oficial, tratábase dun caso máis de desgobierno administrativo. Aínda o 5 de febreiro de 1622 Ciriza escribíalle a Gondomar, tras eloxiar o seu labor en Londres, que “con moito coidado quedo de que non se demore a chegada da Vª Sª aínda que tal como están as cousas de Alemaña –das que tanto dependen as de aí– tan entre as mans, non sei se dificultarán algo que lle volvan as costas a Vª Sª nesta ocasión”²⁰⁸.

A licenza foi finalmente dada o 15 de marzo de 1622 por carta de Filipe IV ao noso embaixador. Nela acusáballe recibo da del do 31 de xaneiro na que lle dicía que Digby ía ir a España e os negocios que ía tratar, así como o que Gondomar tratara sobre eles co rei Xacobe, e que este desexaba que volvese a España para axudarlle a Digby no que fose xusto. “Agradézolle”, escribíalle ao rei, “o ben que dispuxestes todo o de aí e o coidado e prudencia con que gobernastes, que é moi conforme ao que sempre fiei da vosa persoa”. “E polo que convén que vos atopedes acá ao chegar ao barón para tratar con el das materias ás que vén e que, coa nova que tedes do ánimo dese rei e do estado de todo o de aí, poidades advertir acá e reducir ao barón ao xusto e conveniente, teño por ben de darvos licenza para vir e que, saíndo de aí o dito barón, partades con toda brevidade supoñendo que isto ha de ser temporalmente para que volvades alá se así o pediran as cousas”. Engadía que designara como embaixador extraordinario a Coloma durante a súa ausencia e ordenáballe que demorase a súa saída ata a súa chegada para deixalo enterado dos negocios. O mesmo día escribíalle Ciriza aledándose de que saíse a licenza e tamén de que o rei lle concedese seis mil ducados de axuda de costa. Pedíalle que partise axiña pois esperábase por horas a Digby²⁰⁹.

20. Digby volve a España.

O 2 de xaneiro de 1622 Gondomar diciíalle a Filipe IV que Xacobe indicálle que Digby partiría dentro de quince días con ampla comisión para o casamento e as cousas de Holanda, componse as do Palatino, o da armada inglesa que debería asistir no Mediterráneo, xurar e confirmar as capitulacións das paces que se fixeron co rei Filipe III e engadir e quitar os artigos que parecese para ben de ambas coroas. Trinta días despois volvíalle a escribir Gondomar ao seu rei que Digby xa estaba despedido e despachado e que faría a viaxe por mar, embarcándose en Plymouth, proponéndose arribar a Laredo ou Santander para estar en Madrid a fins de febreiro. Pedía o noso embaixador que lle fixeran un bo recibimento, correspondendo así ao que con el facían en Inglaterra. E avisaba que Xacobe acababa de nomealo conde pero non quería que se anunciase a mercede ata que chegase a Madrid. Sinaláballe Gondomar ao seu rei –quizais co propósito encuberto de que se comparase co seu caso– que o que se lle dera de axuda de costa e rendas “é cousa tan excesiva que non parece crible”, máis de douscentos mil ducados. Contaba que, falando aquel mesmo día con Digby, “díxenlle, rindo, que era grandísima vileza que el pretendese e alcanzase tanto e el respondeume, tamén rindo, que eu tiña razón pero que o vizconde de Doncaster tiña a culpa pois déralle este rei para a xeira de Alemaña o ano pasado cento sesenta mil ducados e oitenta mil para a de agora en Francia e pedía máis e que unha das razóns

do Parlamento para a guerra era que Xacobe podía facela a menos costa e máis froito que o que gastaba con embaixadas para a paz”²¹⁰. Segundo lle refería Gondomar pouco despois a Isabel Clara Euxenia, dos douscentos mil ducados que Digby ía recibir, correspondíalle a metade para a viaxe, oitenta mil como axuda de costa e vinte mil para gastos extraordinarios que fixese. Engadía que a súa muller partiría dentro de dous días a esperalo a Plymouth onde se embarcarían catro días despois²¹¹.

Digby non partiu a mediados de xaneiro, como Xacobe lle dixera a Gondomar. O 30 de marzo de 1622 don Diego avisaba a don Baltasar de Zúñiga da partida do inglés, e tamén lle dicía que Digby tiña gran influencia no Príncipe, o que facía que o rei e Buckingham receasen del. Que animara a Xacobe a insistir na amizade con España e amañar as cousas da relixión. Pero —engadía— “non se pode asegurar nada do estraño enxeño e humor do rei que afoga só con pensar e obrar en asuntos que sexan de ben e aumento da relixión católica”. Comunicáballe así mesmo que estaba xa despedido de todos e agardaba recibir axiña por Ribas o pasaporte “co desexo e necesidade que representei a S. M. e a V^a S^a de que isto non se dilate”. Segundo el, os negocios conserváranse alí todo o que se puido e volvían a España vivos para que o rei Filipe resolvese en todo o máis conveniente”²¹².

Na mesma data escribíalle ao seu rei que Digby partira o día anterior para Plymouth onde se embarcaría para España. Tamén o informaba das causas polas que se detivera, as instrucións que levaba e sobre o seu natural e partes. O seu rei, satisfeito polo seu labor, nomeáralo conde de Bristol. En Plymouth esperábano os galeóns para levalo a Santander. Segundo Gondomar, as indicacións que recibiu incluían dar o pésame pola morte de Filipe III e o prácome pola subida ao trono do seu fillo, ocuparse dos tratos do casamento, da restitución do Palatinado, do arranxo sobre Holanda —“en guerra, paz ou tregua, como a V. M. queira”; facer liga ofensiva con España “para a redución das provincias rebeldes de Holanda”—, da ratificación das paces e sobre a armada inglesa que vixiaría os piratas no estreito de Xibraltar. Con todo, como dixemos antes, o de Holanda retirouse logo das instrucións escritas para evitar que os holandeses puidesen chegar a enterarse, e só o levaban verbalmente²¹³.

O 23 de abril Ciriza escribíalle a Gondomar que non sabían se Digby desembarcara en España “pero xa aquí lle está prevista a casa e deuse orde para que vaian un apouentador e un alguacil a onde desembarque para que veñan apouentalo”²¹⁴. A chegada a Madrid fixouna algún historiador o 8 de xuño de 1622 pero para ser unha viaxe por mar resulta, a dicir verdade, moi tardía²¹⁵. O que avisaba Ciriza de que xa lle tiñan preparada a casa significa que non se aloxou na do embaixador residente Aston, na nosa opinión, a das Sete Chemineas, senón noutra da rúa de Alcalá, situada onde, desde 1629, está o convento das Calatravas, que pertencía ao conselleiro de Indias Antonio de Vergara²¹⁶.

Gondomar anunciáralle a Ciriza que non saíría para España ata que partira Digby²¹⁷. E así o fixo. O 16 de maio de 1622 escribíalle a don Baltasar de Zúñiga; “Xa, señor, partimos para as Españas e ben crerá a V^a S^a que desexo chegar a bicarlle as mans”. Manifestáballe que, ao considerar as dificultades da viaxe por unha ou outra vía, pareceulle mellor ir por mar “e o traballo e a incomodidade disto querería descontalo coas estacións do señor Santiago e da insigne cidade de Gondomar; pero en calquera parte que desembarque,

detereime pouco”. E engadía en posdata, da súa man: *Beyjo as mans e os pes do meu verdadeyro señor e muytos anos ele viba*²¹⁸. O mesmo día anunciáballo a Ciriza que “o meu codicilo e derradeira e postrema vontade verá a V. M. polo despacho que vai con esta”; que facía a viaxe por mar por ser máis rápida e cómoda; e que, aínda que se detivese en Santiago e na insigne cidade de Gondomar, sería por pouco tempo²¹⁹. O despacho ao que aludía era, abofé, unha carta ao rei do mesmo día en que facía un resume de todos os asuntos pendentes entre os dous países e daba conta de distintas cuestións referentes á situación interna inglesa e internacional.

Despois que recibiu a carta do seu rei do 15 de marzo coa licenza “e por ter o barón Digby xa partido para esa corte”, dicíalle, “avisei a don Carlos Coloma”, que estaba en Flandres, “que viñese, e el fíxoo tan ben que chegou... o domingo a oito deste mes de maio”. Gondomar conseguira que fose un galeón inglés a recollelo a Calais para pasalo a Dover onde o agardaba o condutor dos embaixadores, Lewis Lewkenor, con coches que o levaron a Gravesend onde o saudou e acompañou coas súas barcas polo río un alto dignatario da corte. “Eu saín tamén ao seu encontro con barcas, traéndoo á casa onde repousou e está agora, e dispuxen que se deixe amañada e coa capela pública e campá nela na mesma forma na que eu a tiven. A súa primeira audiencia co rei foi o sábado a 14 deste mes e non antes por estar o rei malo na cama da gota. Eu acompañeino e en todo procurei asistilo e informalo como debo... e el o merece”. Coloma e el concorreron nunha festa organizada polo Príncipe na que se representou a *Masque of Augurs* de Ben Jonson, a pesar da oposición que a isto fixera o embaixador de Francia pola famosa cuestión de precedencia. Indicáballo tamén ao rei que ía facer a viaxe por mar en vista das dificultades que había nos camiños de Francia e a mala vontade dos herexes, polo cal fretara un bo navío e o rei Xacobe enviáballo dous dos seus galeóns para darlle escolta. Propoñíase desembarcar na Galiza para quedar un pouco en Gondomar. Nesta carta hai unhas frases que revelan o coñecemento previo ou intervención do noso embaixador na famosa viaxe do Príncipe e Buckingham a Madrid. “Este Príncipe”, escribía don Diego, “ofreceume en moita confianza e segredo que, se chegado eu a España, o aconsellase que se vaia poñer nas mans da V. M. e á súa disposición, farao e chegará a Madrid de incógnito con dous criados”. Que foi o que, ao cabo, fixo. Remataba Gondomar anunciando que partiría de Londres dentro de dous ou tres días, isto é, o 18 ou o 19 de maio²²⁰.

Pero o 17 pola noite avisouno Xacobe que quería velo de vagar e que fose xantar ao día seguinte á súa casa de Greenwich, “como conde de Gondomar e o seu amigo privado”, co Príncipe e Buckingham, comida e compañía, que foi segundo Gondomar, “certo de moito gusto”. Entre as cousas que Xacobe contou con moita chispa a don Diego, unha delas foi que Henrique IV de Francia dixéralle que, se quería vivir san, deixase algunhas veces a dignidade de rei e comese con algúns amigos en privado e que esta comida lembráballo “a vantaxe... dos que alí estabamos aos Zametes e damas virtuosas con quen ía xantar o rei de Francia”. Entre burlas e veras, Xacobe referiuse á súa amizade co rei de España, que lle ocasionara terse que alonxar de todos os demais amigos e aliados, desacreditándose con eles. Gondomar respondeu como correspondía, asegurándolle que nunca se arrepentiría e que o rei Filipe era agradecido e leal, ponderando, á vez, a potencia e grandeza do seu país;

e Xacobe comentou entón que, “da mesma maneira que era imposible que un francés fixe-se discurso sen pincho nin viravolta, tampouco un español, aínda que fose moderado como o conde de Gondomar, podía deixar de botar unha fanfurrina”, “do que eu rin farto”, dicía don Diego, “e el tamén”. O rei agasallouno en proba do seu afecto cun anel cun diamante que quitou do seu dedo²²¹.

21. Partida de Gondomar.

Saíu de Londres o 31 de maio, na súa liteira, acompañado de 50 coches con nobres e cortesáns que lle daban escolta. Pero ao chegar a Portsmouth, onde debía embarcarse, púxose doente e foi mester retrasar a saída uns días.

Ao chegar a Baiona, na súa Galiza, “tocando fondo, antes de poñer pé en terra”, escribiulle de novo ao seu rei o 22 de xuño. Ademais de avisalo da súa arribada, comunicáballe as últimas novas de Inglaterra, entre elas que as relacións con Francia non eran daquela moi cordiais. Contáballe que os galeóns ingleses que o viñeran acompañando ata Baiona estaban ao mando do vicealmirante da armada inglesa e que os mariños ingleses procederan con el co mesmo respecto que se viñese o seu rei “porque así llo ordenou”, engadindo que en Baiona os hospedaría, agallasaría e despacharía axiña “enviando ao rei de Inglaterra e ao Príncipe algunhas cousas de conservas, viños e froitas que el mesmo me pediu”. “Xa, señor, estamos na terra de promisión que é Galiza”, escribiulle a Ciriza. E a don Baltasar de Zúñiga: “Grazas a Deus, señor, chegamos a boa terra... O consolo que me deu sentirme nesta terra non sei como eloxiarlla a V. S. porque non hai xardíns nin florestas de Inglaterra como os carballos e castiñeiros de Gondomar”²²².

De Baiona saíu pouco despois para Valladolid onde se atopaba o 27 de xullo; dende alí enviou a Ciriza outra carta na que lle dicía: “Entreí aquí onte porque me pareceu que sería vileza e ruindade pasar tan de preto de Valladolid e fuxir del”. Anunciáballe que seguiría a viaxe dous días despois dereito a Madrid²²³. O desexo de regresar a España, marcado en Gondomar tanto na primeira como na segunda embaixada, respondía, dende logo, a motivos persoais, de saúde e económicos. Pero neste momento expresou varias veces, en distintas ocasións e a distintas persoas, que, se fose mester –unha vez repostado en España dos seus achaques– volvería a Londres. O 1 de xaneiro de 1622 dicíalle a Filipe IV que na corte inglesa agradara “o que lles dixen de que, mellorándose a miña saúde, volverei en breve e con moito gusto e así será se convén ao servizo da V. M. e importa que o embaixador de Inglaterra, Aston, e Cottington o entendan e escriban aquí.” A Isabel Clara Euxenia dicíalle así mesmo que, “se eu chegase a España vivo e conviñese ao servizo da V. A. e da S. M. que volva, fareino con moito gusto”. E no último xantar que lle deu, en privado, Xacobe en Greenwich –do que antes falamos– os outros tres comensais pedíronlle con gran insistencia “que se a súa saúde llo permitía... e o rei de España o mandase volver, que o aceptase”; e Gondomar respondeulle “que así sería se conviña e puidese ser”²²⁴. Parece, pois, que lle tomara gusto ao posto ou, máis ben, pensaba, sen falsa modestia –como tamén o pensaban outros, especialmente Digby– que el era quen mellor podía levar, de parte espa-

ñola, os asuntos pendentes entre ambos países, pola súa excelente relación co soberano inglés e, se cadra, porque agardaba que tivese un desenlace feliz o plan que posiblemente axudara a preparar sobre a viaxe do Príncipe a España. Neste caso, sería moi grato e ata brillante actuar en Londres porque todo iría sobre rodas e os éxitos acumularíanse, e non quixera renunciar ao honor e á gloria de que aparecesen, e con razón, como propios.

Debeu chegar a Madrid a comezos de agosto de 1622²²⁵. Alí esperábano graves asuntos, sobre todo, por suposto, o da voda e o do Palatino. Digby, como embaixador extraordinario, agardábao con impaciencia para entrar con el na súa cerna. Cando saíu de Viena, deixara a cargo da embaixada como axente a un parente seu, Simon Digby, quen estivo alá ata novembro de 1622 e, de regreso a Londres, foi despachado por Xacobe a Madrid, a toda présa, o 15 de xaneiro de 1623 cos capítulos para o casamento aprobados por el e para que, como testemuña ocular, dixese a Filipe IV que o emperador quería apoderarse de todo o Palatinado e que había pouca esperanza de restitución por vía amigable das prazas ocupadas²²⁶.

As cousas, en verdade, foran poñéndose cada vez máis feas para Federico. O 10 de xaneiro de 1623 comezaba a reunión dos príncipes alemáns en Ratisbona para tratar do asunto do Palatino. Os españois non querían que se transferise a Maximiliano de Baviera a dignidade de Elector e apoiaban un plan proposto por Isabel Clara Euxenia segundo o cal Federico abdicaría no seu fillo maior que sería educado na corte do Emperador e casado logo cunha das súas fillas. A este plan deu tamén a súa aprobación Xacobe pero Federico rexeitouno de cheo polo cal o 23 de febreiro foi deposto e os seus títulos transferidos a Maximiliano. Para deixar constancia da súa desconformidade, non estiveron presentes na cerimonia de investidura os representantes de Saxonia e Brandemburgo nin o embaixador de España²²⁷.

En canto ao asunto da voda, Digby, metido a fondo no tema, tratou de inimizar a Filipe IV co Papa suxeríndolles aos seus ministros que as dificultades que este puña non respondían a motivos relixiosos senón a que, como amigo de Francia, non quería unha alianza de España e Inglaterra. Digby, con todo, ignoraba que a corte de Madrid indicáralles en varias ocasións aos seus representantes en Roma que tratasen de que alí se puxese a dificultade, salvagardando a responsabilidade de España. Pero comezaba, dende logo, a amoscar-se e así o 6 de decembro de 1622 entregoulle ao rei de España un memorial no que lle dicía que, en canto á voda, non vía que se dese un paso nin se saíse dos termos xerais de había seis ou sete anos, esperando agora a dispensa que non acababa de chegar. Filipe escusouse como puido, asegurando que sempre procurara a unión das dúas coroas que se desexaba co matrimonio e que, como agora o único obstáculo era a dispensa, enviaría un correo urxente para dar présa á resolución do Papa. E no do Palatino, desculpábase co Emperador e outros interesados. Pero Digby quería unha resolución de contado e tanto apertaba en ambos puntos que, segundo Francisco de Xesús, “do apertar ao romper case non houbo diferenza”. O inglés fíxolles saber aos españois que Xacobe concedera xa, de feito, tolerancia aos católicos e sinalaba –un pouco a modo de chantaxe– “que, non tendo máis ca un fillo... importáballes casalo logo... porque se falecese sen... sucesión, caería na daqueles reinos do Palatino que teñen unha inclinación ás cousas da relixión católica xa sabida”²²⁸.

22. O príncipe Carlos e Buckingham en Madrid.

En marzo de 1623 Gondomar é designado en misión especial para a dieta de Alemaña. Pero, de súpeto, prodúcese o golpe de efecto da viaxe do Príncipe Carlos a España da que, sen dúbida, aquel estaba ao tanto, aínda que non en canto á data. Carlos e Buckingham chegaron a Madrid de incógnito na tarde do 17 de marzo e dirixíronse á vivenda de Digby na rúa de Alcalá. Este avisou de seguida a Gondomar para quen os viaxeiros traían, ao parecer, un billete de Xacobe no que lle dicía: “velaí vai ese namorado; terédesme moita conta del que, o que por el fagades, facédelo por min”. Gondomar foi logo a darlle a nova ao Conde Duque, que estaba repousando e quen, ao velo chegar tan satisfeito, preguntoulle que lle traía a esa hora “e tan pracenteiro que parece que ten ao rei de Inglaterra en Madrid”. Ao que Gondomar contestou: “Ao rei non, ao Príncipe si”²²⁹.

O rei encargoulle a don Diego que se preocupase de atender ao Príncipe e a Buckingham en todo e que tratase de enterarse dos propósitos dos viaxeiros²³⁰. Tamén formou parte da comisión especial que se designou para ocuparse do asunto e houbo de intervir nas xestións, visitas e entrevistas a que deu lugar. Por entón, o 8 de abril, fixérono conselleiro de Estado. Xa o era de guerra desde 1619, distinción que el mesmo solicitou como reparación cando se suspendeu o seu nomeamento de embaixador a Francia e Alemaña, “para que se vise que nisto non hai menor estimación da miña persoa”. Por esas mesmas datas fixéranlo mordomo do Príncipe de España. Por certo que, no exercicio deste cargo, tivo certa vez un incidente de protocolo co conde de Alcaudete que, en ocasión dun paseo dos infantes polo campo, pretendía ser o único mordomo que os acompañase no seu coche²³¹.

O 26 de marzo tiña lugar a entrada pública do Príncipe. O pobo madrileño botouse á rúa para ver o desfile e aclamouno entusiasmado porque correra o runrún de que Carlos converteríase ao catolicismo. Bristol estaba, ou aparentaba estar, desconcertado pola chegada do Príncipe e nos dez días que o tivo na súa pousada díxolle que o que fixera era cousa tan desusada e extraordinaria que só se explicaba se viña co propósito de facerse católico, o que achazaría todas as dificultades; e que, se era así, suplicáballe que o dese a coñecer canto antes; crenza e indicación que máis adiante lle sería fatal ao embaixador inglés. O Conde Duque, crendo tamén nese ruxerruxe, tratou de que se celebrasen reunións con Carlos para sondalo e inducilo a que se convertese, tocándolle mesmo a febra sentimental da memoria da súa avoa. Buckingham, arteiramente, ao principio deixaba facer, sabendo que todo isto era inútil e imposible; pero, ao cabo, estoupou violentamente nunha desas reunións edificantes. Comezaba xa a albiscarse o antagonismo entre el e Olivares que fará fracasar todo o plan.

O 4 de maio chegaba a dispensa de Roma pero con tantas restricións, ataduras e condicionamentos que a facían dificilmente utilizable. Os capítulos sobre relixión que Xacobe aceptara e Digby entregara no pasado decembro para que se levasen por resposta ao Papa viñan alterados e con novas redaccións en varios lugares. Pero o peor era a “Instrución secreta” para o nuncio en España na que se lle dicía, entre outras cousas, que lle indicase a Filipe IV que se concedera a dispensa porque se cría que, dese xeito, podería aca-

darse o último obxectivo da liberdade de conciencia para os católicos aprobada polo Parlamento, e, logo, a conversión do Príncipe; e que se o rei de Inglaterra non lles daba a liberdade de conciencia aos católicos no prazo dun ano, o de España “tería prontas as súas armadas para facelo cumprir”²³².

23. Fracasán os tratos para a voda.

Aínda que tanto Gondomar como Digby figuraban nas respectivas comisións negociadoras, os tratos, a partir de agora, levaríanos Buckingham e Olivares e aqueles pasarían a un segundo plano. Digby quedará case exclusivamente reducido ao papel de intérprete. E a fachendosa vaidade ou soberbia dos dous favoritos non tardará en ocasionar choques que, ao cabo, botarán todo a perder. Digby non deixou de avisarlle a Xacobe de que se produciran desconfianzas e desgustos entre Filipe IV e Olivares por un lado e Buckingham por outro.

O favorito inglés era melindroso de máis e non aturaba certas pretericións ou menosprezos que estimaba se lle facían e ata sentía celos do maior favor e afecto que, no seu sentir, as autoridades españolas mostraban por Digby. Di Francisco de Xesús que “a maior pretenión mentres estivo aquí foi que o igualasen nas honras co Príncipe e non telo conseguido foi unha gran causa, entre as demais, da súa indignación e as súas queixas”²³³.

Non foi, dende logo, ese antagonismo a causa do fracaso aínda que si o detonante. As causas de fondo radicaban na imposibilidade de harmonizar as contrapostas intencións de ambas partes que se intentaba disimular con fórmulas insubstanciais e de pura aparencia. Os españois soñaban coa liberdade de conciencia para os católicos ingleses e mesmo, como obxectivo último, a conversión do Príncipe. Os ingleses estaban moi lonxe de admitir ambos extremos aínda que empregaban frases equívocas que podían inducir á outra parte a abrigar esperanzas baleiras.

Olivares era francamente oposto a toda concesión. Ao pouco de chegar os ingleses, nunha ocasión na que o rei foi visitado pois estaba doente, ao preguntarlle este ao monarca se desexaba que se cedese nalgún punto, o rei díxolle “que lle ofrecía, prometía e xuraba expoñer perante todos os seus reinos a calquera perigo que condescender nalgo que non fose de maior cumprimento de relixión”. Olivares dicía, pola súa parte, que a amizade entre os dous países xa existía e o matrimonio non era necesario senón só conveniente para acrecentar os intereses comúns. Non obstante, o Consello de Estado tiña un criterio moito máis amplo e así o 17 de maio aceptou que o casamento se fixese sen limitacións nin agardar as condicións pedidas a favor dos católicos; pero Olivares formulou como voto singular un punto de vista oposto e dixo que o Consello de Estado non podía decidir en materias de relixión senón só os teólogos²³⁴.

Baixo a escintilante capa de festexos na rúa e no palacio, os cumpridos, galanos e fermosas palabras, as negociacións marchaban dando tombos ou mellor dito non marchaban, envoltas en enredos, coidados, ditames de conselleiros e teólogos, unha barroca arañeira na que todo aparecía cada vez máis confuso. Dun lado, ao Príncipe acendéraselle

unha febre amatoria, adolescente e romántica, eco quizais das súas lecturas, por unha moza á que non vira; “e se se espanta a V^a Ex^a como poderei amar antes de ver”, escribiálle a Gondomar, “a verdade é que vin o seu retrato e oído a sona das súas virtudes... de maneira que teño esculpida a súa idea no meu corazón”; nesta relación por certo, xocosamente e a petición do propio Gondomar, nomeou a este “o meu principal alcaíote”²³⁵.

Pero doutro lado, Buckingham, cada vez máis alporizado, foi infundindo de xeito sutil, pouco a pouco, no ánimo do mozo unha gradual aversión polos españois e a voda. Entre cerimonias e festexos, o fachendoso, vaidoso e insolente favorito representaba de cando en vez escenas dunha furia descomedida perante os cortesáns españois, botando o chapéu ao chan e pisándoo con berros e toleiradas, moi semellantes, por certo, ás que o seu amo lle fixera, en ocasións, a Gondomar. Ás veces, os ingleses ameazaban tamén con partir de seguida, agardando a que se lles rogase que quedasen, ou ben procedían de maneira contraditoria, rexeitando exaltados as propostas dos españois para logo, de súpeto, inopinadamente, aceptalas.

O 20 de xuño levoulle Olivares ao Príncipe unha desas propostas que el rexeitou porque, segundo alegaba, non llo permitían as ordes do seu pai; polo tanto, declarou que se daba por liberado dos tratos para a voda e por despedido, dispoñéndose a preparar o seu regreso; e o mesmo dixo, “aínda que menos compostamente”, Buckingham que estivo presente nesta entrevista. O 17 de xullo pedía hora Carlos para despedirse de Filipe IV e encargou a Digby que redactase un breve razoamento para xustificar a súa decisión. Pero cando o seu embaixador llo levou, non lle agradou nada a súa redacción e dixo que na entrevista co rei declararíase verbalmente o que no momento se lle ocorrese. E o que se lle ocorreu foi que aceptaba o que se lle propuxera porque, a pesar de ser as diferenzas de ambas partes tan grandes, en realidade eles intentarían “ver se podían saír do negocio máis facilmente”, pero, vendo que non era así, acomodábanse a todo para emparentar con España. E tanto os españois que estaban presentes á entrevista como os dous embaixadores de Inglaterra, xunto con Buckingham, quedaron de pedra.

Todo parecía agora resolto pois, ademais, chegou daquela, traído por Cottington, un impresionante documento en pergamiño no que o rei Xacobe xuraba gardar as condicións esixidas sobre a relixión dos católicos ingleses. De acordo con isto, redactouse un contrato polo que ambas partes obrigábanse a facer o necesario para celebrar o matrimonio dentro dos dez días desde a chegada do despacho de Roma autorizándoo. A entrega da esposa tería lugar na primavera de 1624. O Príncipe pareceu mostrar nesta ocasión unha actitude de gran firmeza no cumprimento do convido e así llo dixo a Filipe IV e a súa muller. Pero Buckingham non recuaba no seu intento e algúns feitos concretos revelaban que a actitude de ambos cara ao catolicismo seguía sendo a de antes, isto é, de franca aversión. Así sucedeu cando un xentilhombre inglés do séquito do Príncipe enfermou e chamou a un sacerdote católico inglés para recibir os sacramentos. Cando chegou este, impediuse-lle entrar, mesmo ameazándoo con armas, ao parecer por orde do Príncipe, “e pasaran a máis de non poñerse por medio o conde de Gondomar que xa acudira a acougar aquilo, e outra xente”. E penseuse, non sen razón, que esa violencia de Carlos contra a liberdade dos católicos era un mal agoiro. Por certo que o crego en cuestión fora alumno do colexio

inglés de Sevilla e viñera a España traído polo propio Buckingham para que, introducido na negociación a título de católico, puidese servirle de espía.

24. Carlos e Buckingham marchan.

O Príncipe fixara a súa partida de Madrid para o 9 de setembro e declarou que, se antes non viñan os papeis de Roma para o desposorio, deixaría poderes para que se celebrase na súa ausencia por un representante de seu. Esta prása, censurada por moitos do seu séquito, era, abofé, obra de Buckingham que ía poñendo os seus peóns para frustrar a voda. Pola súa banda, a corte española, xustamente escaldada, preparou un papel para Xacobe sobre o comportamento do seu favorito, para responder, chegado o momento, ás queixas que sen dúbida este habería de formular; nel sinalábase o seu improcedente modo de negociar, a forma como trataba ao Príncipe e o seu comportamento insolente. Na mañá do día fixado, o 9 de setembro, partiu o Príncipe para o Escorial. Buckingham quedou atrás e na noite dese día foi ver a Olivares acompañado dun intérprete para reconciliarse con el, sen dúbida co propósito de evitar que chegasen a Londres os informes que os españois prepararan. Olivares díxolle que non tiña inconveniente en facer as paces sempre e cando non lle puxera atrancos á negociación do matrimonio tal como ía encamiñado e que, ao referirse en Inglaterra a todo o concernente á súa estadia en España e ao trato que se lle dera, dixerá rigorosamente a verdade. Buckingham así o prometeu; pero o certo era que xa escribira á súa nai e a súa irmá contándolles o mal que o trataran e que, nada máis chegado alá, vingárase, e asegurando que o matrimonio non habería de celebrarse.

Tres días despois Carlos asinaba os seus poderes para o casamento. Por eles autorizaba ao rei Filipe e ao infante Carlos para casar no seu nome con María tan axiña como chegasen os despachos de Roma aínda que limitando o prazo ata o Nadal, e entregoullos a Digby. O mesmo día proseguía a marcha acompañado do rei e os infantes, o Conde Duque e os dous embaixadores de Inglaterra. Pouco antes partira só, a cabalo, Buckingham, a toda prása aínda que había unha calor de xustiza. Volvera a ter outra agarrada con Olivares a quen ofendeu na súa despedida ao dicirlle que, aínda que conservaría o mellor recordo da familia real española, “en canto a vostede, señor, non lles ofrezco persoalmente a miña amizade e sempre deberá agardar oposición pola miña parte”; o que, dada a influencia de Buckingham sobre o Príncipe, non agoiraba nada bo.

O cortexo detívose en Campillo a cazar e merendar no campo e, tras repousar un anaco, despedíronse os ingleses con grandes demostracións de afecto de parte a parte, reiterando o Príncipe as súas promesas e ofrecementos. Entre os persoeiros que seguiron con este ata Santander figuraban Gondomar e Aston. Digby volveu a Madrid. No curso da viaxe por terras españolas, Carlos escribiulle varias cartas ao rei Filipe e á Infanta; pero por esas datas planeaba xa, baixo a dirección de Buckingham, encolerizado e resentido, a ruptura do seu compromiso²³⁶.

Cando chegaron a Segovia, o favorito inglés despachou a Madrid a un criado seu para que vise a Digby e lle dixese que traía asuntos do seu amo e que lle permitise quedar na súa casa. O embaixador así o fixo; pero, vendo que pasaban os días e o individuo non se explicaba, presionouno para coñecer a súa misión e, ao cabo, soubo que tiña orde de que, cando chegase o despacho de Roma, lle entregase unha carta de Buckingham que lle dera para el. Digby conseguiu tamén que lle dese a carta decontado. Nela dicíalle que o Príncipe tiña certas reservas sobre o casamento posto que nos acordos nada impedía que a Infanta puidese entrar en relixión, polo cal, e ata estar seguro neste punto, ordenáballe que suspendese a entrega de poderes. Para o conde de Bristol isto supuña unha situación un tanto espiñenta porque puña en dúbida a honorabilidade do seu Príncipe e, de resultas, a súa, pois, con aquel pretexto, buscábase faltar ao acordado. E para previr o mal, escribirallo ao Príncipe e ao mesmo rei sobre o asunto aínda que sen moitas esperanzas porque ben coñecía a influencia do valido sobre Xacobe e a facilidade con que este se deixaría convencer por el. Na que lle escribiu a Carlos referíase ás sospeitas que despertaran en Madrid o que se dicía nas cartas dalgunhas persoas do seu séquito sobre o seu afecto pola Infanta e o cumprimento dos seus compromisos pero que ela non crera neses runrúns e negaba que pensase retirarse a un convento. Era, como se ve, unha clara alusión ao que Buckingham dicía na súa carta.

Xacobe xa tiña noticia dos choques entre o seu favorito e o do rei Filipe, e pouco antes de que chegasen os viaxeiros a Inglaterra dicíalle a Hinojosa –o embaixador extraordinario de España, enviado para dar conta da chegada do Príncipe– saber que Filipe IV e o seu fillo fixéranse grandes amigos, causándolle, pola contra, “sentimento que desgustase Buckingham ao conde de Olivares e que me pedía escribise a V. M.”, e así o fai dicíndolle que debe “mandar ao conde que esqueza o pasado nesta razón, que, no demais, el se encargaba do goberno do seu criado”.

Desgrazadamente, esta firmeza, esmorecerá a penas apareza a parella na súa presenza. Quince días despois, o mesmo Hinojosa volvíalle a escribir ao seu rei que, ao parecer, nin o Príncipe nin o rei cambiaran no seu afecto por Buckingham²³⁷.

O Príncipe e os seus acompañantes chegaron a Santander onde os esperaba unha escuadra de dezaseis navíos mandada polo conde de Rutland, sogro de Buckingham. A cidade tributoulle a Carlos unha calorosa acollida. Na nave insignia ou capitá, a “Royal Prince”, de tres pontes e catro paos, profusamente decorada con tallas douradas sobre fondo verde, deu o Príncipe un gran banquete o 24 de setembro, ao que asistiron, entre outros persoeiros, ocupando unha mesa algo máis baixa cá do Príncipe, Buckingham, o cardeal Zapata, o marqués de Aytona, Aston e Gondomar. Houbo un brindé á saúde de ambos reis e da infanta María, e moitas salvas de artillaría e o Príncipe deu a Gondomar un anel que valía dous mil escudos²³⁸.

O 15 de outubro a frota chegaba a Plymouth. O pobo de Londres –escribíalle o embaixador Hinojosa a Olivares– agardaba ao herdeiro da coroa como se saíse de Arxel. E o recibimento que lle fixo foi extraordinario. A xente común de Londres, a diferenza da de Madrid, nunca vira con bos ollos aquel casamento. Endymion Porter, que viña no séquito, non disimulou a Hinojosa “o descontento con que volven todos”²³⁹.

25. Buckingham contra España.

O 26 de novembro de 1623 os dous embaixadores de España tiveron unha entrevista co trío dirixente. Segundo Hinojosa, o ánimo do rei era en favor do matrimonio e o Príncipe tamén mostraba entón gran vontade ao mesmo e “amor á señora Infanta”. En canto a Buckingham, “aínda que fixo grandes xuramentos... é certo que non o desexa e que é o que moveu isto do Palatino”. Concluía que Buckingham e os seus trataban de que Xacobe “rompa, axudados da súa timidez e da fortaleza que lle quitaron... os seus achaques”. O vacilante, doente, debilitado Xacobe, asustado do que temía que se lle viña enriba se se malograba a voda ou se fracasaba o seu xenro, paos polos dous lados, esforzábase por acougar as augas, cada vez máis revoltas. Trataba de convencer ao seu amado Steenie, con lixeiras reconvenções, adoptando ás veces un certo aire paternal, que non deixaban a menor pegada no arriscado mozo. Unha vez –conta Hinojosa– “colleu o rei a Buckingham e... cunha reprensión como puidese facerlle un pai a un fillo, co que demostrou o que o quere, fixolle cargo dos desgustos co conde de Olivares”, pedíndolle “que se enmendase”²⁴⁰.

Entrementres, en Madrid, os dous embaixadores ingleses empezaran a cambiar de actitude, a “mudar de estilo”, ante a corte española, mostrándose máis fríos e reservados. Dicían ter recibido orde de presionar máis no do Palatino e que, cando chegase o despacho de Roma, deberían dar conta a Xacobe para recibir del instrucións antes de celebrar a voda. Os españois respondéronlles que parecía que quixesen supeditar a voda á solución do Palatino, cousa que nunca se precisara nas negociacións, e non aceptaron o retraso para consultar a Xacobe.

O 29 de novembro chegaban os papeis de Roma e os dous embaixadores ingleses insistiron con Olivares na dilación pero respondéuselles que o rei Filipe non podía deixar de cumprir o acordado. En consecuencia, díxoselles que, como o nuncio entregara xa os documentos, comezaba a correr o prazo convido de dez días para celebrar o matrimonio. E como a cousa non tiña volta de folla, os embaixadores acabaron declarando que estaban prontos a cumprir o acordado e que Digby entregaría os poderes. Digby anuncioulle ao seu goberno que xa chegaran os papeis de Roma e que, de acordo co que se lle mandara sinalárase a data do 9 de decembro para o desposorio. A comunicación de Digby foi examinada na xunta correspondente e nela Buckingham, xunto con outros dous membros, propuxo que se lles obrigase a regresar aos dous embaixadores e que se lles castigase; pero o rei non se mostrou de acordo.

Como a actitude antiespañola de Buckingham era cada vez máis manifesta, Hinojosa suxeríralle a Filipe IV que aplicase a súa autoridade “á caída deste home, escribindo a este rei e ao Príncipe de man propia... e remitíndose a Coloma e a min nas ocasións que aí e aquí deu para terlle mal afecto”; e se por este medio non se conseguía “a expulsión deste home”, lograr polo menos “tal decaemento na graza do rei e do Príncipe que non poida magoar a ninguén máis”²⁴¹.

O 6 de decembro, catro días antes de que transcorrese o prazo establecido, chegaron a Madrid tres correos de Londres e na tarde dese día os embaixadores ingleses foron ver a Olivares para comunicarlle que Xacobe facía depender a voda da solución da cues-

tión do Palatino. “Non quero casar ao meu fillo”, din que dixo, “cun dote de bágoas da miña filla”. A corte española insistía en que nunca se falara de unir ambos asuntos e o mesmo Digby revelará máis adiante, cando o acusen en Londres, que tal fora o parecer e as instrucións de Xacobe ao comezo. Doutra banda, dábase o caso de que, mentres o 13 de novembro de 1623 ordenábase a Digby suspender o matrimonio, Xacobe dicíalle a Hinojosa catro días despois que o casamento faríase con independencia da cuestión do Palatino. Isto mostra ás claras que o rei de Inglaterra dubidaba entre o seu sentido do honor e respecto á súa palabra e as aborrecidas presións ás que o sometía o seu amado favorito²⁴².

En xeral, na corte inglesa existía daquela un desconcerto total, sobre todo no que lles dicían os seus principias protagonistas –Xacobe, Carlos e Buckingham– aos nosos embaixadores, que non sabían a que aterse; mentres Xacobe insistía en que quería o matrimonio e a amizade de España, Buckingham non ocultaba a súa antipatía por esta e a súa oposición á voda e ata o seu desexo de apelar á guerra para vingar as ofensas que dicía ter recibido aínda que perante o rei e os embaixadores de España tratase de disimulalo. O Príncipe, pola súa parte, se ás veces lles expresaba aos embaixadores de España que seguía desexando o matrimonio, ao final apareceu xa francamente submisivo ás indicacións do valido ata o punto de que chegou a dicirse en certos círculos que este o enfeitizara “por medio dun home que aquí está indicado de gran feiticeiro”, “enfeitizado ou fóra de si”. E o mesmo aseguraba Digby²⁴³.

Como resultado da súa actual actitude antiespañola, a opinión pública inglesa, protestante e puritana, cambiara radicalmente respecto a Buckingham: “de odiado”, dicía Hinojosa, “é hoxe tan amado dos puritanos e protestantes que falan... como se fose o seu redentor”. E engadía: “Vai agora... procurar gañar a vontade dos católicos con ánimo de enganalos”²⁴⁴. En tal sentido non vacilou en entrevistarse nada menos que co provincial dos xesuitas en Inglaterra. Nunha primeira entrevista con el, a mediados de novembro de 1623, quixo utilizalo como mediador con Hinojosa para explicarlle como foran as cousas en España aínda que o tiro ía dirixido, sobre todo, ao propio provincial pois díxolle que todo se debeu a que el non quixo que o Príncipe se fixese católico, o que tería sido destruílo; que non era verdade que se opuxese á voda pois sabía que, se o rei e o Príncipe a querían, aínda que el quixese atrancala non o faría; que desexaba a amizade con España e que lle prometía que se revocaría a suspensión do poder. Como se ve, con estas falacias, trataba de cargar as culpas do outro lado. Pero, nunha entrevista posterior co mesmo, o 28 de decembro, xa quitaba a carauta. Nesa ocasión –refería o provincial– “téndome feito grandes festas e dándome moitas apertas”, desfíxose en loubanzas dos católicos ingleses, aos que dicía estimar por ser tan morais, temperados e de bos costumes, verdadeiros e fieis amigos. A seguir queixóuselle de como foran tratados en España, da que dixo que “non había terra máis miserenta e acabada, que este nome de España era cousa fantástica e de engano”, e onde, ademais, non se lles pegaba nada dos católicos ingleses “se non que tomaran esta máscara para dispoñer mellor os seus intentos”. Recoñeceu que o rei os quería mal, pero que el, como os estimaba, faría por eles canto puidese, e que máis podería sendo protestante que non católico aínda que dando a entender, de pasada, que quizais máis para adiante puidese facerse en ocasión propicia. E rematou dirixindo unha feroz labarada contra

Digby. Díxolle del “que era un simple e como tal procedera e os españois enganárono sen ter coñecido nin os seus intentos e que, por iso e dar gusto a España, deixara ao seu rei, faltado ao seu creto e obrigas e deixándose levar tanto do desexo do casamento que así lle luciría e España lle daría o pago”²⁴⁵.

26. Digby cae en desgracia.

As intrigas de Buckingham fixeron caer en desgracia ao embaixador. O 24 de novembro de 1623 anunciáralle Hinojosa ao seu rei que ía saír para Madrid un mensaxeiro coa revocación dos poderes que tiña Digby “e orde que se veña logo”. Explicaba que isto debía ao feito de que escribira a Londres que, en canto chegase a documentación de Roma, sinalaría día para o desposorio e avisaría para que se lle mandase o que debía facer, “porque acá non quixeran tanta brevidade”. Os partidarios de España estimaban que podería ser necesaria a presenza de Digby en Londres porque, se “o seu valor e resolución... axudado dos seus amigos, non abonda para derrubar a Buckingham, que é o autor destas novidades para desfacer o matrimonio, non queda xa medio ningún”²⁴⁶.

Todos se percataron de que comezaba o combate entre os dous persoeiros. Francisco de Xesús comenta que resultaba estraño que Xacobe, que fiara sempre do conde de Bristol neste negocio, satisfeito da súa dilixencia ao procurar que se fixese o matrimonio coas maiores vantaxes da súa parte e as menos da de España, procedese agora contra el. Ese cambio de actitude no rei era, abofé, obra do valido que se apropiara por enteiro da súa vontade decadente. E o odio a Digby tiña as súas orixes nos celos que sentiu del ao crer ver que os ministros do rei de España facíanlle máis honra e tiñano en máis aprezo ca el. O melindroso do mozo –tiña daquela trinta e un anos– fachendoso cos seus éxitos cortesáns e a confianza do soberano, non podía aturar o que el, nas súas sospeitas de trepador, interpretaba como desconsideracións, menosprezos ou exclusións. O goberno español apreciaba certamente a Digby pola súa seriedade, a súa obxectividade e a súa honorabilidade, sabendo que era firmemente leal ao seu soberano; en certo modo, polos mesmos motivos polos que Xacobe estimaba a Gondomar. Tanto Filipe IV como Olivares lairon a súa ausencia e temían para el o peor en Londres. Olivares díxolle antes de partir que, como sinal de agradecemento, o rei de España estaba disposto a concederlle o que pedise e ata seica lle ofreceu diñeiro; pero el respondeu que todo canto fixera fora por servir ao seu amo e que prefería que o decapitasen en Inglaterra a ser duque do Infantado en España²⁴⁷.

O 18 de decembro de 1623 escribíalle Hinojosa ao seu rei que regresara a Londres o mensaxeiro que se lle enviou a Digby “co novo poder e orde para que non se proceda o casamento sen sacar da V. M. a promesa que se desexa nas cousas do Palatino; trouxo novas que Bristol falara no primeiro e suspendídose o desposorio. Este rei mostrou tanto sentimento, porque a súa intención... era de que se fixese, que... estivo hoxe inaturable. O Príncipe pasou a tarde xogando á pelota con Buckingham e conta, quen o viu, que todas as veces que se mudaban de posicións, apertábanse facendo pinchacarneiros, pero é cousa moi frecuente nel neste exercicio”. E unha semana despois el mes-

mo avisáballe a Olivares que na corte de Londres culpaban do sucedido a Digby por ter sinalado a data do casamento e que “se vén aquí non lle han de dar lugar a ver ao rei, que o han de prender e correr risco a súa cabeza”. “Pareceume”, engadía, “sáibao a V. E. para que... llo advirta a Bristol que eu atopo inconveniente en escribirlle e o seu coidado é e foino sempre tan de parte da unión de ambas coroas que merece que a S. M. e a V. E. o amparen”. Pouco tempo despois, o mesmo Hinojosa explicáballe a Mirabel que desde Londres ordenáronlle a Digby que se suspendese a voda, cousa que se fixera tres días antes de celebrarse, alegando que Digby excedérase ao sinalar data para ela xa que o Príncipe deixáralle orde de que non usase dos poderes ata que, unha vez chegado o despacho de Roma e avisado a Londres, se lle respondese o que debía de facer²⁴⁸.

O 30 de decembro Hinojosa envioulle a Digby unha carta de simpatía, lamentando o que lle pasaba; e tres días despois confirmaba Filipe IV que Xacobe chamaba a Digby e que, posto que este fora enviado a España como embaixador extraordinario para o da voda e el a Inglaterra con igual carácter e para o mesmo, non parecía conveniente “volvéndose el, entreterme eu”. O 8 de xaneiro de 1624 escribíalle a Olivares que se lle enviara a Digby un mensaxeiro con orde de regresar ao seu país e que supuña “que a S. M. mandame ir e enviar embaixador ordinario”. Xacobe despachou a un secretario seu a entrevistarse cos dous embaixadores de España para explicarlles que chamaba a Digby “para que dea satisfacción do xeito en que gobernou por ter ocasionado a interpretación da vontade do rei”. Hinojosa insistía en que “hádeo pasar mal Bristol e... coa súa ruína han de querer disimular acá o procedemento que tiveron”.

Francisco de Xesús confirma que foi na entrada de 1624 “cando o rei da Gran Bretaña mandou chamar ao conde de Bristol, quitándolle desde logo das mans a negociación destas materias que tiña tan ao seu cargo, con mostras de pouca satisfacción do seu xeito de proceder, e este despacho recibiu a vinte de xaneiro”. A finais de mes, escribíalle Hinojosa a Digby unha carta na que lle dicía que non sabía se cando chegase a atoparía aínda en Madrid e prevíñao de que, aínda que o ánimo do rei era bo cara el, “parece debe ter gran reserva de quen tan coñecida e descuberta oposición fai da boa amizade” dos dous reis: “os bos desconsólanse e... confían na chegada da V. E. moito, e máis se entra no Parlamento como agardan”²⁴⁹.

Os embaixadores de España estaban resoltos a pedir que se puxesen as cartas boca arriba e se abandonasen os equívocos. Nunha reunión que tiveron o 4 de decembro de 1623 coa xunta encargada de tratar do casamento, os españois dixéronlle a Buckingham que querían clara resolución, “así en efectuar ou deixar de efectuar o casamento como en ser bo amigo ou bo inimigo, conservar a paz ou romper a guerra”, que para todo atoparía no rei de España igual vontade e resolución. Hinojosa explicáballe a Filipe IV que falara deste modo porque a linguaxe de Buckingham e os seus amigos, “así en razón de guerra como de casamento... non permite xa tanto disimulo”. Poucas semanas despois, o rei, nunha entrevista que tivo con Cottington fóra de Londres, díxolle “que o Príncipe e Buckingham querían acabar con el, querendo que perdese os seus amigos e o que máis desexara e desexaba nesta vida, e encamiñalo á guerra que tanto refusara; que todo isto tiña aborrecido e con coñecemento de que vivira demasiado e sobráballe vida”; e Cot-

tington refería que “ao pobre do rei esvarábanlle as bágoas a fío, confesando que se vía sen alento para contrastar tan grande e descuberta contradición dos que menos debía esperala”²⁵⁰.

O 23 de febreiro de 1624 os embaixadores tiveron audiencia de Xacobe e, cando estaban para entrar, achegóuselles Cottington para dicirlles de parte de Buckingham que soubera que lle ían dar queixas del e que, en tal caso, pediríalle ao rei non estar presente. Eles responderon que ían falar dalgúns asuntos pero que, “se por incidente fose mister decir del o que nos conviñese, diríámolo”. Ao entrar na sala de audiencias, atoparon ao rei co Príncipe e o favorito e este, antes de que os embaixadores sentasen, “fincou o xeonllo e díxolle en francés: Señor, estes señores embaixadores... teñen algunhas queixas que dar a V. M. de min, e porque non é xusto que eu me atope a oír os meus defectos... a V. M. teña a ben que marche”. Os embaixadores responderon o mesmo que antes lle dixeran a Cottington e o rei falou a parte en inglés co favorito “e entón saíu pero púxose detrás dunha porta moi veciña... e de onde nos oía”. Logo de tratar dalgúns asuntos, o rei indicoulles que Buckingham dixéralle que tiñan queixas do que el fixera en España e que quería saber cales eran, ao que eles responderon que eran tantas e tan xustificadas que cansarían a quen quixese oílas canto máis a quen, coma el, non gustase de oír cousas tan distantes da súa vontade e intención. Pero si que querían dicirlle que escribiran ao seu rei que Buckingham volvérase amigo dos holandeses, que fora a España con ánimo de atrancar o casamento e que desde España asegurou que o Príncipe voltaría sen casar e que agora gloriábase de telo conseguido e que non se recataba xa en dicir que desexaba e procuraría a desunión e a guerra entre ambas coroas e mostrábo en canto podía. O rei defendeuno aínda que temperadamente e afirmou que só eran lerias. Tamén lle dixeron que corría a voz de que o Príncipe volvérase así mesmo inimigo de España e que, se era así, suplicábanlle que lles dixese cal era o motivo do seu cambio de actitude pois o rei de España seguía mantendo a estima que alá lle mostrara. E que se nalgo se faltara, non fora por defecto de vontade nin de coidado. O Príncipe asegurou que todo iso era un falso testemuño. Pero Hinojosa sinaláballe ao seu rei que cría ter notado no mozo simulación e nada de sas intencións.

Ao rematar a entrevista, segundo logo souberon os embaixadores por un confidente, o rei e Buckingham pecháronse nun cuarto e houbo grandes voces, pero “sen impedimento diso e a fe que Xacobe... pon na V. M. e o coñecemento con que se atopa de que desexan encamiñalo ao que máis mal lle está, temo e teño por certo o peor pola contradición do seu fillo e Buckingham e o pouco que lle axudan os seus achaques e o seu vigor espiritual e corporal que cada día parece máis postrado”²⁵¹.

27. Buckingham ataca no Parlamento.

Buckingham e o Príncipe querían que se convocase Parlamento onde esperaban recibir apoio, dado o predominio que tiñan nel os inimigos de España. Lograran convencer ao rei para que o fixese e o 28 de febreiro pronunciaba Xacobe o seu discurso referíndose aos

asuntos do momento e anunciando que o Príncipe e Buckingham exporían polo miúdo todo o referente ao casamento e a viaxe a España. Poucos días despois, despachábase Buckingham nun longo e desapiadado ataque contra España. Afirmou que buscaran amañar dunha vez a cuestión do casamento e a devolución do Palatinado que España viñera dilatando con enganos e argalladas, impedindo que Xacobe acadase en axuda do seu xenro, fiado nas promesas de Gondomar de que se lle restituirían os seus estados. En España déranse de conta eles de que, entre frases amables e falsas cortesías, reunións e consultas, trataban de enlealos, chegando mesmo a intentar converter ao Príncipe e negándose a axudar na devolución do Palatinado ao seu lexítimo señor. Despois de referir outras queixas contra España, emprendeu con Digby, a quen censurou pola súa resistencia a devolver o poder que se lle deixara para o matrimonio, acusándoo de virar os desexos do rei e do Príncipe e de deixarse influír pola corte española. En conclusión, preguntou ao Parlamento se o rei debía seguir suxeito aos acordos e tratos con España ou liberarse deles e resolver pola súa conta os seus problemas. A exaltación dos presentes foi tal “que non se oíu en moito tempo senón algarabía, confusión e acenos de ameaza de guerra”.

Os embaixadores de España foron ver a Xacobe a Hampton Court para falarlle da apaixonada arenga do favorito, quen, por certo, atopábase naquel momento co soberano. “Veu verme”, díxolles o rei. E eles respondéronlle que se aledaban diso porque todo o que tiñan que manifestar era en contra del. Buckingham declarou que alí estaba para defenderse e os embaixadores referíronse logo ao seu discurso no Parlamento, sinalando “que indebida fora a linguaxe, sen chegar a particularizar o máis grave por non obrigarnos a gran demostración que causase rompemento”, segundo lle escribía Hinojosa a Filipe IV. Engadiron que se en España, en auditorio tan grande ou noutra parte, se falase con tan pouca cortesía do rei de Inglaterra, o de España poría “nunha torre a quen o fixese e puidese cortarlle a cabeza”. Buckingham respondeu contando anécdotas ou chismes, entre eles o de que Gondomar lle dixera certa vez ao Príncipe que el, Buckingham, era católico. O rei interveu para expresar que sentiría moito que os embaixadores tivesen xusta causa para queixarse pero que todo o que o seu valido dixera no Parlamento tiña escrito para ensinarllo ao rei de España e que do dito e o pasado era o Príncipe bo testemuño. Os españois responderon que estaban obrigados a crerlle ao Príncipe pero que ninguén podería afirmar outra cousa máis que o rei Filipe procedera con toda sinceridade e afecto cara el, sinalando que era mester tratar o asunto coa debida seriedade, deixando de lado as miudezas e os enredos.

Buckingham queixouse de que Hinojosa escribira a España que el era a cabeza dos puritanos ao que o segundo respondeu que o que avisara alá era “que por desafecto aos casamentos, de odiado cos puritanos e inimigo do arcebispo de Canterbury fixérase agora amar por eles e por el”. Os embaixadores remataron pedíndolle a Xacobe que os papeis e feitos referentes á negociación fosen examinados debidamente xa que agora con intrigas e falsidades procurábase que estoupase a guerra entre dous reis tan amigos. Xacobe respondeu que non a desexaba e que “cando fose levado a ela sería polos cabelos”; e eles declararon que así o crían do seu ánimo pero que moitos poderían dubidar diso vendo que Buckingham, como máis obrigado a axustarse coa súa vontade, alonxábase dela. Ao cabo, acordouse que se enviarían ao Parlamento todos os documentos referentes ao caso.

O mesmo día que Hinojosa lle daba conta ao seu rei de todo o que antecede, o 7 de marzo de 1624, escribíalle a Digby unha carta na que lamentaba “que un ministro tal e de tan bo rei e que tan ben lle serviu poida chegar a recear do lugar que ha de atopar”; e tamén lle dicía que moitos estimaban que no Parlamento podería ser el de gran servizo para refutar e devolverlle as acusacións de Buckingham. Esta opinión expuxérala, concretamente, entre outros, o conde de Pembroke, a quen se tiña por amigo de España e que fora confidente de Gondomar; pois antes da apertura do Parlamento, dixéralle a Hinojosa que aquel, do que tanto agardaba Buckingham, sería a súa ruína e que habí-an de presionalo e obrigalo a dar conta das súas accións, “que o rei atopábase canso del, que é raposo vello” e desexaba sacudilo, e “que o regreso de Bristol... para apretar a Buckingham será convenientísima”. Pero a verdade é que Pembroke foi mal profeta pois non só obtivo Buckingham un brillante triunfo senón que el mesmo, lonxe de presionalo, rematará votando polo abandono definitivo do tratado con España²⁵².

De todos os xeitos, hai que ter presente que non había naquel intre quen puidese opoñerse ao favorito con coñecemento de causa xa que Digby aínda non chegara e a petición dos embaixadores de que se levasen ao Parlamento os papeis relativos aos asuntos en litixio e se informase sobre eles de modo imparcial e completo non foi, ao cabo, atendida. Os lords decidiron que non se admitise a resposta dos españois, que non se fixese o casamento e que se tratase de recuperar o Palatino polas armas; e este acordo foi comunicado á Cámara Baixa. Nesta leuse entón unha carta de Digby a Xacobe na que lle dicía que “non podía casar ao seu fillo con princesa de sangue tan alto nin de máis virtude”; ao que os representantes responderon “que tiña dote moi desproporcionado para sangue tan digno e que as xoias podían ser tan falsas como as promesas de España; que virtude non a podía haber en persoa papista;... que non ten este reino outros inimigos que os españois e os católicos recusantes ingleses que son da súa facción”. As dúas cámaras aprobaron, pois, o informe de Buckingham e os Comúns ofrecéronlle logo os subsidios ao rei para a guerra do Palatinado con tal de que se anulasen os tratos con España. E Xacobe, tras algunhas vacilacións, aceptou, “rendeuse”, dicía Hinojosa, “máis por temor e violentado que por vontade”. “De noite”, expresaba o noso embaixador o 3 de marzo, “mergullábase este lugar de algarabías con fogos, lumieiras e artillaría por esta resolución, da mesma maneira que... se se librase este rei dalgunha gran opresión... Tiraron a esta casa moitas pedradas e houbo en fronte dela gran balbordo coas desvergoñas que en tales casos obran o odio e a herexía”.

Non se queixaron, porque tería sido inútil, aínda que o arcebispo de Canterbury dirá logo no Parlamento que o rei o lamentaba e que estaba disposto a castigar aos autores; pero Buckingham, pola súa parte, declarou ante o mesmo que o rei decidira retirar aos seus embaixadores en España²⁵³.

28. Digby retorna a Inglaterra.

Buckingham e o Príncipe, causantes da desautorización de Digby e do seu regreso, non as tiñan, non obstante, todas con eles xa que a presenza do embaixador, ao que

Xacobe sempre tivera por home competente e leal, podíalles resultar un tanto espiñenta. O 28 de xaneiro de 1624 Digby despedírase de Filipe IV e algún tempo despois presentábase en Londres, ao parecer de súpeto. Non chegou así e todo a tempo para asistir ao pezoñento discurso de Buckingham que, como vimos, o implicaba. Debeu enterarse, sen dúbida, durante a viaxe do sucedido no Parlamento e da aprobación que este dera ao informe do valido, e daquela escribirlle a Gondomar a seguinte carta:

“Don Baltasar diralle a V. S. todo o que pasa en Inglaterra; en fin, a V. E. e eu, por Parlamento, somos declarados os maiores traidores do mundo. Rogue a Deus que de tal xeito poidamos servir á Súa Divina Maxestade como servimos aos nosos amos. Eu, señor, non agardo senón todo o mal que lle poida vir a un home; aínda vou sufrir porque vexo de que maneira andan as cousas, nin hai lugar para a razón nin para a inocencia e así volvo contra o parecer de todos os meus amigos e aínda do bo Padre [Frei Diego de la Fuente], pero morrerei cen mortes antes de non dicir a verdade e volver pola miña honra que eles procuraron quitarme con mil testemuños e afrontas. En calquera condición na que me atope, sempre serei fiel amigo e servidor da V. E. coma quen coñeceu os seus bos intentos á paz común e ao ben destas coroas e nisto Deus sabe que eu me conformei coa V. E. sen fin ou interese particular; e aínda que agora me vexa perdido, abofé, señor, Deus dáme gran consolo e vou moi animado para sufrir todas as inxustizas que sei me han facer todos... Se en España me cresen e me atendesen como eu desexaba, as cousas non chegarían ao extremo en que están na actualidade”²⁵⁴.

Cando Digby chegou a Inglaterra Buckingham e Carlos trataron de afastalo do rei para evitar que os seus informes e razóns o fixesen mudar de parecer. Ao principio, aínda seguiu disfrutando das súas prerrogativas cortesás e os embaixadores de España utilizarón algunha vez como intermediario. En ocasión que Frei Diego de la Fuente, daquela en Londres cunha misión de Filipe IV para ver se a simpatía que sempre lle tivo a Xacobe podía amañar as diferenzas entre os dous países, quixo ver ao rei e non remataba de obter audiencia, pediulle a Digby que transmitise a súa mensaxe e el así o fixo. Polos mesmos días informábaselles aos embaixadores que o Consello Privado era do parecer de facerlles proceso polas acusacións formuladas contra Buckingham, consideradas infundadas e calumniosas, e que llos enviasen presos ao seu rei; e que, aínda que o monarca inglés se opuxera a tal proposta, “a contradición fora tal que non lle dera lugar para iso”. Poucas horas despois volvíalle a escribir a Hinojosa para darlle un recado do seu amo de que o excusase de non poder recibilo –como el pedira– porque o Parlamento, que se achegaba á súa fin, non lle deixaba tempo²⁵⁵.

Entrementres en España don Diego Sarmiento, despois de ter despedido en Santander ao Príncipe, incorporárase ás súas tarefas de conselleiro de Estado. Nas súas consultas expuxo os seus puntos de vista que eran froito da súa xa madura experiencia diplomática. Facía especial fincapé en que se contase cos ingleses para calquera amaño se este había de ser efectivo e en que se solucionase a cuestión do Palatinado, aínda que tomando as debidas prevencións e concertando alianzas a fin de prepararse para o peor que xa presentía. O 29 de maio de 1624, Walter Aston comunicáballe ao goberno español que o seu daba por disolto o compromiso para a voda e a negociación sobre o Palatino á vez

que se queixaba do comportamento dos embaixadores Coloma e Hinojosa, sen dúbida pola antidiplomática dureza con que atacaron a Buckingham –aínda que non lles faltase razón– sobre todo coñecendo o amor que Xacobe lle tiña²⁵⁶.

Buckingham e o Príncipe apretaban agora contra Digby tratando de evitar que lle falase ao rei, e mesmo de pechalo na Torre. Non conseguiron isto último pero si que fose confinado na súa casa de Sherborne. “A Bristol”, escribíalle Hinojosa ao seu rei o 30 de maio, “déronlle a súa casa... por prisión”. Os dous embaixadores foron velo e el expresoulles que lles quedaba moi agradecido ás mercedes que recibira do rei de España “e tanto gusto do que obramos contra Buckingham”, ao que “cando o nomea é dicindo que é un infame traidor”. Agardaba que, se conseguía falarlle ao rei, “a dúas veces que o faga hádeo facer meter na Torre e aforcalo”. Engadiu que se a el “lle cortasen a cabeza sen darlle lugar a que fale co rei, polo menos o día que o executasen e fose sentenciado, podería falar e que aquilo bastaría para reducir a Buckingham ao estado que desexa”. O Príncipe envioulle a dicir que, se renunciaba a ver ao rei, confirmaríanselle certas mercedes de que gozaba e non se lle faría cargo ningún; pero el respondeu que o seu único desexo era falarlle ao rei para darlle satisfacción do seu proceder. Carlos, entón, contestoulle que, “pois non quixo o que lle ofrecía, aparéllese para ser examinado”. Pero –comentaba Hinojosa– “nin aínda isto se atreven a tentar temendo que as súas respostas poderían causar no rei o mesmo efecto que se Bristol lle falase”. Non obstante, concluído o Parlamento, foi sometido a varios interrogatorios aínda que nada puideron sacarlle fóra de recoñecer, todo o máis, ter cometido un erro de xuízo²⁵⁷.

Vinte días máis tarde díciolle o mesmo Hinojosa a Filipe IV que Digby “está aínda na súa casa; sinaláronlle xuíces e el pretende que o rei o escoite en conformidade do que se ten feito con outros que se atoparon no mesmo estado ca el”. O rei deulle a entender que o faría “e el aprétao pero con desconfianza e dificultade porque o Príncipe, coa súa paixón tan espida de todo xénero de prudencia, declarouse en que terá polo seu inimigo a quen o axudase. Con todo, Bristol está firme e disposto a moer ao rei, xa por medio da súa muller e achegados, para que o escoite”. “É un bo cabaleiro”, engadía, “e móstralle o seu recoñecemento a V. M. e tanto sentimento do proceder que se tivo con don Carlos e comigo que fala en que ningún home de honra había de ser inglés, pero ve que é todo efecto do Príncipe e de Buckingham e do rendemento do rei que non obra aínda que o coñece como tal”. De alí a pouco, saía Hinojosa para España²⁵⁸.

29. Terceira embaixada, non cumprida, de Gondomar a Inglaterra.

A súa morte.

Ante a tensión que agora existía entre os dous países, Olivares, para aliviala, pensou que Gondomar, pese á pouca simpatía que por el sentía, era o único que podía remediar as cousas nalgunha medida, tras o fracaso dos dous embaixadores e do propio P. la Fuente. O 4 de novembro de 1624 noméano de novo embaixador en Inglaterra. Parece

que se resistiu, pensando, sen dúbida, en que nada podería facer, pero o Consello de Estado, ante as novas que enviaba o axente Bruneau de que Inglaterra facía preparativos navais e que o rei Xacobe se atopaba moi enfermo, acordou que Gondomar debía poñerse en camiño sen demora, cousa que fixo en abril de 1625.

O panorama era certamente desalentador. Buckingham, despois de obter o parecer favorable do Consello Privado, preparara, co subsidio concedido polo Parlamento, unha expedición militar en apoio do Palatino. Esta expedición, mal organizada, que dirixiu o mercenario Mansfeld e que se levou a cabo en febreiro-marzo de 1625, constituíu un fracaso total. O prestixio do favorito viuse con isto moi danado e para Xacobe foi un tremendo contratempo. Consentira comezar a guerra de moi mala gana e agora vía, ademais, que a perdera. O 27 de marzo de 1625 falecía. Gondomar tivo noticia da súa morte cando ía cara a Inglaterra. O Consello de Estado, tras algunha deliberación, optou ao cabo por propoñer que interrompera a súa viaxe a aquel país²⁵⁹.

Co novo rei, Buckingham seguiu, naturalmente, no poleiro. Xestiounou con gran rapidez, e sen atopar maiores atrancos, a voda de Carlos con Henriqueta María, irmá de Luís XIII, voda que se celebrou en maio de 1625 en París, por poder. A Gondomar encomendóuselle, ao parecer, a nada grata misión de dirixirse alá para dar aos reis de Francia os parabéns pola voda, despois do cal encamiñouse a Bruxelas.

Buckingham tratou tamén daquela que o Parlamento concedese recursos para os seus plans belicosos. Pero os seus membros desconfiaban deses plans e de quen os propuña e negáronlles a axuda económica. En agosto de 1625 o rei dissolveu o Parlamento, que era o primeiro do seu reinado, mais non por iso desistiu dos seus proxectos o arrogante e fahendoso valido. Con préstamos particulares equipou unha escuadra para emprender a guerra contra España. Ao sabelo Gondomar, enviou desde Bruxelas, en setembro a un axudante seu, Henry Taylor [Henrique Teller] para facer un derradeiro esforzo en favor da paz. Non tivo éxito. A guerra iniciárona os ingleses sen declaración previa, atacando por sorpresa a Cádiz. Pero esta aventura de outubro de 1625 non remataría, por certo, como a de 1596. Nin os barcos, vellos e mal abastecidos, nin os homes que ían a bordo estaban en condicións de dar o asalto e fracasaron estrepiteiramente perante os muros gaditanos.

Entrementres Gondomar seguía en Bruxelas onde, ao ver, seguramente, que os seus achaques empeoraban, fixo testamento o 3 de febreiro de 1626, e o 12 de xuño do mesmo ano redactou unha “Relación do estado das cousas de Inglaterra” que quizais sexa o seu derradeiro informe diplomático. O primeiro de outubro, regresando a Madrid, enfermou gravemente en Casa la Reina, cerca de Haro, e alí morreu, no palacio do duque de Frías, o condestable don Xoán Fernández de Velasco que negociara as paces de 1694 con Inglaterra, sentindo sen dúbida a amargura de ver como se derrubaba o edificio ao que tanto amor e traballo dedicara durante anos²⁶⁰.

O pobo inglés estaba xordamente furioso cos fracasos do favorito, que tiña, con todo, tanta insolencia e seguridade en si mesmo que conseguiu que o rei convocase novo Parlamento en 1626, ao que estaba seguro de convencer na xustificación da súa conduta. A súa mudanza de fronte en política exterior a raíz do seu regreso de España atraéralle, sen dúbida, a simpatía dos puritanos pero non ata o extremo de dar por bos os seus

erros que tan desastradas consecuencias lle acarreaban ao país. O Parlamento fíxolle graves cargos e quen máis o atacou foi, precisamente, un antigo amigo seu, Sir John Eliot, indignado por todo canto fixera. Buckingham defendeuse como puido sen causar efecto nos seus oíntes. E entón xurdiu das sombras da súa reclusión en Sherborne, como unha pantasma shakesperiana, o conde de Bristol a quen ata entón se lle negara un xuízo público para defender o seu proceder²⁶¹.

30. A pugna entre Buckingham e Digby. O desenlace.

Digby pediulles aos seus pares que o xulgasen pero Carlos, para frustrar o intento, acusouno de traizón. En canto a Buckingham, os Comúns contentaríanse con que abandonase os seus cargos e posición; pero o rei negouse a aceptar tal proposta e non houbo máis remedio que formular unha acusación de tipo penal ante os lords. O rei ordenáralle ao *Attorney Xeral*, ou fiscal xeral, que presentase a acusación de traizón contra o conde de Bristol ao que se lle iniciou xuízo o 1 de maio de 1626. Non obstante, os lords non apoiaron ao rei neste intento e dispuxeron que os cargos do rei contra Digby e os formulados contra Buckingham examinaríanse ao mesmo tempo na Alta Cámara. Veu, pois, esta a coñecer dúas causas distintas, unha contra Digby e outra contra Buckingham²⁶².

Entrambas acusacións facían, ás veces, referencia a Gondomar. Digby acusou a Buckingham de terse combinado e conspirado en segredo con Gondomar para levar ao Príncipe a España a fin de facer que se convertese á “relixión romana para destruír máis facilmente a verdadeira relixión establecida en Inglaterra”. O primeiro –levar ao Príncipe a España– era, dende logo, certo; pero non que Buckingham se propuxese facer católico aínda que os españois, e Gondomar entre eles, pensasen que a viaxe podía ser o preludio da súa conversión²⁶³. No seu afán de defenderse, Digby non vacilaba en deixar en mal lugar ao seu amigo Gondomar, apelando á mentira pois nada proba –senón todo o contrario– que no proxecto da viaxe, Buckingham e Gondomar, se tivesen concertado para lograr que o Príncipe mudase de relixión. O que hai é que el creu que viñan dispostos a iso ao chegar de súpeto a España, pois, doutro xeito, non se explicaba tan singular aventura; e a verdade é que algúns pasos que deu facían verosímil esa errónea crenza.

Pola súa parte, Buckingham acusou a Digby de mostrarse sempre inclinado aos españois e ao catolicismo e presentou para probalo, o testemuño de Endymion Porter ao que Digby manifestaría en certa ocasión que o rei Xacobe debía facer “algo importante” para satisfacer aos españois na cuestión da relixión. Tamén afirmou Porter que Gondomar aseguráralle que Digby prometeu aos españois, en materia de relixión, máis concesións que as que o propio Gondomar se atrevera a pedir cando estaba en Inglaterra. Gondomar díxerlle a Porter, segundo este, que “tíñanme aquí en España por máis herexe que ao conde Bristol”. Porter referiuse tamén a unha conversa entre Buckingham e Gondomar na que el actuara de intérprete e na que Gondomar manifestara que Digby díxerlle “que era no corazón católico”²⁶⁴.

Como as cousas parecían porse feas para o seu amado Buckingham no dobre pro-

ceso ante os lords, o rei cortou polo dereito e dissolveu o Parlamento o 15 de xuño de 1626. E Digby foi enviado á Torre como prólogo a unha acusación ante a Cámara Estrelada. Pero como se temía que puidese haber revelacións un tanto incómodas, aproveitouse a circunstancia de ter caído enfermo para aprazar indefinidamente o proceso. Pola súa parte, Buckingham seguiu gozando da incommovible confianza do rei. En 1627 conduciu unha nova expedición a La Rochelle en axuda dos hugonotes que alí resistían a autoridade do rei de Francia e que tamén terminou en fracaso. En Marzo de 1628 inaugurábase un novo Parlamento que ao igual do anterior, mostrou desde o comezo gran resentimento cara ao favorito. Nunha *Remonstrance* ou exposición de queixas do 11 de xuño numerábanse as súas faltas e pedíase a súa destitución. E Carlos, coma sempre, respondeu disolvéndoo e enviou a Buckingham a Portsmouth con todos os honores para poñelo ao fronte dunha nova expedición naval a La Rochelle. Naquel porto, un tenente que se estimaba mal tratado, famento e sen un patacón, matouno dunha coitelada²⁶⁵.

No tocante a Digby, aínda seguirá dando xogo na política inglesa. Cando estoupou a guerra civil, permaneceu leal, a pesar de todo, ao rei Carlos e foi desterrado. Morreu en París en 1653.

31. Comentario final.

A actuación de Digby e Gondomar é claro exemplo do bo facer diplomático: cumprir, con habelencia e perseveranza, a función de amortecedor das tensións e oposicións entre os respectivos países sen caer en durezas nin branduras. E, ademais, supeditando os criterios ou puntos de vista persoais aos que marcan os seus representados. Ambos estaban convencidos de que, no xeral, a amizade das dúas coroas era o mellor para os seus países e por ese camiño marcharon da man. Cando se suscitaban rozaduras ou enfrontamentos, acudían a suprimilas ou amolecelas para que non sufrise o obxectivo fundamental. Cada cal defendeu os intereses do seu país con firmeza pero sen ofuscada teimosía.

No asunto da voda, “negocio principal”, levaron ambos a negociación con toda a habilidade posible, sobrepoñéndose ás súas opinións persoais ou inclinacións. Vían ambos as dificultades que presentaba naquel tempo un enlace entre persoas reais de diferente relixión. Non estaba Europa aínda madura para esas tolerancias. A flutuante liña de conduta que houbo de seguir Ana de Dinamarca, a muller de Xacobe, podía servir de precedente. E os incidentes polos que pasará máis tarde Henriqueta María como raíña de Inglaterra significaron unha posterior confirmación de tal aserto. Gondomar e Digby, saltándose as súas propias conviccións, actuaron como se iso fose posible. Por outra parte, non eran os matrimonios principescos daquela, e quizais nunca –a pesar do *Tu felix Austria nube*– unha prenda segura de harmonía e paz permanente entre os pobos e as dinastías. Moitos exemplos hai do contrario. Había pois un erro de apreciación non só nos embaixadores senón sobre todo, nos seus gobernos.

Fixeron canto puideron cun talento notorio pero, ao cabo, fracasaron porque os pre-supostos dos que partían –dos que lles facían partir- e as intencións últimas dos seus gober-

nos eran equívocas. Xogaron ben o seu xogo, eliminaron asperidades, arbitraron fórmulas enxeñosas, superando, adiantándose sobre o seu tempo, intransixencias e prexuizos. Gondomar censurará o rigorismo dos teólogos que, reclusos nas súas celas non saben o que pasa no mundo. Digby, pensará que o Príncipe, ao chegar a España, podería estar disposto a cambiar de relixión e non lle parecerá mal. Querían crear un clima de intelixencia, unha zona neutral onde ambas partes puidesen entenderse. Non o conseguiron.

E daquela viñeron os achaques. Culpouse a cada un de terse entregado á outra parte. Buckingham acusou violentamente a Digby de ter servido máis os intereses de España cós do seu país, e a consideración que mereceu das autoridades españolas pola súa corrección e boas maneiras chegou a ser tomada como traizón²⁶⁶.

E a Gondomar sucedeulle algo polo estilo. Por esa razón, cando o nomearon conselleiro de Estado, díxolle ironicamente, ao rei Filipe que estimaba moito que fixese a un inglés do seu Consello de Estado. E cando o seu fillo Antonio solicitou a Olivares certa mercede, o valido respondeulle que lla fose pedir ao rei de Inglaterra a quen servira ao seu pai. É o risco a que están expostos estes oficios de mediadores e compoñedores nos que andaron metidos egrexivamente os nosos dous diplomáticos²⁶⁷.

NOTAS

NOTAS

NOTAS

- ¹ Digby a Gondomar, Madrid, 18-X-1612, BP 2118, doc. 131.
- ² Tobío, L.: *Gondomar y su triunfo sobre Raleigh*, Vigo, 1974, 223.
- ³ Digby a Gondomar, Greenwich, 3-VI-1616, BP 2170, non fol.
- ⁴ Willson, D.H.: *King James VI and I*, Londres, 1956, 224, 227. DNB, art. "Digby, Sir John". Francisco de Xesús: *El hecho de tratados...*, ano 1611, BN 18381.
- ⁵ Gayangos, P. de: *D. Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar. Cinco cartas político-literarias*, Buenos Aires, 1943, 90.
- ⁶ Tobío, L.: "O erasmismo de Gondomar", *Grial*, 29, 137 (1970)
- ⁷ Gayangos, o.c., 87 s. Tobío, *Gondomar y Raleigh*, 123.
- ⁸ BP 2183, doc. 5.
- ⁹ DIE III, 125.
- ¹⁰ Loomie, A.J.: *Spain and the Jacobean Catholics*, I, 1973, xv.
- ¹¹ Gilles Porter, casado cunha dama española, era avó de Endymion Porter (o do retrato de e con Van Dyck que está no Prado) que foi paxe do conde de Olivares, pai do Conde-Duque, e tivo, ás veces, certa actuación nas relacións hispano-inglesas.
- ¹² Huxley, G.: *Endymion Porter. The Life of a Courtier, 1507-1640*, Londres, 1959, 27.
- ¹³ F de Xesús: o.c., ano 1611.
- ¹⁴ Tobío, *Gondomar y Raleigh*, 137.
- ¹⁵ Id., 236.
- ¹⁶ Id., 138.
- ¹⁷ BP 2183, doc. 5. Tobío, *Gondomar y Raleigh*, 138, 235 s. Willson, o.c., 283.
- ¹⁸ DNB, art. cit.
- ¹⁹ Loomie, A.J.: "Religion and Elisabethan Commerce with Spain", *Catholic Historical Review*, 50, 48, 1964.
- ²⁰ Loomie, *Spain and the Jacobean Catholics*, II, 1978, xiv.
- ²¹ Loomie, A.J.: "Gondomar's English Catholic Adviser", *Recusant History*, 11, 47, 1971.
- ²² Tobío, *Gondomar y Raleigh*, 126, 271.
- ²³ Id., 272 s.
- ²⁴ Id., 230, 237.
- ²⁵ Id., 239.
- ²⁶ Dona Constanza a Gondomar, Madrid, 17-X-1612, BP 2118, doc. 126.
- ²⁷ Digby a Gondomar, Madrid, 18-X-1612, BP 2118, doc. 131.
- ²⁸ Tobío, *Gondomar y Raleigh*, 242 ss. Gondomar a Osuna, Londres, 5-IX- 1613, BP 2168, fol. 20 v.
- ²⁹ Tobío, *Gondomar y Raleigh*, 244. Gondomar a Calderón, 29-I- 1613, BP 2158, non fol.
- ³⁰ Gondomar a Digby, Londres, 6-IX- 1613, BP 2163, fol. 4 v.
- ³¹ DIE III, 125. Gondomar a Valle, Londres, 6-X-1613, BP 2168, fol. 10 s.
- ³² BP 2170, non fol.
- ³³ Digby a Gondomar, Madrid, 22-V-1613, BP 2170, non fol.
- ³⁴ Gondomar a Digby, Londres, 6-IX-1613, BP 2168, fol. 4 v. Gondomar a Valle, Londres, 6-X-1613, id., fol. 10 s.
- ³⁵ Carter, Ch. H.: *The Secret Diplomacy of the Habsburgs, 1598-1625*, Nova York, 1966, 129. DNB, art. cit. Loomie, "Gondomar 's English Catholic Adviser", 51. Mattingly, G.: *Renaissance Diplomacy*, Londres, 1965, 248 s.
- ³⁶ DIE III, 125.
- ³⁷ Gondomar a Calderón, Londres, 28-XI- 1613, BP 2168, fol. 35. DIE III, 266; IV, 36 s, 227.
- ³⁸ Gondomar a Digby, Londres, 6-IX-1613, id., fol. 4 v.
- ³⁹ Dovalle a Gondomar, Madrid, 10-XI-1613, BN 18419, non fol.

- 40 Id., non fol.
- 41 DIE IV, 36.
- 42 Nota de Gondomar nunha carta de Dovalle a el, Madrid, 19-X-1614, BN 18419, non fol.
- 43 Digby a Gondomar, Madrid, 13-IV-1615; 10-VII-1615, BP 2170, non fol.
- 44 Digby a Gondomar, Stanes, 4-VII-1617, BP 2170, non fol. DIE I, 75.
- 45 Digby a Gondomar, Madrid, 24-I-1618, BP 2170, non fol.
- 46 Dovalle a Gondomar, Madrid, 10-XI-1613, BN 18419, non fol.
- 47 Tobío, *Gondomar y Raleigh*, 302 s.
- 48 Digby a Gondomar, Londres, 6-V-1614, BP 2170, non fol. DIE IV, 61, 227.
- 49 DIE III, 238 s. DNB, art. cit.
- 50 DIE IV, 44.
- 51 Digby a Gondomar, Madrid, 20-III-1614, BP 2170, non fol.
- 52 DIE IV, 44.
- 53 Gondomar a Añover, Londres, 17-IV-1614, BP 2168, fol. 148. Gondomar a Girón, Londres, 10-IV-1614, id., fol. 140.
- 54 Dovalle a Gondomar, Madrid, 20-III-1614, BN 18419, non fol.
- 55 DIE IV, 44 ss.
- 56 Id., 44.
- 57 DIE III, 281; IV, 185 ss.
- 58 Digby a Gondomar, Londres, 6-V-1614, BP 2170, non fol.
- 59 Id., a id., Londres, 7-V-1614, BP 2170, non fol.
- 60 DIE IV, 188.
- 61 Gondomar a Hurtado de Mendoza, Londres, 10-V-1614, BP 2168, fol. 163.
- 62 DIE IV, 227.
- 63 Digby a Gondomar, "De Casa", 30-V-1614, BP 2170, non fol.
- 64 Tobío, *Gondomar y Raleigh*, 134, DIE IV, 183.
- 65 DIE IV, 183 s., 190 s.
- 66 Digby a Gondomar, "De Casa", 30-V-1614, BP 2170, non fol.
- 67 DIE IV, 227.
- 68 Gondomar a Calderón, Londres, 16-VIII-1614, BP 2168, fol. 243 v.
- 69 Gondomar a Hurtado de Mendoza, Londres, 10-V-1614, BP 2163, fol. 163.
- 70 Huxley, o.c., 143 s.
- 71 DNB, art. cit.
- 72 DIE IV, 177 ss.
- 73 DIE IV, 227.
- 74 DIE IV, 254.
- 75 Digby a Gondomar, Lisboa, 26-XI-1614, BP 2170, non fol.
- 76 Digby a Gondomar, Madrid, 13-I-1615, id.
- 77 Digby a Gondomar, Madrid, 8-III-1615, id.
- 78 Digby a Gondomar, Madrid, 13-IV-1615, id.
- 79 BP 2170, non fol. Tobío, *Gondomar y Raleigh*, 330, 335 ss, 345.
- 80 Dovalle a Gondomar, Madrid, 24-II-1616, BN 18419, non fol.
- 81 BN 18419, non fol.
- 82 Id.
- 83 Gibbs, Ph.: *Una vida romántica. El duque de Buckingham y su época*. Tr. esp., Madrid, s. f., 49.
- 84 DNB, art. cit.
- 85 Gibbs, o.c., 56. DNB, art. cit. Quinn, D.B.: *Raleigh and the British Empire*, Londres, 1947, 135, 147. Tobío, *Gondomar y Raleigh*, 23, 132 s.
- 86 DIE I, 81 s.
- 87 BN 18419, non fol.
- 88 Gayangos, o.c., 109 s.
- 89 Id., 107, 110.
- 90 Digby a Gondomar, Greenwich, 4-VI-1616; 13-VI-1616; 1-VII-1616; 8-VII-1616; Theobalds, 24-VII-1616; Havering, 25-IX-1616; 4-X-1616, BP 2170, non fol.
- 91 DNB, art. cit. Loomie, *Spain II*, 94, nota 1.

- 92 DIE I, 77.
- 93 Id., 80 s.
- 94 Id., 82 s.
- 95 BP 2170, non fol.
- 96 DNB, art. cit.
- 97 DIE I, 96. F. de Xesús, o.c., ano 1617.
- 98 Chudoba, B.: *España y el Imperio*, Tr. esp., Madrid, 1963, 342.
- 99 Digby a Gondomar, Burgos, 17-X-1617, BP 2170, non fol.
- 100 DIE I, 102, 121 s, 125, 135.
- 101 Id., 104, 115, 126.
- 102 Id., 151, 123.
- 103 Id., 78, 151, 122 s.
- 104 F. de Xesús, o.c., ano 1617.
- 105 Digby a Gondomar, Madrid, 16-12-1617; 24-I-1618, BP 2170, non fol.
- 106 DIE I, 187 s, 194, 202.
- 107 Id., 200.
- 108 F. de Xesús, o.c., ano 1618. Digby a Gondomar, Madrid, 22-III-1618, BP 2170, non fol. DIE I, 202, 219.
- 109 DIE I, 218.
- 110 Digby a Gondomar, Madrid, 24-I-1618, BP 2170, non fol. DIE I, 218.
- 111 Digby a Gondomar, Madrid, 22-III-1618, BP 2170, non fol.
- 112 F. de Xesús, o.c., ano 1618.
- 113 Digby a Gondomar, Madrid, 2-IV-1618, BP 2170, non fol.
- 114 DIE I, 318.
- 115 Id., 293 ss.
- 116 BP 2170, non fol.
- 117 DIE I, 298 ss.
- 118 Digby a Gondomar, “de Casa”, 13-V-1618. BP 2170, non fol. Willson, o.c., 400 s. O exemplar aludido consérvase en BP 2170.
- 119 Digby a Gondomar, s. l., 1-VII-1618, BP 2170, non fol.
- 120 Pérez Bustamante, C.: *El Conde de Gondomar y su intervención en el proceso, prisión y muerte de Sir Walter Raleigh*, Santiago, 1928, 137 s.
- 121 Digby a Gondomar, Londres, 2-VIII- 1618, BP 2170, non fol.
- 122 Esta carta, escrita en latín, publicouse por Loomie, A.J.: “Bacon and Gondomar: An Unknown Link in 1618”, *Renaissance Quarterly*, vol. XXI, 1, 1968.
- 123 DIE I, 313, Loomie, “Bacon”, 1.
- 124 Tobío, *Gondomar y Raleigh*, 387.
- 125 Id., 376 ss, 259.
- 126 Digby a Gondomar, Sherborne, 6-IX-1618, BP 2170, non fol. DNB, art. cit. La Fuente a Gondomar, Londres, 12-X-1618, BP 551, fol. 6.
- 127 Mathew a Gondomar, “de casa do señor chanceler”, 30-X-1618, BP 2160, fol. 55.
- 128 DIE II, 71 ss, 85 s, 94 s.
- 129 Id., 95 s.
- 130 Id., 97, 108 s, 152.
- 131 Id., 131 ss.
- 132 Id., 111.
- 133 Id., 166.
- 134 Digby a Gondomar, Londres, 12-XII-1618, BP 2170, non fol.
- 135 DIE II, 118 ss.
- 136 Tobío, *Gondomar y Raleigh*, 254. DIE II, 121 ss, 113, 117, 128.
- 137 DIE II, 127 s.
- 138 Digby a Gondomar, Londres, 20-3-1619, BP 2170, non fol.
- 139 Gondomar a Mirabel, Londres, 6-III-1622, BP 2108, fol. 23.
- 140 BP 2170, non fol.
- 141 DIE II, 147.
- 142 W. Lake a Gondomar, s.f., 1619?, BP 2160, doc. 4.

- ¹⁴³ La Fuente a Gondomar, Londres, 11-4-1619, BP 551, fol. 119 v.
- ¹⁴⁴ La Fuente a Gondomar, Londres, 11-IV-1619; 26-V-1619, BP 551, fols. 120 v, 140 v.
- ¹⁴⁵ DIE II, 124.
- ¹⁴⁶ Id., 167.
- ¹⁴⁷ Id., 167 s, 171.
- ¹⁴⁸ Id., 127, 168.
- ¹⁴⁹ Id., 168 ss.
- ¹⁵⁰ Id., 176 s.
- ¹⁵¹ Id., 180.
- ¹⁵² Id., 190 s.
- ¹⁵³ Id., 198.
- ¹⁵⁴ Id., 200.
- ¹⁵⁵ Id., 203.
- ¹⁵⁶ Id., 247.
- ¹⁵⁷ Id., 207 s.
- ¹⁵⁸ Id., 205 ss, 208.
- ¹⁵⁹ Id., 209 ss, 216. BP 2191, fol. 3.
- ¹⁶⁰ DIE II, 213 s.
- ¹⁶¹ Id., 230, 236 s, 320.
- ¹⁶² Ciriza a Gondomar, Madrid, 4-I-1620, BP 2191, fol. 19. DIE II, 239, 237.
- ¹⁶³ DIE II, 241, 244 s. Nodal a Gondomar, Madrid, 6-I-1620, BN 18422, fol. 6. Ciriza a Gondomar, Madrid, 27-I-1620, BP 2191, fol. 20. Dona Constanza a Gondomar, Madrid, s. f. (dúas cartas), BP 2132, non fol.
- ¹⁶⁴ DIE II, 254.
- ¹⁶⁵ Id., 256.
- ¹⁶⁶ Id., 258.
- ¹⁶⁷ La Fuente a Gondomar, Londres, 11-IV-1619, BP 551. fol. 120 v.
- ¹⁶⁸ DIE II, 261 s.
- ¹⁶⁹ Id., 262 ss.
- ¹⁷⁰ Mirabel a Gondomar, París, 13-I-1622, BN 18428, non fol. La Fuente aludía en carta a Gondomar do 11-IV-1619, á orde que lle dera de “que non digamos que vén con esa embaixada extraordinaria aínda que isto xa o entenderon algúns polo que de alá se escribiu”; e noutro lugar: “porque como a V. S. vén como embaixador extraordinario... poderá ser que estea aquí pouco”. (BP 551, fol. 120 v.). O propio Gondomar chamábase “embaixador extraordinario en Alemaña e Inglaterra” o 7-VII-1620 no título de capelán de San Bieito o Vello de Valladolid que outorgou a favor de Diego de Santana (BN 18423, fol. 78).
- ¹⁷¹ Loomie, *Spain* II, xiii, xx.
- ¹⁷² DIE II, 266 ss.
- ¹⁷³ DIE III, 86. BP 2108, fol. 68 s.
- ¹⁷⁴ DIE II, 310 ss.
- ¹⁷⁵ Id., 314 s.
- ¹⁷⁶ Esta casa dos Pereiras debe ser a famosa das Sete Chemineas na que xa vivira o embaixador Cornwallis ata a súa partida en 1609 e que en 1620, precisamente, acababa de deixar don Gaspar de Guzmán, o futuro Conde-Duque. Navarro Latorre, J.: *La casa de las Siete Chimeneas*, Madrid, 1970, 20 ss..
- ¹⁷⁷ Troncoso a Gondomar, Madrid, 14-IV-1620; 15-IV-1620, BN 18425, non fol.
- ¹⁷⁸ Cottington a Gondomar, Madrid, 14-IV-1620, BN 18422, fol. 62.
- ¹⁷⁹ Aston a Gondomar, Madrid, 14-IV-1620; 4-V-1620, BN 18422, fols. 64, 82.
- ¹⁸⁰ DIE II, 293 ss.
- ¹⁸¹ Id., 313, 343.
- ¹⁸² Filipe III a Gondomar, Madrid, 10-XII-1620, BP 2191, fol. 78.
- ¹⁸³ DNB, art. cit. Willson, o.c., 275 s. DIE III, 159. O 1 de abril de 1622 escribiulle Gondomar a Filipe IV que Xacobe dixéralle que os holandeses “eran uns rebeldes galopíns, inventores de testemuños e que a el levantábanllos cada día... contándome casos particulares das ruindades desa xente”. BP 2108, doc. 48.
- ¹⁸⁴ Willson, o.c., 144.
- ¹⁸⁵ Filipe III a Gondomar, Madrid, 20-X-1620, BP 2191, fol. 65.
- ¹⁸⁶ Alberte a Filipe III, Bruxelas, 28-XII-1620, BP 2191, fol. 90. Bedmar a Filipe III, Bruxelas, 29-XII-1620, id., fol. 93.

- 187 Filipe III a Gondomar, Madrid, 4-II-1621, BP 2191, fol. 88. Bedmar a Filipe III, Bruxelas, 29-XII-1620, id., fol. 93.
- 188 Gondomar a Filipe IV, Londres, 1-IV-1622, BP 2108, doc. 48. Id. a id., Londres, 2-I-1622, id., doc. 112.
- 189 Turner, O.: "La segunda embajada de don Carlos Coloma a Inglaterra y la paz angloespañola de 1630", *Estudios de Historia Moderna*, II, Barcelona, 1952, 151.
- 190 Willson, o.c., 415.
- 191 Wedgwood, C.V.: *The Thirty Years War*, Londres, 1963, 103 ss. Carter, o.c., 235 s.
- 192 Wedgwood, I. c. Carter, o.c., 182 ss, 187.
- 193 Carter, o.c., 198 ss.
- 194 Alberte a Gondomar, Bruxelas, 18-II-1621, BP 2191, fol. 102.
- 195 Alberte a Gondomar, Bruxelas, 18-III-1621, id. fol. 111.
- 196 Filipe III a Gondomar, Madrid, 8-III-1621, BP 2191, fol. 104. DNB, art. cit.
- 197 Wedgwood, o.c., 147 ss. DNB, art. cit. Revill, Ph. e Steer, FN.: "George Gage I and George Gage II", *Bull. Instit. Historic. Research*, 31, 143 ss. 1958. DIE II, 216.
- 198 Gondomar a Alburquerque, Londres, 7-XII-1621, BP 2108, doc. 99.
- 199 DNB art. cit. Gondomar a Isabel Clara Euxenia, Londres, 1-I-1622, BP 2108, doc. 103.
- 200 BP 2170, non fol.
- 201 Filipe IV a Xacobe I, Madrid, 23-XII-1621, BP 2170, non fol. Id. a Isabel Clara Euxenia, Madrid, 28-XII-1621, id. Isabel Clara Euxenia a Gondomar, Bruxelas, 2-II-1622, id.
- 202 Troncoso a Gondomar, Madrid, 21-X-1621, BN 18425, non fol.
- 203 Uceda a Gondomar, Madrid, 11-XII-1620, BP 2191, fol. 82.
- 204 Troncoso a Gondomar, Madrid, 21-I-1621; 16-II-1621; 18-X-1621; 21-X-1621; 26-XI-1621; 6-XII-1621, BN 18425, non fol.
- 205 Troncoso a Gondomar, Madrid, 23-XII-1621, BN 18425, non fol.
- 206 Gondomar a Filipe IV, Londres, 1-I-1622, BP 2103, doc. 104.
- 207 Gondomar a Ciriza, Londres, 2-I-1622, BP 2108, doc. 108.
- 208 Ciriza a Gondomar, Madrid, 5-II-1622, BP 2170, non fol.
- 209 Filipe IV a Gondomar, Madrid, 15-III-1622, BP 2170, non fol. Ciriza a Gondomar, Madrid, 5-II-1622, id.
- 210 Gondomar a Filipe IV, Londres, 31-I-1622, BP 2108, doc. 119
- 211 Gondomar a Isabel Clara Euxenia, Londres, 14-II-1622, BP 2108, doc. 122.
- 212 Gondomar a Zúñiga, Londres, 30-III-1622, BP 2108, doc. 38.
- 213 DNB, art. cit. Gondomar a Filipe IV, Londres, 30-III-1622; 2-I-1622; 1-IV-1622; BP 2108, docs.39, 112, 48.
- 214 Ciriza a Gondomar, Madrid, 23-IV-1622, BP 2191, fol. 1.
- 215 Navarro Latorre, o.c., 13.
- 216 Id., 19.
- 217 Gondomar a Ciriza, Londres, 2-I-1622, BP 2108, doc. 108.
- 218 Gondomar a Zúñiga, Londres, 16-V-1622, BP 2108, doc. 62.
- 219 Gondomar a Ciriza, Londres, 16-V-1622, BP 2108, doc. 63.
- 220 Gondomar a Filipe IV, Londres, 16-V-1622, BP 2108, doc. 64. Sánchez Cantón, F.J.: *Don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar*, Madrid, s. a., 51.
- 221 Gondomar a Filipe IV, Portsmouth, 8-VI-1622, BP 2108, doc. 69.
- 222 Gondomar a Filipe IV, Baiona, 22-VI-1622, BP 2108, doc. 70. Gondomar a Ciriza, Baiona, 22-VI-1622, id., doc. 71. Gondomar a Zúñiga, Baiona, 22-VI-1622, id., doc. 75.
- 223 Gondomar a Ciriza, Valladolid, 27-VII-1622, BP 2108, doc. 72.
- 224 Gondomar a Filipe IV, Londres, 1-I-1622, BP 2108, doc. 104. Gondomar a Isabel Clara Euxenia, Londres, 22-IV-1622, id., doc. 56. Gondomar a Filipe IV, Portsmouth, 8-VI-1622, id., doc. 69.
- 225 Sánchez Cantón di que foi en xullo o.c., 51 e Francisco de Xesús sinala que foi o 26 de outubro. Non cremos exacta esta data se o 29 de xullo safu de Valladolid, como dixo, dereito a Madrid.
- 226 Coloma a Filipe IV, Londres, 14-I-1623, BP 2198, fol. 34.
- 227 Wedgwood, o.c., 141, ss.
- 228 F de Xesús, anos 1622, 1623.
- 229 S. Cantón, o.c. 57. Ramírez de Villa-Urrutia, N.: *La embajada del conde de Gondomar a Inglaterra en 1613*, Madrid, 1913, 68 s.
- 230 Sánchez Cantón, o.c., 54 s.
- 231 F de Xesús, o.c., ano 1623. S. Cantón o.c., 55. DIE II, 231, 173. Sotomayor a Gondomar, Almada, 25-V-1619, BP 2140, non fol.

- ²³² F de Xesús, o.c., ano 1623.
- ²³³ Gibbs, o.c., 165, 180, 162. F de Xesús, o.c., ano 1623.
- ²³⁴ F de Xesús, l.c.
- ²³⁵ S. Cantón, o.c., 54. BP 2191, fol. 13.
- ²³⁶ F de Xesús, l. c. Hinojosa a Filipe IV, Londres, 20-IX-1623, BN 10467, doc. 77. Gibbs, o.c., 183.
- ²³⁷ F de Xesús, l.c. Puyuelo Salinas, C.: *Carlos de Inglaterra en España*, Madrid, 1962, 222 s, 227 ss. Gibbs, o.c. 185. Hinojosa a Filipe IV, Londres, 6-X-1623; 20-X-1623, BN 10467, fols. 89 v, 97.
- ²³⁸ Gibbs, o.c., 183 ss. Puyuelo, o.c., 221 ss. S. Cantón, o.c., 55. Casado Soto, J.L.: *Cantabria vista de los siglos XVI y XVII*, Logroño, 1980, 65 ss.
- ²³⁹ Hinojosa a Olivares, Londres, 16-X-1623, BN 10467, fol. 94. Hinojosa a Filipe IV, Londres, 17-X-1623, id., fol. 95 v.
- ²⁴⁰ Hinojosa a Filipe IV, Londres, 18-XI-1623; 26-XI-1623, BN 10467, fols. 114, 122.
- ²⁴¹ F de Xesús, o.c., ano 1623. Hinojosa a Filipe IV, Londres, 15-XII-1623, BN 10467, fol. 142 v.
- ²⁴² Gibbs, o.c., 187. F de Xesús, o.c., ano 1623.
- ²⁴³ Hinojosa a Filipe IV, Londres, 8-II-1624; 5-V-1624, BN 10467, fols. 186, II 53 v, 69.
- ²⁴⁴ Hinojosa a Filipe IV, Londres, 29-XII-1623, BN 10467, fol. 151 v.
- ²⁴⁵ Id. a id., 18-XI-1623, BN 10467, fol. 114. "Copia do que pasou o provincial da Compañía". Id., fol. III 35 v.
- ²⁴⁶ Hinojosa a Filipe IV, 24-XI-1623, BN 10467, fol. 121 v.
- ²⁴⁷ Gibbs, o.c., 162, 189. DNB art. cit. Rodríguez-Moñino, R.: *Razón de Estado y dogmatismo religioso en la España del siglo XVII*, Barcelona, 1976, 191.
- ²⁴⁸ Hinojosa a Filipe IV, Londres, 18-XII-1623, BN 10467, fol. 144. Id. a Olivares, Londres, 25-XII-1623, id., fol. 145 v. Id. a Mirabel, Londres, 30-XII-1623, id., fol. 154.
- ²⁴⁹ Hinojosa a Digby, Londres, 30-XII-1623, BN 10467, fol. 153. Id. a Filipe IV, Londres, 2-I-1624, id., fol. 155 v. Id. a Olivares, Londres., 8-I-1624, id., fol. 159. Hinojosa a Filipe IV, Londres, 9-I-1624, id., fol. 160 v. F de Xesús, o.c., ano 1624. Hinojosa a Digby, Londres, 31-I-1624, BN 10467, fol. 181 v.
- ²⁵⁰ Hinojosa a Filipe IV, Londres, 5-XII-1623, BN 10467, fol. 131 v. Hinojosa a Olivares, Londres, 31-I-1624, id., fol. 180.
- ²⁵¹ Hinojosa a Filipe IV, Londres, 23-II-1624, BN 10467, fol. 193.
- ²⁵² Houston, S. J.: *James I*, Hong Kong, 1976, 91. Gibbs, o.c., 199 ss. Hinojosa a Filipe IV, Londres, 20-II-1624, BN 10467, fol. 194 v. Hinojosa a Mirabel, Londres, 27-II-1624, id., fol. II 1. Hinojosa a Filipe IV, Londres, 7-III-1624, id., fol. II 3 v. Hinojosa a Digby, Londres, 7-III-1624, id., fol. II 3. Hinojosa a Filipe IV, Londres, 8-II-1624, id., fol. 186.
- ²⁵³ Hinojosa a Filipe IV, Londres, 17-III-1624; 20-III-1624, BN 10467, fols. II 16 v, 21. Hinojosa a Olivares, Londres, 20-III-1624, id., fol. II 22. Hinojosa a Filipe IV, Londres, 26-III-1624; 3-IV-1624, id., fol. II 23, 25 v.
- ²⁵⁴ DNB, art. cit. F de Xesús, o.c., ano 1624. BN 18428, non fol. Esta carta non leva data nin sinatura, sen dúbida porque foron cortadas ao encadernar o cartapacio, pero é seguro que a escribiu Digby.
- ²⁵⁵ Hinojosa a Filipe IV, Londres, 30-V-1624, BN 10467, fol. II 63 v.
- ²⁵⁶ Sánchez Cantón, o.c., 57 ss.
- ²⁵⁷ DNB art. cit. Gibbs o.c., 190. Hinojosa a Filipe IV, Londres, 30-V-1624, BN 10467, fol. II 69.
- ²⁵⁸ Hinojosa a Filipe IV, Londres, 19-VI-1624, BN 10467, fol. II 87. Hinojosa a Filipe IV, Londres, 29-VI-1624, id., fol. II 97. Hinojosa a Olivares, 5-VII-1624, id. fol. II 100.
- ²⁵⁹ Gibbs, o.c., 205 ss. Trevelyan, G.M.: *England under the Stuarts*, Londres, 1972, 124 s. Sánchez Cantón, o.c., 57 ss.
- ²⁶⁰ Trevelyan, o.c., 126 ss. Gibbs, o.c., 233 s. Sánchez Cantón, o.c., 57 ss. Ródenas Vilar, R.: *La política europea en España durante la guerra de Treinta Años*, Zaragoza, 1967, 64. Castroviejo, J.M. e Fernández de Córdoba, F P.: *El conde de Gondomar...*, Madrid, 1967, 211 ss.
- ²⁶¹ DNB, art. cit. Gibbs, o.c., 240 ss. Trevelyan, o.c., 129 s.
- ²⁶² Trevelyan, l. c. Gibbs, l.c. DNB, art. cit.
- ²⁶³ Huxley, o.c., 142.
- ²⁶⁴ Id., 143 s.
- ²⁶⁵ DNB art. cit. Trevelyan, o.c., 138. Gibbs, o.c., 290, 298 ss.
- ²⁶⁶ Gibbs, o.c., 188, 250. Rodríguez-Moñino, o.c., 202.
- ²⁶⁷ Sánchez Cantón, o.c., 55.

Índice

1. O nacemento dunha amizade	9
2. Digby, embaixador en Madrid	9
3. Gondomar, embaixador en Londres	12
4. Relacións entre os dous embaixadores.....	15
5. Digby volve a Inglaterra.....	18
6. Contactos entre Digby e Gondomar en Inglaterra.....	20
7. Digby enviado por segunda vez a España	22
8. Novo regreso de Digby á súa patria	24
9. Digby en España outra vez	26
10. Gondomar pon fin á súa primeira embaixada.....	31
11. Gondomar en Madrid.....	35
12. Segunda embaixada de Gondomar a Inglaterra	40
13. Entrevistas con Xacobe I.....	45
14. Aston, embaixador ordinario en Madrid.....	46
15. Empeoramento das relacións anglo-españolas	47
16. O plan de partición de Holanda	48
17. Os problemas do Palatino.....	50
18. Xestións de Digby en Bruxelas e Viena	51
19. Gondomar quere regresar a España	54
20. Digby volve a España	56
21. Partida de Gondomar	59
22. O príncipe Carlos e Buckingham en Madrid	61
23. Fracasan os tratos para a voda.....	62
24. Carlos e Buckingham marchan.....	64
25. Buckingham contra España	66
26. Digby cae en desgracia	68
27. Buckingham ataca no Parlamento.....	70
28. Digby retorna a Inglaterra.....	72
29. Terceira embaixada, non cumprida, de Gondomar a Inglaterra. A súa morte	74
30. A pugna entre Buckingham e Digby. O desenlace.....	76
31. Comentario final.....	77
Notas.....	79